

## **PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 17 (2ª PARTE)**

### **SESION ORDINARIA DO 8 DE SETEMBRO DE 2011**

#### **ASISTENTES**

##### **POLO GRUPO MPAL. DO PSdeG-PSOE**

Excmo. Sr. Alcalde  
Abelairas Rodríguez, Isaura  
Díaz Vázquez, Raquel  
Fernández Pérez, José Manuel  
Lago Rey, M<sup>a</sup> Jesús  
López Font, Carlos  
Regades Fernández, David  
Rivas González, Angel  
Rodríguez Díaz, Santos Héctor  
Rodríguez Escudero, Cayetano  
Silva Rego, M<sup>a</sup> Carmen

##### **POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG**

Alonso Pérez, Fco. Xabier  
Domínguez Olveira, Santiago  
Velooso Ríos, Iolanda M<sup>a</sup>

##### **POLO GRUPO MPAL. PARTIDO POPULAR**

Álvarez Pérez, José Luís  
Araújo Pereira, Marcos  
Bernárdez de Dios, Antonio  
Bravo Bosch, M<sup>a</sup> José  
Cendón Alonso, M<sup>a</sup> Teresa  
Egerique Mosquera, Teresa  
Fidalgo Iglesias, Miguel  
Figueroa Vila, José M.  
Iglesias Bueno, Marta  
Larriba Leira, M<sup>a</sup> Elvira  
López-Chaves Castro, Ignacio J.  
Porro Martínez, M<sup>a</sup> Corina  
Relova Quinteiro, Roberto F.

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás oito horas e trinta e sete minutos do día oito de setembro do ano dous mil once, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Bernárdez de Dios, Bravo Bosch, Cendón Alonso, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Egerique Mosquera, Fernández Pérez, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Iglesias Bueno, Lago Rey, Larriba Leira, López Font, López-Chaves Castro, Porro Martínez, Regades Fernández, Relova Quinteiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e Velooso Ríos, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno

da Excm. Corporación en sesión ORDINARIA CORRESPONDENTE AO MES DE AGOSTO, conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Juan Ramón González Carnero.

INTERVENCIÓN DA PRESIDENCIA: Bos días, señoras e señores concelleiros, iniciamos o Pleno número 17, consecuencia da paralización do Pleno anterior por circunstancias de ausencia de contexto para poderen continuar o Pleno daquela, convocado por orde do día para hoxe ás 8:30 minutos.

Na Xunta de Voceiros fíxose un pedimento aceptado pola Presidencia de que no último punto da orde do día deste Pleno comparecese a presidenta do Comité de Empresa dos colexios públicos de Vigo, D<sup>a</sup> Julia Reboreda Barcia, que foi onte comunicada en previsión de que este Pleno acordara introducir ese punto por consenso dos grupos.

Adicionalmente e de acordo co ditame do secretario, tomei medidas para que este Pleno non se volva suspender polas mesmas persoas que concorreron no anterior e que dan continuada mostra de vocación de romper este Pleno. Polo tanto e para garantir as condicións e de acordo co ditame do secretario, suspéndese a posibilidade de entrada de todas aquelas persoas que participaron segundo o informe policial no anterior Pleno.

Continuamos no punto onde o deixamos, punto 3.2. Ábranse as portas.

## **PARTE RESOLUTIVA**

### **3.- DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:**

#### **ECONOMÍA, FACENDA E EDUCACIÓN**

3.2.- (157).- DAR CONTA DA EXECUCIÓN ORZAMENTARIA DO PRIMEIRO SEMESTRE DE 2011. EXPTE. 101813/140 (267/1101).

ANTECEDENTES.- Segundo se sinala no informe de data 11 de xullo de 2011,

emitido polo interventor xeral municipal:

“En cumprimento do previsto no artigo 207 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, Regra 105 da ORDEN EHA 4041/2004, do 23 de novembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de Contabilidade Local, a Base 3ª das de Execución Orzamentaria para o ano 2011, normativa que regula a periodicidade de remisión de información ao Pleno sobre a execución orzamentaria, establece que “Trimestralmente, a Intervención Xeral Municipal ou o órgano que teña atribuída a función de contabilidade, remitiralle ao Pleno da Corporación, por conduto da Alcaldía-Presidencia, información da execución dos orzamentos dos estados de gastos e ingresos e do movemento da Tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias e da súa situación”.

A información que se remite corresponde ao primeiro semestre do ano, recollendo nos citados estados o rexistro dos feitos contables ata o 30 de xuño de 2011, aínda que pode haber algún ingreso que se producise efectivamente nos últimos días do mes de xuño que no foi obxecto de rexistro contable na Tesourería por razóns de operatividade ou por descoñecerse a súa procedencia, estando polo tanto pendente a súa aplicación e que se reflectirá nos estados correspondentes o terceiro trimestre.

A información orzamentaria confórmaa un resumo por capítulos da liquidación dos estados do orzamento de gastos e ingresos, tanto a nivel económico como por fases contables, así como o gráfico representativo da situación á data referenciada.

En canto aos estados que recollen os movementos de tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias e a súa situación, remítense o estado de tesourería recollendo o saldo inicial, cobros, pagos e saldo final.

Remítense igualmente os estados non orzamentarios de tesourería tanto de debedores, acredores e partidas pendentes de aplicación, na que se reflicte a situación inicial, cobros e pagos así como a situación final.<sup>1</sup>

Achégase o estado de recadación do exercicio corrente e pechados.

En canto aos estados consolidados, a información orzamentaria confórmaa un resumo por capítulos da liquidación dos estados do orzamento de gastos e ingresos, tanto a nivel económico como por fases contables, así como o gráfico representativo da situación á data referenciada.

As institucións consolidadas son: A Entidade Local, o organismo autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo, Parque das Ciencias VigoZoo, Instituto Municipal dos Deportes e Escola Municipal de Artes e Oficios.

---

1 Os documentos a que se refire o Sr. Interventor xeral atópanse no expediente debidamente dilixenciados por esta Secretaría Xeral do Pleno.

Achégase igualmente un estado consolidado relativo a recadación e pagos tanto do orzamento corrente como de pechados.

Sen prexuízo do informado con ocasión da liquidación orzamentaria do 2010 e ó orzamento do ano en curso ó cal me remito, compre subliñar agora que a situación financeira correspondente os organismos autónomos Xerencia Municipal de Urbanismo e Instituto Municipal dos Deportes, xa se ven advertindo que pódense presentar problemas de liquidez no último trimestre do ano. A liquidación orzamentaria dos mesmos correspondente ao exercicio 2010, arroxou un remanente de tesourería para gastos xerais negativo no caso da Xerencia de Urbanismo e un resultado orzamentario tamén negativo no Instituto Municipal dos Deportes, sendo necesario adoptar medidas orzamentarias para facer fronte a ambas situacións, non sendo posible a redución do orzamento do estado de gastos para dar cobertura o déficit xerado polo remanente de tesourería negativo, ou de xerar unha maior liquidez ca prevista nos estados de ingresos orzamentarios, máis ben, é posible co resultado tanto en termos de dereitos recoñecidos como de recadación estea por debaixo das previsións de ingresos anuais nos dous organismos.

Estes desaxustes nos ingresos en ambos organismos, poden xerar unha situación extraordinaria de falla de liquidez na derradeira parte do ano, que non se manifestou ata agora por terse suplido coa achega ordinaria municipal, transferíndose xa a totalidade dos recursos previstos para todo o ano.”

A comisión informativa de Economía, Facenda e Educación tomou coñecemento de todo anterior na súa sesión do 29 de agosto de 2011.

DEBATE.- SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Non me vou repetir. No pasado Pleno xa demos conta do Estado de Execución deste segundo semestre que se refería precisamente a ese cuarto orzamento que se aprobou de forma conxunta co Partido Popular e co Bloque e que se executou neses seis primeiros meses. O orzamento final foi de 265 millóns neses seis meses, un 56% do orzamento xa estaba executado, un 47% dos investimentos tamén executados, un 54% das axudas concedidas, o 99% dos pagamentos realizados; 22 millóns de euros en obras realizadas e 18 millóns de euros en axudas. Eses son os datos fundamentais do Estado de Execución.

Os feitos están na rúa e non me vou estender máis. Vaíamos pola rúa que vaíamos podemos falar de parques infantís, de bio-saudables, do Casco Vello; podemos falar de humanizacións por todos os barrios. Os datos son estes e as

realidades tamén están aí.

SRA. BRAVO BOSCH: O outro día a concelleira de Economía e Facenda entre outras cousas, cando falaba do Partido Popular dicía que as bolsas de inglés non existían. Maxino que se refería a Educación e non á Dirección Xeral de Xuventude que hai moitos anos que ten estas bolsas e axuda para cursar estudos no estranxeiro.

Por outra banda e polo que se refire á execución orzamentaria, débolle lembrar que o propio interventor no mes de xullo e non no que estamos agora mesmo, di no seu informe que tanto a Xerencia Municipal de Urbanismo, coma o Instituto Municipal de Deportes están nunha situación precaria. De feito, de estaren a falar da empresa privada, estaríamos diante dunha situación de creba. El mesmo lembra que en seis meses se lles deu o diñeiro de todo un ano e ademais a maior parte para pagar débedas do ano pasado. Eu coido que do informe do Sr. Interventor queda claro que estes dous institutos precisan unha maior atención, non sei de que tipo pero evidentemente para os converter en institutos que non teñan tantas perdas coma teñen agora mesmo, sen falar xa do Zoo do que falaremos posteriormente.

Si salientar que coido que na páxina que se refire ó estado de situación do orzamento de gastos, dá o Estado de Execución do orzamento de gastos de 2007. Maxino que é un erro e agradézolle que no caso de que o sexa o corrixa.

Por último pedirilles, como sempre, que neste momento que imos continuar e vostedes están acotío lembrándonos a situación financeira boiante da que goza o Concello, nos puntos posteriores que tomaremos en consideración sigan apostando por esa situación positiva do Concello para non aprobar as ordenanzas fiscais que pasaremos a votar nos vindeiros puntos.

*De todo o anterior a Alcaldía-Presidentencia da conta ao Pleno da Corporación.*

3.3.- (158).- APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO CONCELLO DE VIGO  
CORRESPONDENTE Ó ANO 2010. EXPTE. 268/1101.

-----  
S. Ordinaria 08.09.11

ANTECEDENTES.- Unha vez formada a conta xeral correspondente ó presuposto do ano 2010, rendida polo Sr. Alcalde-Presidente e ditaminada pola Comisión Especial de Contas en sesión do 31 de maio, foi exposta ao público polo prazo que regulamenta o art. 212.3 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, publicada no Boletín Oficial de Provincia nº 121 do 24 de xuño, rematando o prazo para presentar reclamacións e alegacións o 21 de xuño e, segundo consta na certificación que figura no expediente, no prazo de exposición o público non houbo reclamación ningunha, e ó obxecto de dar cumprimento ó previsto no artigo 212.4 do TRLRFL, a concelleira delegada de Economía e Facenda propón ó Pleno da Corporación a aprobación do acordo que figura na parte dispositiva deste acordo.

A comisión especial de Contas, en sesión do 29 de agosto, toma coñecemento do expediente.

DEBATE.- SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Neste caso do que estamos a falar é do orzamento do ano 2010, polo tanto daquel terceiro orzamento que se aprobou o ano pasado.

Estamos falando dun orzamento que se elaborou en tempos de crise e que tiña tres claros obxectivos: crear emprego, transformar a cidade e tamén un claro obxectivo na política educativa e na política social. Por isto nese orzamento adquirimos catro compromisos: incrementar o volume de investimentos que chegou ata cen millóns de euros, reducir a presión fiscal e consolidar as contas saneadas a través dunha xestión austeria e eficaz.

Cando nese momento se aprobou o orzamento o Partido Popular utilizou a súa política da mentira, do engano, de que ese orzamento era unha chapuza, que non seríamos capaces de executar. Pois ben, hoxe damos conta diso.

Hoxe demostramos que unha vez máis o Partido Popular utilizou a demagogia porque a realidade foi que os impostos municipais baixaron; baixou a taxa do lixo tanto para as familias como para as empresas, baixou o imposto de circulación, baixaron as taxas das garderías, baixaron as taxas do IMD, da Escola de Música,

baixou o prezo do bus..., en definitiva, si que baixaron os impostos.

Por outra banda, tamén se cumpriu o compromiso investidor con investimentos en rúas que van dende a avenida de Portanet ata Sanjurjo Badía, pasando polo Calvario, por Povisa, Bouzas, Coia, Casco Vello, Ramón Nieto, Aragón..., con máis de cen actuacións; cunha atención especial no rural, en parroquias como Saiáns, Candeán, Zamáns, Lavadores, Matamá; pero tamén con esas garderías, coas bolsas de inglés, tamén coa asistencia social, co transporte público, coa Policía Local, coa cultura, co deporte, coas subvencións a colectivos veciñais, a comercios, ó deporte, co mercado, co turismo, cos comedores escolares, coas familias, cos libros, cos parques infantís, coas zonas verdes.

Por último tamén cumprimos co compromiso de manter esa facenda saneada con máis investimentos que xeraron 300 millóns de euros, con máis de 250 actuacións.

Conseguimos reducir o nivel de endebedamento ó 50%, de xeito que Vigo hoxe é un exemplo coma a cidade menos endebedada de toda España. Pero ademais tamén somos a cidade con menor carga fiscal de toda Galicia.

Todo iso é o que aparece aquí, nos datos da Conta Xeral, un orzamento de 316 millóns que ó final sumaron 1000 millóns de euros en catro anos, un investimento total que acadou os 100 millóns de euros, unha porcentaxe de execución que foi do 99%, unha porcentaxe de execución dos ingresos que acadou o 100%, polo tanto foi un orzamento que cumpriu coas previsións, uns fondos líquidos e unha tesourería, señores do Partido Popular, por 100 millóns de euros, non hai problemas en tesourería; uns remanentes de 88 millóns de euros que permiten afrontar gastos imprevistos, un aforro neto de 17 millóns de euros, é dicir, que somos capaces de aforrar ademais de investir; un investimento por habitante de 200 euros, o maior da historia de Vigo e un gasto por habitante tanto en actividades sociais, culturais, como deportivas en xeral, por 900 euros/habitante. Iso é o que aparece nos datos. Eu quería salientar tres de entre todas estas magnitudes. Unha, o aforro neto que é a capacidade que ten o Concello para xestionar recursos, para facer fronte ós gastos, pero tamén para facer esa capacidade de aforro que nos permite despois acumular en remanentes e facer logo esas políticas que son necesarios nos momentos que non se agardan. Vigo

ten esa capacidade de aforro. Pero non só iso, senón que incrementou esa capacidade de aforro nun 13%.

O endebedamento na cidade de Vigo sitúase no 28,52%. Eu só quero achegar un dato para facer a comparativa: na Deputación de Pontevedra gobernada polo Partido Popular o endebedamento é do 102%. Neste momento o Concello de Vigo ten a quinta parte do endebedamento que ten a Deputación de Pontevedra. Con respecto ó do orzamento que aprobou o Partido Popular no seu momento estamos xusto na metade. En termos "*per cápita*" o Partido Popular en 2005 aprobou un endebedamento de 900 euros "*per cápita*" e nós nestes momentos estamos en pouco máis de 120 euros.

Polo tanto, en épocas moi complicadas nós acadamos incrementar os investimentos, incrementar o aforro e tamén ó final reducir o endebedamento. Isto é o que arroxan os datos: máis investimento por habitante, máis gasto por habitante e polo tanto máis creación de emprego e máis transformación da cidade.

SRA. BRAVO BOSCH: O interese que ten sempre a concelleira con respecto ó Partido Popular non se corresponde coa realidade, nós non somos demagogos nin ningún deses epítetos ou cualificativos que nos dedica. En realidade nós o único que facemos é ler os informes, se os informes non están ben feitos, cousa que dubido porque estou segura de que están moi ben feitos pola Tesourería cando lle corresponde, ou pola Intervención Xeral, iso é o que facemos nós e logo extraemos os resultados.

Á marxe de que vostedes herdaron unha situación económica magnífica da anterior xestión económica do Partido Popular, que en fondos líquidos de Tesourería no ano 2007 lles deixou máis de 85 millóns de euros e a débeda que herdara no ano 2003 de 108 millóns, deixáronlla no ano 2007 en 47.300.000 euros, á marxe de que iso si que é un remanente e son fondos líquidos para que vostedes puideran facer unha boa xestión, nós limos no punto 14, páxina 55 do informe que vostedes nos facilitaron que vostedes aumentaron a débeda do Concello xa que pasaron ó inicio do exercicio de 50,6 millóns a 64,9 millóns ó final do exercicio, o que supón que incrementaron a débeda nun só ano nun 28%



como valor absoluto.

Vostedes saben, porque o poñen tamén na páxina 23 e é un principio de prudencia contable, que se debe respectar este principio e ademais o informe di que unha parte significativa do orzamento a están facendo vostedes sen dispoñer previamente do orzamento coa conseguinte fiscalización previa. Se iso é prudencia contable que veña Deus e o vexa.

Na páxina 127 din o seguinte: “Gastos executados sen control fiscal. O montante total de acordos adoptados sen fiscalización previa en materia de gasto durante o ano 2010 ascende a máis de 10.000.000 de euros, fronte ós 13.000.000 de aforro de 2009. Está documentado en 43 expedientes...”, etc. Se a iso lle achegamos as indemnizacións substitutivas que teñen máis abaixo, os acordos adoptados no ano 2010 por indemnizacións substitutivas por obrigas nadas foron dunha contía de 9.000.000 de euros. Estamos a falar de máis de 20.000.000 de euros.

Dígolles máis. O informe de Intervención di: “A tendencia a xeneralizar esta forma de tramitación dos expedientes e a súa concentración na última semana ou no último día do ano tense que cambiar, debendo ser o obxectivo evitar estes acordos sen fiscalización previa”. Ou sexa que levar os acordos que teñen contido económico nos últimos días do ano para evitaren unha fiscalización moito máis permanente non me parece a mellor solución.

Continuamos. Tamén se fala no informe do interventor de que vostedes fan as cousas sen nin tan sequera contrato, como tamén se reflicte na páxina 129 cando falan doutros temas como podían ser: “Aparecen distintas prestacións que se veñen facendo sen ningún contrato dende hai moito tempo, como é o caso da limpeza das dependencias municipais, o mantemento dos túneles, o mantemento dos parques forestais, a xestión do mercado do Progreso, o mantemento do *tranking* da Policía Local. Hai un relaxamento no seguimento e control dos contratos polos responsables dos servizos ou un atranco nalgunha unidade de tramitación dos expedientes”.

Ben, non son tempos de malgasto senón de austeridade. Se todos estes contratos ou estes que deberían ser contratos non están seguidos, continuados, son prestacións que non se fan dende un punto de vista contractual, xa me

poden explicar como poden levar a cabo un seguimento correcto de todas estas obrigas que teñen que nacer deste tipo contractual.

Xa sei que me está a falar da Conta Xeral de 2010 e non da actual.

Para rematar, polo que se refire ó Zoo, de cada cen euros que se gastaron no Zoo, 83 euros viñeron do orzamento municipal. É mellor que o deixen gratis vista a xenerosidade á hora de manter o Zoo.

Non entro valorar a Escola Municipal de Artes e Oficios e o Instituto Municipal de Deportes, pero na páxina 14 do seu informe tamén se aprecia a enorme dependencia financeira, créanse organismos que o que fan é crear máis estruturas, cada vez máis dependentes dos impostos dos cidadáns de Vigo que deberían administrar vostedes correctamente.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Asómbreme. Eu entendo que a Sra. Bravo non fale coa corrección debida porque non estaba aquí hai uns anos. De estaren aquí hai dous anos sabería que precisamente a herdanza que recibimos do Partido Popular foi de millóns e millóns de euros en facturas sen pagar, algunhas delas do Areal, do despacho da Sra. Porro. Pero poderíamos falar tamén do alumeado, de publicidade, das luces de Nadal que tamén estaban sen pagar... Iso foi o que deixaron, non remanentes senón facturas sen pagar que estaban nun caixón por valor de 20 millóns de euros. Así calquera ten diñeiro en Tesourería.

Cando fala dos gastos de fiscalización e fala dos informes, eu recoméndolle que lea a totalidade do informe porque moitas veces na segunda frase se explica o que se di na primeira. Aquí na segunda frase, cando fala dos contratos sen fiscalización, di que se someteron todos á Mesa de Contratación. Na Mesa de Contratación está un representante da Intervención e polo tanto nese momento se fiscaliza, nese momento hai un representante da Intervención que xamais votou en contra destes gastos, de teren algo que dicir diríao na Mesa de Contratación e diríase no informe que serían se aprobar pola Mesa de Contratación. Absolutamente todos os contratos aprobáronse por unanimidade pola Mesa de Contratación, é máis, cun representante do Partido Popular que tamén votou a favor. Polo tanto, se hai un representante do Partido Popular que vota a favor na Mesa de Contratación porque non ten ningún motivo para votar

en contra, explíquenme vostedes por que agora veñen aquí e critican á Mesa de Contratación.

Con respecto a todos eses contratos dos que falan vostedes, son contratos herdados do Partido Popular e algúns deles, moitos, estámolos a revisar. Poderíalle nomear algún contrato que lle supón nestes momentos ó Concello un gasto de 1.000.000 de euros sen saber por que. Estamos revisando cal foi a súa xestión porque hai contratos que supoñen gastos que non sabemos como están xustificados e por iso están aí, para revisión, polo mesmo que di vostede, por austeridade.

Con respecto ós organismos autónomos tampouco vou dicir nada porque son organismos autónomos que herdamos. Se quere entremos nun debate sobre se se corresponden ou non, pero o Zoo tamén o tiveron vostedes catro anos, é máis, os mellores resultados do Zoo obtivéronse estes catro anos con toda a política de reformas que se fixo no Zoo. Eran vostedes os que presentaban déficit no Zoo.

A Escola de Artes e Oficios é gratuíta para todo o mundo porque así está nos Estatutos (ben o defendía a Sra. Larriba) e polo tanto estamos falando de organismos autónomos que estaban creados cando este goberno se formou e que viñan de antes.

Se quere criticar a xestión deste goberno primeiro decátese moi ben de cal foi a xestión de seu cando vostedes estaban gobernando.

**VOTACIÓN E ACORDO:** Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Bravo Bosch, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira e Relova Quinteiro,

**ACÓRDASE:**

Primeiro.- Traspasar a resultados pendentes de aplicación, o saldo debedor ou acredor en cada caso da conta 129 (resultados do exercicio 2009), correspondente á

Entidade Local, Instituto Municipal dos Deportes, Parque das Ciencias VigoZoo, Escola Municipal de Artes e Oficios e Xerencia Municipal de Urbanismo, á conta 120 (resultados de exercicios anteriores).

Segundo.- Aprobar a conta xeral do Concello de Vigo correspondente ó ano 2010, integrada por:

- A da propia Entidade.
- OA Parque das Ciencias VigoZoo.
- OA Escola de Artes e Oficios.
- OA Instituto Municipal dos Deportes.
- OA Xerencia Municipal de Urbanismo.

E composta polos seguintes estados e contas anuais:

- Balances.
- Contas de resultados económico-patrimoniais.
- Liquidacións dos orzamentos
- Memoria, co desglose que establece a Instrución de Contabilidade modelo normal.

Terceiro.- A remisión ao Tribunal de Contas e ó Consello de Contas de Galicia farase tendo en conta a resolución do 30 de marzo de 2007, 20 de xullo de 2009 e 26 de xullo de 2010, da Presidencia do Tribunal de Contas, pola que se fai público o acordo do Pleno do 29 de marzo de 2007, do 30 de xuño de 2009 e do 20 de xullo de 2010, que aproba a instrución que regula o formato da Conta Xeral das Entidades Locais en soporte informático e o procedemento telemático para a rendición das contas, e o acordo do Pleno do Consello de Contas de data 29 de maio de 2007 relativo á forma en que as Entidades Locais de Galicia deben render as súas contas xerais por medios electrónicos en soporte físico informático.

3.4.- (159).- INCREMENTO DA CONTÍA GLOBAL DESTINADA A COMPLEMENTO DE INCENTIVOS Ó RENDEMENTO NO ORZAMENTO DO INSTITUTO MUNICIPAL DOS DEPORTES. EXPTE. 10677/333 (270/1101).

ANTECEDENTES.- O director deportivo e máis o director técnico do Instituto Municipal dos Deportes, coa conformidade do concelleiro

-----  
S. Ordinaria 08.09.11

delegado, con data 29 de xullo de 2011, emite o seguinte informe-proposta:

“O presidente do organismo autónomo instituto Municipal dos Deportes, con data 27 de xullo pasado, ditou orde de servizo para a instrución da proposta ó órgano municipal competente, ó obxecto de incrementar as partidas 3420.130.0101 por importe de 19.000,00 euros e 3420.130.0102 por importe de 14.000,00 euros.

1.- As gratificacións en concepto de horas, nocturnidade e festividade.

As gratificacións están relacionadas directamente coas condicións económicas e sociais dos traballadores. O pleno da Corporación do Concello de Vigo de data 31 de marzo de 2006, aproba con carácter definitivo a modificación puntual do vixente acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ó servizo do Concello e con efecto de 1 de xaneiro de 2005.

Pola estrutura de traballo do IMD as instalacións deportivas ábreanse en horario nocturno ata as 23:30 horas con carácter xeral e durante os fins de semana e festivos, o que fai necesario gratificar aos traballadores por exercer o seu traballo durante estas xornadas que sobresaen dos horarios normais. Así mesmo o IMD conta con novas instalacións deportivas coma o complexo deportivo de Navia, dotado cun pavillón de deportes e un campo de fútbol.

Os devengos retributivos en concepto de gratificacións forman parte das retribucións complementarias dos funcionarios públicos, como así recolle o artigo 23.3.d) da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública.

2.- O complemento de produtividade está destinado a retribuír o especial rendemento, a actividade extraordinaria, o interese ou a iniciativa con que as persoas adscritas ó sector público desempeñan o seu posto de traballo, correspondendo ó responsable da xestión de cada programa de gasto propoñer a contía individual (art. 23.3 LRF), presupostos ós que o art. 21.1.e) da Lei 31/1990, do 27 de decembro, engade a dedicación extraordinaria.

Da normativa transcrita dedúcese que a produtividade está directamente vinculada á actividade realizada durante o período polo que eventualmente haxa de recoñecerse dito incremento, de tal sorte que a súa asignación e percibo por un período determinado non condiciona o mantemento desta retribución para o futuro de non se manter os presupostos legais, é dicir, o especial rendemento, a actividade ou dedicación extraordinaria e o interese ou iniciativa co que o persoal afectado desempeña o seu posto de traballo.

A día de hoxe na partida presupostaria de produtividade non existe crédito suficiente, de xeito tal que segundo os cálculos efectuados se estima necesario incrementar a partida en 14.000,00 euros, permitindo así facer fronte ás obrigas económicas ata finais do presente exercizo presupostario.

3.- O art. 93.2 da LBRL, de aplicación á totalidade dos entes locais, advirte que a contía global das retribucións complementarias será fixada polo Pleno da Corporación dentro dos límites máximos e mínimos que se sinalen polo Estado, límites que foron fixados a través do RD 861/1986. O apartado 3 do mesmo artigo remite ao art. 24.2 da LRFP, precepto básico que establece que as contías complementarias se reflicten para cada exercizo no orzamento de cada administración local, documento que debe ser aprobado polo pleno da Corporación Local. Os apartados 5 e 6 do art. 5 do RD 861/1996, complementado a normativa básica citada, reiteran que corresponde ao pleno da Corporación Local a través do orzamento determinar a cantidade global destinada a asignación do complemento de produtividade.

4.- No vixente orzamento correspondente ó presente ano 2011, aprobado polo Pleno da Corporación Municipal, na partida 3420.130.01.00 horas extraordinarias, existe un saldo a día de hoxe de 5.000€. Tendo en conta as previsións de gastos computables a dita partida ata o 31 de decembro de 2011, ascenden estes a 2.000,00 €, polo que existirá un crédito de 3.000 € dispoñible. Na partida 3420.130.00.00 retribucións laboral fixo, existe un saldo a día de hoxe de 776.209,16 €, tendo en conta as previsións de gasto computables a dita partida de 746.209,16 €, quedarían dispoñibles 30.000,00. Considérase que a través dunha modificación orzamentaria, autorizada polo órgano competente, poderíase incrementar o saldo das partidas de produtividade e gratificacións tal e como propón o presidente do Instituto Municipal dos Deportes nun importe máximo para as dúas partidas de 33.000,00 €, cos créditos sobrantes nas partidas 3420.130.01.00 e 3420.120.00.00. Por outra banda o apartado 3 do mesmo artigo remite ó art. 24.2 da LRFP, precepto básico que establece a necesidade de que as contías complementarias se reflicten para cada exercizo no orzamento de cada Administración Local, documento que, como sabemos, debe ser aprobado polo Pleno Municipal. Finalmente, os apartados 5 e 6 do art. 5 do RD 861/1996, complementando a normativa básica citada, reiteran que corresponde ó Pleno de cada Corporación a través do orzamento determinar a cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade.

Lexislación aplicable:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL).
- Lei 30/1982, de agosto, de Reforma da Función Pública (LRFP).
- RD 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o Réxime Retributivo dos Funcionarios das Administracións Locais (RD 861/1986), modificado por RD 168/96, do 2 de febreiro.
- RD 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título sexto da Lei 39/1988 (RD 500/1990).
- Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo (TRLFL). Art. 179 e 180.

En conclusión, de conformidade cos fundamentos xurídicos expostos a materialización da implementación da partida de produtividade debe operarse mediante un previo acordo do Pleno da Corporación no que, no seu caso e

mediante maioría simple, se autorice, na contía global que se indica no escrito do presidente do organismo autónomo Municipal dos Deportes, o incremento do crédito existente ó obxecto de que con posterioridade se instrúa o correspondente expediente de modificación de crédito.”

Visto o anterior e previa fiscalización da Intervención Municipal, os funcionarios informantes emiten a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O interventor xeral, con data 1 de agosto de 2011, en cumprimento do establecido no artigo 214 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das facendas locais, informa do seguinte:

“A indicada proposta ten por finalidade someter a consideración do Concello-Pleno proposta de incremento da contía global dotada no orzamento vixente do organismo autónomo correspondente ao ano en que andamos para complementos de incentivos ao rendemento. A cantidade que se pretende ampliar, segundo se desprende da proposta, ascende a un máximo de 33.000,00 euros na partida presupostaria 3420.130.0102 e 14.000,00 euros na partida 3420.130.0101 por importe de 19.000,00 euros.

A competencia para a fixación e ampliación de dita contía global corresponde ao Pleno da Corporación, a teor do previsto no artigo 93.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e artigo 5 do Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se establece o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración Local.

Polo que respecta ós feitos e circunstancias que motivan a solicitude ó Pleno da Corporación do incremento da contía dos indicados complementos obedece, segundo se desprende do contido da proposta que se informa: *“pola estrutura de traballo do IMD polo horario nocturno e de domingos e festivos e como consecuencia de contar con novas instalacións...”*

Tendo en conta a motivación de carácter xenérico que se deixa indicado, nos expedientes que, no seu caso, se tramiten para o recoñecemento individual dos complementos deberá concretarse, por parte dos órganos ou responsables que propoñan a súa asignación, estas motivacións agora expostas de forma xenérica. En todo caso haberán de observarse as Instrucións sobre Plantilla e Relación de Postos de Traballo do persoal ó servizo da Corporación e dos seus OO.AA.”, que na súa Instrución terceira realiza unha enumeración dos supostos que determinan o devengo do complemento de produtividade, se ben tal enumeración non constitúe unha lista pechada, de tal maneira que a Xunta de Goberno Local, en exercicio das competencias que lle atribúe o artigo 127.1.h) da Lei 7/85 do 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime Local, pode determinar outros parámetros ou criterios de asignación para establecer outros supostos que dean lugar ó devengo de dito complemento de produtividade. En definitiva, calquera produtividade que no teña a súa causa nas referidas Instrucións de

plantilla ou no acordo regulador vixente das condicións económicas e sociais dos traballadores ó servizo do Concello de Vigo, aprobado en sesión plenaria do 28.12.98, deberá preceptivamente someterse a aprobación da Xunta de Goberno Local para fixar, no seu caso, as propostas obxectivas de asignación.

Finalmente, queremos referirnos ás incidencias das limitacións establecidas na Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o actual ano de 2011 en canto ó crecemento das retribucións dos empregados públicos, respecto da proposta incluída no expediente que se está a informar.

O artigo 22 da Lei 39/2010, do 22 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2011, establece no seu apartado segundo:

*“Dos. En el año 2011, las retribuciones del personal al servicio del sector público no podrán experimentar ningún incremento respecto a las vigentes a 31 de diciembre del 2010 resultantes de la aplicación, en términos anuales, de la reducción de retribuciones prevista en el artículo 22. Dos.B) de la Ley 26/2009, de 23 de diciembre, de Presupuestos Generales del Estado para el año 2010, en términos de homogeneidad para los dos períodos de comparación, tanto por lo que respecta a efectivos de personal como a la antigüedad del mismo.”*

E o mesmo precepto nos apartados oito, nove e doce indica:

*“Ocho. Lo dispuesto en los apartados anteriores debe entenderse sin perjuicio de las adecuaciones retributivas que, con carácter singular y excepcional, resulten imprescindibles por el contenido de los puestos de trabajo, por la variación del número de efectivos asignados a cada programa o por el grado de consecución de los objetivos fijados al mismo, siempre con estricto cumplimiento de lo dispuesto en la normativa vigente.*

*Nueve. Los acuerdos, convenios o pactos que impliquen crecimientos retributivos superiores a los que se establecen en el presente artículo o en las normas que lo desarrollen deberán experimentar la oportuna adecuación, deviniendo inaplicables las cláusulas que establezcan cualquier tipo de incremento.  
(...)*

*Doce. Este artículo tiene carácter básico y se dicta al amparo de los artículos 149.1.13 y 156.1 de la Constitución. Las Leyes de Presupuestos de las Comunidades Autónomas y los Presupuestos de las Corporaciones Locales correspondientes al ejercicio 2010 recogerán los criterios señalados en el presente artículo”.*

Pola súa parte o artigo 5.2 do xa citado Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, determina que a apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ó mesmo.

Por conseguinte, do exposto despréndese que as xenéricas razóns que se esgrimen na proposta que se informa para solicitar a ampliación da contía global



existente no orzamento do organismo para complementos de incentivo o rendemento, no momento da súa asignación individual deberanse concretar en criterios obxectivos que poñan de manifesto e xustifiquen o carácter excepcional e singular que debe presidir tal distribución nominativa, para adecuar tal contía de incentivos ó rendemento ó número de efectivos ou ó grao de consecución de determinados obxectivos, todo isto para a debida e necesaria observancia da normativa legal citada.”

A comisión informativa de Economía, Facenda e Educación, en sesión do 29 de agosto, ditamina favorablemente a proposta anteriormente citada.

VOTACIÓN E ACORDO: VOTACIÓN E ACORDO: Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece abstencións dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Bravo Bosch, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira e Relova Quinteiro, acórdase:

Primeiro.- Autorizar a implementación de créditos da partida 3420.130.01.01 horas nocturnas e festivas en (19.000,00€) e 3420.130.01.02 -produtividade- en (14.000€) aplicando os créditos non consumidos durante a presente anualidade nas partidas 3420.130.01.00 e 3420.130.00.00 por unha contía global de 33.000,00€.

Segundo.- Instar o órgano competente do organismo autónomo municipal dos Deportes para a instrumentación da modificación presupostaria correspondente, transferencia de crédito, ás partidas 3420.130.01.01 gratificacións (horas nocturnas e festivas) e 3420.130.01.02 produtividade, con cargo ás partida 3420 130.01.00 horas extraordinarias e 3420.130.00.00 retribucións laboral fixo, ao abeiro do disposto no artigo 179.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais.

## **MODIFICACIÓN DAS ORDENANZAS FISCAIS**

### **PUNTOS 3.5 AO 3.7**

A PRESIDENCIA: Propoño ós grupos faceren o debate como se acostuma, nunha única intervención con quendas de dez minutos, se lles parece ós voceiros.

DEBATE.- SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Os socialistas sempre defendemos que o principal obxectivo de calquera goberno debe ser a atención ós máis desfavorecidos. Nun contexto de crise esa atención debe ir dirixida especialmente ás persoas e sectores que máis sofren as consecuencias da crise, por iso defendemos e poñemos en marcha políticas sociais en defensa da educación pública e igualitaria, do investimento xerador de emprego, apostamos polas bolsas de inglés cando outros gobernos do Partido Popular as eliminan, aumentamos bolsas de libros cando outros gobernos do Partido Popular as retiran, pero tamén apostamos e defendemos unha política fiscal que contemple exencións, bonificacións e reducións de taxas e impostos para aquelas familias e sectores que máis o precisan. Así, unha vez máis, este goberno procede a elaborar unhas ordenanzas fiscais que supoñen unha redución da carga fiscal para todos os vigueses e viguesas, pero sobre todo para aqueles que máis o precisan.

Por iso, tal e como xa fixemos a mediados do ano 2011, propoñemos unha redución do 95% nas taxas que os hostaleiros pagan polas súas terrazas, de xeito que os hostaleiros só pagarán un 5% do que se cobraba a 1 de xaneiro de 2011. Esta é unha medida que ten ademais carácter retroactivo ata ese 1 de xaneiro de 2011, é a denominada taxa cero porque agora a taxa anual por unha terraza nunha rúa da nosa cidade só lle custa ó hostaleiro uns poucos euros. Unha medida esta que tivo un forte impacto na creación de emprego na nosa cidade, que contribuíu a xerar un certo desafogo económico neste sector, pero que tamén xerou maior dinamismo por todo Vigo. O número de solicitudes incrementouse un 33%, son 540 hostaleiros e se a ocupación anual como media era de 3.000 m<sup>2</sup>, nestes momentos a ocupación é de 7.000 m<sup>2</sup>. Unha denominada taxa cero que supón para algúns hostaleiros unha redución de 3.000 euros.

Unha denominada taxa cero que tamén aplicamos a outros sectores produtivos da nosa cidade. Por iso as taxas de actividade para negocios con menos de 150 m2 terán unha redución tamén de ata un 90%. Porque queremos dar facilidades a todo aquel que se quere instalar na nosa cidade, xerar emprego e crear economía e riqueza. Unha redución que tamén é do 60% para locais de ata 200 m2 e do 30% para locais de ata 500 m2. Así, se antes unha licencia de actividade supoñía 550 euros, agora só supón 50 euros. Como ven, non nos esquecemos de sectores económicos xeradores de emprego da nosa cidade, senón que os temos moi presentes cando elaboramos estas ordenanzas.

Pero sobre todo ás que temos máis presentes son ás familias, en especial aquelas de baixos recursos económicos, a elas van dirixidas propostas como o mantemento da tarifa por hora que se paga polo servizo de asistencia domiciliaria, tarifa que ademais xa reducimos tres veces en catro anos e que supón que non teñan que pagar por este servizo aqueles dependentes e maiores de baixos recursos económicos que necesitan da nosa asistencia. Unha medida da que se están a beneficiar directamente neste momento máis de 600 familias viguesas.

Por iso tampouco imos modificar as taxas das nosas escolas infantís públicas. En total 300 cativos e cativas da nosa cidade que reciben esta prestación, 113 de forma gratuíta e o resto a prezos moi reducidos en función da súa renda porque así o establecemos nas nosas ordenanzas.

Pero ademais todos os mínimos exentos como os da taxa do lixo tamén os imos actualizar nun 3,8%. Así, a modo de exemplo, unha persoa maior de 65 anos que viva soa e cunha renda inferior a 10.500 euros estará exenta, é dicir, non pagará o recibo de lixo. De non se proceder a unha actualización como esta que estamos a propoñer nestes mínimos exentos ou mesmo inferiores a este 3,8% como propoñían outros, os máis prexudicados serían precisamente os veciños e veciñas de Vigo con menos renda e que actualmente están exentos de pagar o recibo do lixo porque ó non se actualizar o mínimo exento neste 3,8%, agora tería que empezar a pagar os recibos xente que antes non pagaba.

O que están a propoñer outros é que paguen os recibos aqueles con rendas superiores a 10.100 euros, cando nós as estamos colocando en 10.500 euros.

Neste sentido é unha medida que tamén beneficia a familias monoparentais, a persoas que viven soas, a persoas de baixos recursos económicos, a maiores, a todos lles imos actualizar o mínimo exento nun 3,8%, para que sigan exentos e non teñan que pagar os recibos, pero á vez abrimos as portas para que máis vigueses se poidan acoller a esta exención en taxas.

Na actualidade son 2.407 as familias viguesas que están exentas do pagamento do recibo do lixo gracias á incorporación destes mínimos exentos, ós seus aumentos e a todas as medidas que neste sentido fomos incorporando os catro anos anteriores.

O resto de taxas, tarifas e impostos, agás o IBI, vanse actualizar nun 3,8% de acordo coa variación interanual do IPC de abril de 2010 a abril de 2011, de xeito que o que propoñemos é unha conxelación real destes impostos como o de vehículos, lixo, actividades económicas, aproveitamento da vía pública, IMD, Zoo, auga...

Con respecto ó IBI decidimos aplicar unha porcentaxe inferior a ese 3,8% e así só imos aplicar un 3,68% sobre o recibo de 2011 que é un 3,3% por debaixo do coeficiente de actualización. Pero a isto lle temos que engadir que no ano 2011 ó IBI só se lle aplicou un 0,4% cando o IPC foi do 1,5%. É fácil constatar que neste goberno o que estamos propoñendo en canto ó IBI é unha redución do 1,2%, é dicir, o coeficiente que realmente se está aplicando no IBI é do 2,6%, porcentaxe moi inferior ó 3,8%. É esta unha medida que afecta a máis de 120.000 fogares vigueses.

Todas estas medidas supoñen unha clara diminución na carga fiscal en Vigo, medidas que ademais se engaden ás que xa incorporamos nos catro anos anteriores, como unha bonificación do 3% no IBI á que xa se están acollendo máis de 2.500 familias, bonificación do 75% nos vehículos ecolóxicos da que se benefician máis de 750 familias.

Son medidas que nos levan unha vez máis a que Vigo sexa a cidade con menor carga fiscal de toda Galicia, pero tamén a nivel nacional porque un vigués paga a metade de impostos municipais que paga un cidadán madrileño e recibe máis e mellor servizos municipais a través de bolsas de inglés, de transporte público, dun mellor servizo de limpeza, das escolas infantís, das subvencións a entidades

deportivas e veciñais; en actos culturais, en axudas á independencia, en rúas humanizadas.

No ano 2010 fomos o único concello que reduciu os seus impostos, mentres viamos que noutros gobernados polo Partido Popular subíanos ata un 20%.

Esta é a nosa política: diminuír a carga fiscal a nivel xeral, pero tamén con bonificacións, exencións e redución de impostos a colectivos, familias e empresas que sexan quen de xerar emprego. Eses son os beneficiarios das nosas políticas de bonificacións fiscais que son as que propoñemos nestas ordenanzas: acción social, emprego e economía. Eses son os eixos motivadores destas ordenanzas.

Sempre estivemos ó carón dos cidadáns, estámolo e seguiremos a estar.

A PRESIDENCIA: Sr. Figueroa, tiña algunha cuestión que presentar?

SR. FIGUEROA VILA: Acaban de pasarme unha mensaxe dicindo que hai unha orde de volver recuperar as listas negras e que por iso non se está deixando pasar a esta sesión plenaria a público que o quere facer. Gustaríame saber se hai algunha directriz ou algunha orde.

Parécenos que estar con estas situacións é un mal comezo de mandato.

A PRESIDENCIA: Como lles dicía antes, de acordo co informe policial e de acordo cos informes xurídicos do secretario do Pleno, tomouse a decisión de impedir a entrada a este Pleno a todas aquelas persoas que rebentaron o Pleno anterior. Xa lles informei ó principio desta sesión.

Acábase de tomar a decisión de que unha persoa dun colectivo intervirá logo do último punto da orde do día, pero o alcalde está en condicións de intentar garantir o funcionamento normal deste Pleno.

SRA. VELOSO RÍOS: Preséntanos o goberno esta proposta de modificación de ordenanzas fiscais e vemos que para elaborar esta proposta o que aplican é o criterio que se leva xa aplicando neste Concello dende hai moitos anos: a actualización do IPC correspondente ós meses de abril a abril.

Entendemos que é unha boa política e de feito foi precisamente o BNG en 1999

o quen puxo en marcha este sistema que ten como obxectivo garantir tamén a solvencia da administración pública e a mellor administración dos recursos públicos. Entendemos que é esta unha liña de sensatez e nós non imos actuar irresponsablemente, neste caso non se pode facer demagogia. Cando estamos falando dos ingresos dunha administración pública, neste caso dun concello, non se pode facer demagogia, non se pode pedir a conxelación das taxas, a suba cero de todos os impostos nun concello que se ve ademais obrigado, non só a dar os servizos que lle corresponden á cidadanía, senón a compensar tamén a falla de servizos por parte doutras administracións que tamén teñen competencias e a obriga de facelo pero a realidade que non o fan, ó mesmo tempo que ademais un partido, concretamente o Partido Popular que está gobernando tanto na Xunta como na Deputación, que son precisamente administracións que non colaboran na prestación de servizos á cidadanía, non só non conxelan as taxas e os impostos, senón que os aumentan e mesmo inventan novos impostos.

De feito hoxe podemos ler na prensa como a Xunta vai ingresar máis do dobre do previsto co novo canon da auga que non deixa de ser un imposto sobre a nosa propia auga, sobre o noso propio recurso. De feito, dende o 99 tanto o Partido Socialista como o Partido Popular cando estivo gobernando seguiu aplicando este mesmo sistema e aplicou unha suba do IPC. Non hai que se escandalizar tanto por un 3,8 cando este Concello no 2006 subiu un 3,5 en todos os impostos e taxas.

Iso si, este é un criterio coma outro calquera, así que tampouco podemos desbotar que nalgún momento haxa que o revisar, sobre todo se se ten en conta a desastrosa situación actual e non só de crise económica, senón que tamén de grave crise política con decisións de terribles consecuencias para o presente e para o futuro. Consecuencias directas sobre a vida de toda a cidadanía pero desgraciadamente a cidadanía non está tendo a oportunidade de manifestarse democraticamente sobre estas medidas que se toman dende o goberno do Estado.

A verdade é que fronte esta situación desastrosa vemos unha coincidencia total e absoluta entre os partidos Socialista e Popular. Hoxe aquí non van coincidir, son misterios da política, pero a realidade é que no Estado si están a coincidir e non

só iso, senón que o Partido Popular na Xunta de Galicia é o primeiro en seguir estas decisións do Partido Socialista no Estado español e hoxe mesmo vai levar ó Consello da Xunta o establecemento dun teito de gasto tamén para os orzamentos autonómicos. Ou sexa que vemos como se materializa esta política na Xunta de Galicia.

Por outra banda esta proposta que se nos fai hoxe de ordenanzas fiscais recolle medidas de carácter social como a suba cero das taxas do servizo de axuda a domicilio ou das taxas das escolas infantís e ademais manteñen bonificacións, como xa explicou a concelleira de Economía e Facenda, Sra. Díaz, a sectores económicos. Bonificacións como a redución da taxa das terrazas e propónse tamén a redución das taxas de licenza de actividades.

Dende o BNG recoñecemos o esforzo feito por continuar polo camiño establecido no mandato anterior e queremos pedirilles un esforzo máis. De feito propoñemos unhas emendas que agardamos que sexan aceptadas pois non fan senón máis que afondar na proposta feita, pero entendemos que son imprescindibles para considerar estas ordenanzas realmente adecuadas á situación real actual da nosa cidade.

Presentamos de feito neste punto unha emenda á ordenanza fiscal reguladora das taxas pola recollida do lixo pois actualmente, coa utilización das novas tecnoloxías e da administración electrónica, a produción de residuos, fundamentalmente papel por parte das oficinas e despachos, reduciuse enormemente sendo en ocasións practicamente inexistente. Isto non só reduce o esforzo de recollida de residuos, senón que supón unha práctica de desenvolvemento sostible que cómpre recoñecer e estimular, polo que entendemos que sería oportuno aplicar un beneficio fiscal ás oficinas e despachos na taxa pola recollida do lixo. Propoñemos a aplicación ó epígrafe 70 do artigo 5, apartado 2.b da estrutura das tarifas “oficinas e despachos”, por unidade dunha tarifa de 160 euros para o exercicio 2012, o que supón unha redución aproximada dun 21%.

Por outra banda, neste punto tamén realizamos unha solicitude ó actual goberno do Concello de Vigo para que realice o máis axiña un estudo para a modificación da taxa sobre o abastecemento de auga para o consumo doméstico. Entendemos

que é obriga da administración local promover o consumo responsable da auga, favorecendo os consumos sostibles e penalizando economicamente os abusivos. Ademais é preciso ter en conta que na actualidade os mapas de consumo da nosa cidade son desiguais e xa que logo, ó cargar o exceso de consumo dunha parte na outra, estamos realizando unha política impositiva desigual e favorecendo o aumento dos consumos da auga. Por isto solicitamos do actual goberno municipal que realice o máis axiña un estudo que teña como obxectivo a redistribución e reestructuración da tarifa da auga para lograr un acordo político das tres forzas que estamos representadas neste Pleno, que sirva para establecer unha política sostible con respecto dun recurso escaso.

Como nesta modificación das ordenanzas non figura a ordenanza fiscal xeral porque non se modifica, imos presentar como moción urxente unha solicitude para modificar un artigo da ordenanza fiscal xeral para que se aplique unha medida de carácter social que teña ademais como destinataria a toda a cidadanía. No seu momento presentaremos esta moción e solicitaremos tamén a súa aprobación que ten como obxectivo fundamentalmente alixeirar a presión fiscal sobre a cidadanía en situación máis precaria, afectada fundamentalmente por unha situación de paro, para que se lle permita aprazar ou fraccionar os recibos inferiores tamén a 400 euros que agora mesmo é unha posibilidade que non se contempla na ordenanza fiscal xeral.

Entendemos que estas modificacións son un primeiro paso na elaboración duns orzamentos que reflicten máis ca sinxelamente a xestión económica dos recursos do Concello, tamén un proxecto político.

Temos que recoñecer que no BNG nos preocupa seriamente nestes momentos o proxecto político do Partido Socialista. Cando é quen de modificar a Constitución para establecer o déficit cero como lei suprema, realmente estamos agardando cal vai ser a súa proposta de gasto para este Concello. Lembremos a situación difícil coa que nos imos atopar, con menores ingresos, coa devolución ó Estado español de 4,3 millóns de euros que son unha quinta parte do total que temos que devolver en cinco anos, 21.000.000 de euros, e cando cada vez son máis precisos os servizos públicos e a creación de emprego, no BNG non imos permitir que neste Concello se produza un recorte dos servizos públicos. Pero non só iso,



imos esixir que se aumenten os servizos públicos e que se faga un auténtico esforzo por poñer en marcha unha política de creación de emprego.

Nós entendemos que o déficit cero non é o obxectivo dos orzamentos deste Concello. Se a cidadanía ademais quixese que fose ese, non teríamos un goberno en minoría, senón que teríamos un goberno que puidese decidir. Pero a nós nos colocou a cidadanía neste lugar para garantir precisamente que os servizos públicos e o fomento do emprego estean asegurados por parte deste Concello, sobre todo porque ademais sabemos que por parte doutras administracións tampouco podemos contar con ese esforzo -léase Xunta ou Deputación-. Non podemos agardar nada por todo o que levan feito xa ata o de agora, polo amistoso acordo ó que chegaron no Estado español, ademais tamén polas decisións que están tomando, que hoxe mesmo vai tomar o goberno da Xunta de Galicia.

Nós non imos permitir que se continúe coa política que se está poñendo en marcha dende o Estado e a Xunta de hipotecar ó noso país. Non imos permitir dende o BNG que se hipoteque a esta cidade.

SRA. BRAVO BOSCH: A verdade é que o que máis sorprendida me deixa é a capacidade de adiviñar o futuro que teñen ambos voceiros do PSOE e do BNG, logo din que non hai meigas, pero “habelas, hainas”. É certo que en troques de se centrar no futuro de Vigo ou na súa cidadanía, nos orzamentos ou nas ordenanzas de Vigo se centran noutras administracións paralelas ou non. Non fai falla que lles lembre ós do BNG que os que adoitan coincidir co PSdeG son eles mesmos e non precisamente os que representamos ó Partido Popular.

Ademais me gustou que lembren cando adoptaron o costume, que non lei, de adaptar o IPC a unha data determinada. Que queremos demostrar hoxe os do Partido Popular? Nós queremos dicir hoxe ben alto que vostedes utilizan o IPC á súa conveniencia.

Á pouca xente que ten un emprego estable ou que ten unha pensión de xubilación, nestes tempos lle subiron na súa nómina o IPC un 3%, tomando como referencia a que se toma de modo habitual por parte do INE de decembro a decembro que é ese 3% que lles traio aquí. A variación do INE é clara, é un 3% e

é o que ós cidadáns lles subiron. É máis, se tomáramos como referencia o mes de abril, non de abril a a abril, senón como fan algunhas administracións de abril a decembro do mesmo ano, estaríamos falando dun 2,4%, é dicir, ese 3,8 ou ese 3,68, esa gran venda de que no están rebaixando o IBI, é unha rotunda falsidade. Dígolles máis, lendo estes días xornais máis afíns a vostedes que a nós, vemos como o Concello de Bilbao di que recadará 8,5 millóns coa suba de impostos, di que cun 2,5 de IBI que é medio punto por debaixo do IPC actual. Iso significa, segundo os xornais que poidan vostedes coller, que o IPC real que toman todas as administracións e por suposto o Instituto Nacional de Estatística que é a referencia para todos os salarios que cobramos as españolas e españois e por suposto galegas e galegos, é un 3% e non ese 3,8% que nos traen hoxe diante deste Pleno. Iso significa que vostedes no caso do IBI soben máis dun 20% do IPC, concretamente un 22,67% máis do IPC.

E teñen a cara de dicir que o redondean á baixa. Eu regalos envelenados dese tipo ós cidadáns non os quero. Dígolles máis, a Lei de acompañamento dos orzamentos de 2011 deixaba ben claro que non se suban os valores catastrais dos inmobles. Pero non sabemos que vai acontecer na lei dos orzamentos de 2012. Que sucederá se permiten que os valores catastrais se volvan revisar? Sucederá, como vostedes lembran sempre o exemplo de Madrid, que vostedes poderían tomar ese exemplo que sempre teñen tan na boca e incrementar os valores catastrais. Estaríamos a falar dun 3,8? Non, estaríamos a falar de máis dun 5, de máis dun 6 ou mesmo de máis dun 7%.

Falar de irrealidade non é o que nos corresponde e non me digan que é un costume porque o costume non fai lei. O Código Civil di cales son as fontes do dereito: a lei, o costume e os principios xerais do dereito, pero a primeira é a lei e o costume só en determinados supostos pero non neste do que estamos a falar de impostos municipais.

Sexamos serios. O único concello que toma o IPC con esta variación e con esta cuantificación tan brutal é o noso, o de Vigo, e o que afecta á cidadanía de Vigo. Por suposto que o poden reducir. É máis, logo de nos traer a colación todos estes puntos anteriores, a situación magnífica orzamentaria de liquidación, de remanente de Tesourería do Concello de Vigo, eu preguntolles, xa que a situación

é tan positiva nas arcas municipais, por que a cidadanía de Vigo ten que sufrir as consecuencias destas subidas das ordenanzas fiscais? Sería máis lóxico tomar como referencia o valor do INE de teren que facer unha modificación? Non. En realidade están subindo os impostos e non fixeron o que nos prometeran que era única e exclusivamente subir o IPC. Por que soben os impostos? Para xerar máis crise?

O dato é obxectivo e vostedes están perdendo unha excelente oportunidade de axudar á cidadanía de Vigo. De feito as licenzas de actividade ás que facían antes referencia están a maior parte paralizadas en Urbanismo. Póñolles un exemplo: as empresas do polígono de Texvigo non poden cobrar as subvencións porque Urbanismo non lles dá a licenza que pode tardar tres ou catro anos. Que é máis importante? Se ti perdes as subvencións non tes ningunha posibilidade.

Xa lles adianto que o Partido Popular vai examinar posibles reclamacións no período de exposición pública, pero lles lembro a moción que no seu momento presentamos. Que subida presentaba o Partido Popular? Pedíramos: “Que se inste ó goberno municipal aplicar para o ano 2012 nos impostos e taxas municipais un 0% de suba”. Isto precisamente porque as PEMEAs, o sector naval, todos os sectores produtivos e non só os sectores de risco social que, por suposto, teñen que ter o máximo apoio, están en malas condicións. A nosa cidade é industrial, ten moitos problemas agora mesmo. Non dubido que vostedes queiran facer as cousas o mellor que saiban, pero é verdade que nos enganan cando falan de que o IPC é esa contía. Sábeno mellor ca todos nós. Dígolles máis, todos nós agora mesmo o que necesitamos é un maior apoio dende a administración.

Se me permiten só unha referencia, cando se refiren á modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas polos documentos que expida a administración, xa sexa a instancia de parte ou dos organismos autónomos, por que manteñen 34,15 euros para presentarse ó grupo A e B, 19,10 para os grupos C, D, ou E? Precisamente nestes momentos tan importantes que a xente non sabe onde atopar emprego, que teñen que ter as maiores facilidades. Non podería ser que quen queira acceder a estes grupos, teña a titulación, non podería acceder sen ningún custe a este tipo de exames? Non me parece lóxico cando estamos a manter de calquera xeito, como viamos antes, o Zoo, o Instituto Municipal de

Deportes e outros tantos organismos que teñen moitas perdas.

Insístolle á Sra. Concelleira que sempre está a lembrar tempos pasados que é verdade que temos moito que aprender os novos que estamos aquí, pero dende logo vostedes tamén porque me teñen que responder á seguinte pregunta: por que dende o 2007 non puideron facer nada ó respecto? Se me di que teñen todo herdado e están a buscar o que poden facer nesta segunda lexislatura, é que non son capaces de arranxar os problemas que tiveron dende aquela? Dende o ano 2007 non lles chegou? Estamos no ano 2011, un ano moi importante. Este ano non é o mesmo ano que o 2007, estamos nunha crise económica moi fonda e con moitos problemas e precisamente por iso o Concello de Vigo tiña que facer un esforzo moi grande con respecto ás economías de toda a sociedade viguesa.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Comezarei polo Bloque Nacionalista. Calquera medida de apoio ós sectores en crise ou a calquera colectivo e que poida colaborar en mellorar as ordenanzas será benvida. Aceptamos polo tanto calquera emenda que contemple colectivos desfavorecidos sobre os que se poida incidir un pouco máis. Fixemos un esforzo moi importante pero se se pode seguir facendo esforzos, aceptamos calquera idea e mesmo estamos moi agradecidos de que nos presenten as súas propostas.

Só unha matización. O goberno do Partido Socialista foi sempre o garante da prestación dos servizos públicos. Lamentablemente non podo dicir o mesmo do Partido Popular cando estamos vendo o que está a facer en sanidade e en educación. Por iso lles garanto que a política que se acaba de facer no goberno de Madrid é precisamente para garantir a prestación dos servizos públicos.

Con respecto ó Partido Popular lamento dicir novamente o mesmo, Sra. Bravo, mágoa que non estivera aquí estes catro anos ou que polo menos os seus compañeiros de partido non a informaran. Vostede di que por que aplicamos o IPC de abril a abril que foi unha idea proposta polo Bloque e que non é lei. Non, non é lei. Di que o poñemos porque queremos? Entón dígame por que o Partido Popular segundo unha acta que teño aquí propón o 3,9, e di: “Esta porcentaxe non xorde do ceo senón que, como é tradicional e xa se fixo nos últimos anos, é do Índice de Prezos ó Consumo tomado dende abril de 2005 a abril de 2006”. Isto

defendíao o Partido Popular hai uns anos. Pero agora resulta que non, que o que fixo o Partido Popular hai catro anos non vale, por suposto que non.

Di que ninguén o está a facer. Valencia: IPC de xuño a xuño. Todos os consistorios do Partido Popular están aplicando IPC de acordo coa súa historia, algúns toman abril, algúns maio, algúns xuño, pero de acordo coa súa historia porque o que permite é a conxelación real e é o que di a propia alcaldesa de Valencia: “O aumento do IPC significa a conxelación real”. Polo tanto a hipocrisía do Partido Popular que onde non goberna di o que lle peta, pero onde goberna tamén di o que lle peta. Onde non goberna di unha cousa e onde goberna di a contraria.

Que fagamos como Madrid? Deus meu, por favor, non, porque o IBI en Madrid subiu un 20% cada ano porque eles si que actualizaron os valores catastrais, en Madrid si que o fixeron. Di que poñamos ese exemplo. Por favor, non. Fixérono, van xa co quinto ano. Decátese e estude as ordenanzas fiscais que se fixeron nestes cinco anos.

Medo me dá o Partido Popular porque din: “Estuden o Zoo, estuden o IMD”. Quérenos pechar. Está a dicir que como teñen perdas que nolo carguemos. Aí está a política do Partido Popular, nas súas palabras.

A PRESIDENCIA: Con respecto ás emendas do Bloque nacionalista Galego, acéptanse as tres, votamos as emendas pero logo se incorporarán tecnicamente nos puntos que corresponda das ordenanzas que aparecen numeradas. Votamos en primeiro lugar as emendas do Bloque Nacionalista Galego para que sexan incorporadas por parte da Secretaría.

### 3.5.- (160).- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES.

ANTECEDENTES.- Con data 1 de agosto de 2011 a directora de ingresos, presenta proposta de modificación da ordenanza reguladora do imposto sobre bens inmobles no sentido que figura na parte dispositiva deste acordo.

Con data 18 de agosto, o secretario do Tribunal Económico Administrativo do

Concello de Vigo, coa conformidade do presidente, ditamina favorablemente á proposta de modificación presentada.

Con data do mesmo mes de agosto a Intervención Xeral non formula obxección ningunha á devandita proposta.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 23 de agosto de 2011, presta a súa conformidade ó informe proposta citado anteriormente.

A comisión informativa de Economía, Facenda e Educación, en sesión do 29 de agosto, por maioría, ditaminou favorablemente.

**VOTACIÓN E ACORDO:** Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Bravo Bosch, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira e Relova Quinteiro, acórdase:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a seguinte modificación ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles

#### ARTIGO 6.- BONIFICACIÓNS

3.- Terán dereito a unha bonificación do 90% da cota íntegra do imposto os suxeitos pasivos -pai, nai ou titor- titulares de familia numerosa, relativa á vivenda que constitúa a residencia habitual da familia e sempre e cando cumplan a seguinte condición:

- Contar con ingresos brutos anuais, *per capita*, no exercicio da solicitude, inferiores a 5.740 euros.

#### ARTIGO 8.- COTA TRIBUTARIA

2.- O tipo de gravame para os bens inmobles urbanos será do 0,787%.

3.- O tipo de gravame para os bens inmobles rústicos será do 0,3%.

4.- O tipo de gravame para os bens inmobles de características especiais será do 0,787%.

## DISPOSICIÓN FINAIS.

2ª.- A presente modificación entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2012 permanecendo en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

Segundo.- Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

Terceiro.- Para o caso de non se presentar reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- a) Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- b) Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

## 3.6.- (161).- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA.

ANTECEDENTES.- Con data 1 de agosto de 2011 a directora de ingresos, presenta proposta de modificación da ordenanza reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica no sentido que figura na parte dispositiva deste acordo.

Con data 18 de agosto, o secretario do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, coa conformidade do presidente, ditamina favorablemente á proposta de modificación presentada.

Con data do mesmo mes de agosto a Intervención Xeral non formula obxección ningunha á devandita proposta.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 23 de agosto de 2011, presta a súa conformidade ó informe proposta citado anteriormente.

A comisión informativa de Economía, Facenda e Educación, en sesión do 29 de agosto, por maioría, ditaminou favorablemente.

VOTACIÓN E ACORDO: Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez,

Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Bravo Bosch, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira e Relova Quinteiro, acórdase:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a seguinte a modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica.

#### ARTIGO 4.- EXENCIONS E BONIFICACIONES

1.- Estarán exentos do imposto:

1.5.-

Así mesmo, están exentos os vehículos matriculados a nome de minusválidos para o seu uso exclusivo, aplicándose a exención, en tanto se manteñan ditas circunstancias, tanto ós vehículos conducidos por persoas con discapacidade como ós destinados ó seu transporte. Presúmese que o vehículo é conducido por persoa con discapacidade cando esta última conste como condutor/a exclusivo na póliza do seguro do vehículo

3.- Gozarán dunha bonificación do 75% do imposto durante dous anos todos aqueles vehículos que non teñan catalizador homologado e que instalen un catalizador homologado. Así mesmo poderán acollerse a esta bonificación, durante o exercicio no que se produce a matriculación do vehículo e o seguinte, todos aqueles contribuíntes que adquiren un vehículo novo con catalizador homologado para substituír un vehículo que non dispoña dese catalizador, sempre e cando acrediten que o devandito vehículo será destinado a despezamento.

4.- Os vehículos das clases turismos, camións, furgóns, furgonetas, vehículos mixtos adaptables, autobuses e autocares, gozarán nos termos en que se dispón, dunha bonificación do 75% na cota do imposto, en función das características dos motores, a clase de combustible que consuma o vehículo e a incidencia da combustión no medio ambiente, sempre que cumpran as condicións e requisitos seguintes:

a) Que se trate de vehículos híbridos (motor eléctrico-gasolina, eléctrico-diesel ou eléctrico-gas) que estean homologados de fábrica, incorporando dispositivos catalizadores, adecuados a súa clase e modelo, que minimicen as emisións contaminantes.

Estes vehículos gozarán da bonificación durante o exercicio no que se produce a matriculación e no seguinte.



- b) Que se trate de vehículos novos sen matricular, clasificados como turismos de motor de gasolina ou diesel, cuxa marca e modelo se inclúan entre os vehículos máis eficientes con cualificación de Eficiencia Enerxética A) nos termos do Real Decreto 837/2002, do 2 de agosto.  
Aplicarase esta bonificación a vehículos novos que, aínda non estando cualificados de Eficiencia Enerxética A), as súas emisións de CO2 non sexan superiores a 120 g/km.  
Estes vehículos gozarán da bonificación durante o exercicio no que se produce a matriculación e no seguinte.
- c) Que se trate de vehículos de motor eléctrico e/ou de emisións nulas, gozando da bonificación con carácter indefinido, en tanto manteñan as circunstancias de motor e emisións sinaladas.
- d) Que se trate de vehículos que utilicen como combustible biogás, gas natural comprimido, metano, metanol ou hidróxeno.  
Aplicarase esta bonificación a vehículos adscritos a licenzas de autotaxi que utilicen combustible GLP (gases licuados do petróleo).  
Estes vehículos gozarán da bonificación durante o exercicio no que se produce a matriculación e no seguinte.

Para poder gozar das bonificacións ás que se refire este apartado 4 do presente artigo, os interesados poderán aplicarse a bonificación na primeira autoliquidación do imposto e deberán solicitar expresamente a bonificación para o ano seguinte, ou con carácter indefinido no caso do apartado 4 c), acompañando a ficha técnica do vehículo e a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos necesarios para a concesión do beneficio fiscal.

A bonificación que deberá producir efectos no ano seguinte ao da matriculación, terá que ser presentada con anterioridade ao 31 de decembro dese ano.

Se se trata dunha bonificación con carácter indefinido esta producirá efectos para o exercicio seguinte a aquel no que se presente.

O Servizo de Administración de Tributos, solicitará informe ó Servizo Municipal de Medioambiente nos casos en que fose necesario verificar os requisitos esixidos para a concesión desta bonificación, por non estaren claros os termos da ficha técnica do vehículo.

#### ARTIGO 5.- PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DE BENEFICIOS FISCAIS

Os beneficios fiscais establecidos no artigo 4 da presente ordenanza aplicaranse de oficio agás excepción dos sinalados nos apartados 1.5, 1.7, 2.2, 3 e 4 que terán carácter rogado. Nestes últimos supostos actuarase da seguinte forma:

- a) Para os supostos 1.5, 2.2 e 3, os suxeitos pasivos deberán solicitar do Concello a exención ou bonificación correspondente indicando as características do vehículo, matrícula e causa do beneficio, así como o cumprimento das

restantes condicións a que se refire o artigo 4 en cada caso. En particular, para o outorgamento da exención prevista no parágrafo 2º do epígrafe 1.5, do artigo 4, a vehículos conducidos por persoas con discapacidade, o suxeito pasivo deberá aportar o certificado de minusvalía emitido polo órgano competente xunto coa copia da póliza do seguro do vehículo onde constará aquel como condutor exclusivo. Para o caso de vehículos destinados a transporte de persoas con discapacidade, o suxeito pasivo do imposto deberá aportar certificado de minusvalía emitido polo órgano competente e xustificar o destino do vehículo coa ficha técnica do mesmo, onde figurará a adaptación daquel para o transporte de persoas con discapacidade.

#### ARTIGO 6.- COTA

1.- O imposto esixirase con arranxo ó seguinte cadro de tarifas, de conformidade co disposto no artigo 95 do RDL 2/2004 dO 5 de marzo (TR da Lei Reguladora das Facendas Locais).

A. TURISMOS	COTA ANUAL
A.1. de menos de 8 cabalos fiscais	21,95 €
A.2. de 8 ata 11,99 cabalos fiscais	61,05 €
A.3. de 12 ata 15,99 cabalos fiscais	131,10 €
A.4. de 16 ata 19,99 cabalos fiscais	179,22 €
A.5. de máis de 20 cabalos fiscais	224,00 €
B. AUTOBUSES	COTA ANUAL
B.1. de menos de 21 prazas	148,15 €
B.2. de 21 a 50 prazas	215,20 €
B.3. de máis de 50 prazas	269,05 €
C. CAMIÓN	COTA ANUAL
C.1. de menos de 1000 kg. de carga útil	75,55 €
C.2. de 1000 a 2999 kg. de carga útil	148,15 €
C.3. de máis de 2999 a 9999 kg. carga útil	215,20 €
C.4. de máis de 9999 kg. de carga útil	269,05 €
D. TRACTORES	COTA ANUAL
D.1. de menos de 16 cabalos fiscais	28,65 €
D.2. de 16 a 25 cabalos fiscais	45,90 €
D.3. de máis de 25 cabalos fiscais	137,45 €
E. REMOLQUES E SEMIRREMOLQUES ARRASTRADOS POR VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA	COTA ANUAL
E.1. máis de 750 kg a 1000 kg. carga útil	31,40 €
E.2. de 1000 a 2999 kg. de carga útil	49,40 €
E.3. máis de 2999 kg. de carga útil	151,05 €
F. OUTROS VEHÍCULOS	COTA ANUAL
F.1. Ciclomotores	6,65 €
F.2. Motocicletas ata 125 cc.	6,65 €

F.3. Motocicletas de máis 125 ata 250 cc.	13,20 €
F.4. Motocicletas de máis 250 ata 500 cc.	30,29 €
F.5. Motocicletas de máis 500 ata 1000 cc.	60,58 €
F.6. Motocicletas de máis de 1000 cc.	121,16 €

2.- Para aplicación da tarifa anterior teranse en conta as seguintes regras:

a) O concepto das diversas clases de vehículos relacionados na tarifa será o recollido no RD 2822/1998 polo que se aproba o Regulamento Xeral de Vehículos.

g) As motocicletas eléctricas terán a consideración, a efectos deste imposto, de motocicletas de ata 125 cc.

3.- A potencia fiscal do vehículo determinarase de acordo co disposto no artigo 11.20 do RD 2822/1998 polo que se aproba o Regulamento Xeral de Vehículos, en relación co Anexo V do mesmo texto.

4.- Nos casos nos que consten na tarxeta de inspección técnica dous valores distintos para MTMA (peso técnico máximo autorizado) e MMA (pero máximo autorizado) respectivamente, aplicarase a efectos da tarifa o valor que corresponda a MMA indicador do maior peso en carga con que se permite a circulación, conforme ó indicado no RD 2822/1998 polo que se aproba o Regulamento Xeral de Vehículos.

#### DISPOSICIÓNS FINAIS

2ª.- A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o día 1 de xaneiro do ano 2012 permanecendo en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

Segundo.- Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

Terceiro.- Para o caso de non se presentar reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- a) Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- b) Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

3.7.- (162).- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO

## SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS.

ANTECEDENTES.- Con data 1 de agosto de 2011 a directora de ingresos, presenta proposta de modificación da ordenanza reguladora do imposto sobre actividades económicas no sentido que figura na parte dispositiva deste acordo.

Con data 18 de agosto, o secretario do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, coa conformidade do presidente, ditamina favorablemente á proposta de modificación presentada.

Con data do mesmo mes de agosto a Intervención Xeral non formula obxección ningunha á devandita proposta.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 23 de agosto de 2011, presta a súa conformidade ó informe proposta citado anteriormente.

A comisión informativa de Economía, Facenda e Educación, en sesión do 29 de agosto, por maioría, ditaminou favorablemente.

VOTACIÓN E ACORDO: Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Bravo Bosch, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira e Relova Quinteiro, acórdase:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a seguinte modificación ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre actividades económicas:

### ARTIGO 8.- COEFICIENTE ÚNICO E ÍNDICES DE SITUACIÓN.

Categoría Fiscal	Coefficiente Situación
1ª	3,05
2ª	2,85
3ª	2,68
4ª	2,47
5ª	2,30

## DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse ó 1 de xaneiro de 2012 permanecendo en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

Segundo.- Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

Terceiro.- Para o caso de non se presentar reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- a) Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- b) Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

### 3.8.- (163).- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLOS DOCUMENTOS QUE EXPIDA OU DE QUE ENTENDA A ADMINISTRACIÓN DO CONCELLO OU A DOS SEUS ORGANISMOS AUTÓNOMOS A INSTANCIA DE PARTE.

ANTECEDENTES.- Con data 1 de agosto de 2011 a directora de ingresos, presenta proposta de modificación da ordenanza reguladora das taxas polos documentos que expida ou de que entenda a administración do Concello ou a dos seus organismos autónomos a instancia de parte, no sentido que figura na parte dispositiva deste acordo.

Con data 18 de agosto, o secretario do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, coa conformidade do presidente, ditamina favorablemente á proposta de modificación presentada.

Con data do mesmo mes de agosto a Intervención Xeral non formula obxección ningunha á devandita proposta.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 23 de agosto de 2011,

presta a súa conformidade ó informe proposta citado anteriormente.

A comisión informativa de Economía, Facenda e Educación, en sesión do 29 de agosto, por maioría, ditaminou favorablemente.

VOTACIÓN E ACORDO: Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Oliveira e Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Bravo Bosch, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira e Relova Quinteiro, acórdase:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a seguinte modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas polos documentos que expida ou que entenda a administración do Concello ou a dos seus organismos autónomos, a instancia de parte:

### ARTIGO 3.- EXENCIONES

2. Estarán exentos de taxas pola expedición de certificados de empadramento referidos no epígrafe 1.a) do artigo 5 desta ordenanza, os membros de familias con ingresos brutos anuais *per capita* inferiores a 3.675 €. A titularidade de bens inmoables de natureza urbana, a excepción da vivenda na que residen, non deberá superar un valor catastral total de 49.305 €.

### ARTIGO 5.- BASE E COTA TRIBUTARIA

Tomarase como base do gravame a natureza dos documentos que se tramitarán conforme coa seguinte tarifa:

- 1.- Certificados relativos ao Padrón Municipal de Habitantes:
- |  |         |
|--|---------|
| a) De ata 5 anos de antigüidade  | 2,20 €  |
| b) Superior a cinco anos ata dez   | 4,45 €  |
| c) De mais de dez anos   | 11,90 € |
| d) Relativo ó nº de habitantes dunha sección ou distrito, clasificados polos diversos parámetros: idade, sexo, nivel de instrución, etc: |         |

Por cada distrito ou sección e parámetro	2,20 €
e) Relativo ó total de habitantes do concello, referente a todas as seccións e distritos, e clasificados por parámetros:	
Por cada parámetro	40,15 €
2.- Certificados de documentos relativos a expedientes urbanísticos de particulares:	
a) De ata 3 anos de antigüidade, por unha páxina	9,80 €
b) Por cada páxina ou ano máis, un recargo de	1,40€
3.- Restantes certificados:	
a) De ata 3 anos de antigüidade, por unha páxina	2,20 €
b) Por cada páxina ou ano máis, un recargo de	1,40 €
4.- Copias de planos:	
a) Copia de planos oficiais relativos ás diversas figuras de planeamento vixente, expropiacións, infraestruturas, servizos e outros, relativos a expedientes non terminados	
- DIN A-4	1,80 €
- DIN A-1	3,60 €
- Por cada m2 ou fracción de exceso sobre un DIN A-1, un recargo de	9,30 €
b) Copia de planos oficiais de planeamento non vixente, expropiacións, infraestruturas, servizos e outros, sempre e cando se refiran a expedientes terminados:	
- De ata tres anos de antigüidade aplicaráselle o dobre da tarifa sinalada no epígrafe 4.a).	
- Por cada ano máis de antigüidade incrementaráselle a tarifa deste epígrafe 4.b).	
- Por cada Plano	1,40 €
c.) Copias de planos relativos a expedientes urbanísticos de particulares:	
- De ata tres anos de antigüidade, por un plano.	9,80 €
- Por cada ano ou plano máis, un recargo de	1,40 €
5.- Copias de expedientes ou documentos que obran nas dependencias do Concello.	
a.) de ata 1 ano de antigüidade, por cada páxina	
A4	0,40 €
A3	0,45 €

b)	de máis dun ano de antigüidade e ata 3, por cada páxina	
	A4	0,55 €
	A3	1,00 €
c.)	de máis de 3 anos de antigüidade e ata 10, por cada páxina	
	A4	0,75 €
	A3	1,15 €
d)	de máis de 10 anos de antigüidade, por cada páxina	
	A4	0,95 €
	A3	1,95 €

Se o expediente ou documento excedera de 100 páxinas, a partir desta cifra, o importe será a metade dos sinalados nos apartados anteriores a, b, c, d, segundo corresponda

No suposto en que os documentos relativos aos apartados 4 e 5 anteriores puideran ser facilitados en soporte magnético e así o demandaren os interesados, o importe do soporte facilitado calcularase segundo o número e tipo de páxinas que conteña, aplicando as tarifas dos apartado 4 e 5 anteriores.

6.	Verificación de poderes:	
a)	Validación de poder, por cada un	9,80 €
b)	Dilixencia de recoñecemento de sinatura en endosos,	
-	por cada unha	4,20 €
c.)	Simple recoñecemento de sinatura	2,55 €
7.-	Fotocopias:	
a)	Fotocopias de documentos achegados polos interesados,	
-	por cada páxina A4.	0,15 €
-	por cada páxina A3	0,45 €
b)	Compulsa de documentos	
-	Primeira páxina	1,40 €
-	Por cada unha das restantes	0,45 €
8.-	Xerocopias de ordenanzas e regulamentos:	
-	Por cada exemplar	4,25 €
9.-	Solicitud para tomar parte no procedemento de selección e promoción de persoal:	
a)	Por cada unha dos grupos A e B	34,15 €
b)	Por cada unha dos grupos C, D e E	19,10 €
10.-	Informacións ou consultas urbanísticas:	
a)	Información ou consulta urbanística común	14,25 €
b)	Información ou consulta urbanística especial	47,30 €



- |  |         |
|--|---------|
| 11.- Cédulas urbanísticas                    | 47,30 € |
| 12.- Impresos de autoliquidación de tributos | s/custo |
- 13.1.- Expedición de informes sobre intervencións ou actuacións da Policía Local a petición do interesado.
- 13.2.- Expedición de informes/partes de servizo da Policía Local con desprazamento da correspondente patrulla, entre outros medios.
- 13.3.- Expedición de informes relativos a accidentes de circulación realizados pola Policía Local.
- 13.4.- Expedición de Informes de residencia/convivencia ou ambos
- 13.5.- Expedición de certificados de residencia/convivencia ou ámbolos dous.
- 13.6.- Informes realizados polo Departamento de Tráfico.
- 13.7.- Expedición da autorización especial para a circulación de vehículos con MMA superior a 10TM que circulen fóra das rutas sinaladas no Anexo da ordenanza municipal reguladora das operacións de carga e descarga de mercadorías nas vías urbanas:  
Por cada vehículo e ano ou fracción.
- 14.- Comunicacions sobre transferencias ou transmisións de licenzas tanto de construcións, instalacións e obras como de actividades. (ordenanzas 50 e 51).
- 15.- Certificados relativos á recadación de tributos:
- Por recibo tributario ata 3 anos de antigüidade
  - Por cada recibo e ano que sobrepase os 3 de antigüidade, un recargo de
- 16.- Documento acreditativo de INSCRIPCIÓN PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES
- 17.- Carnés expedidos polo Departamento de Medio Ambiente e outros.
- 18.- Á edición completa das ordenanzas fiscais, urbanísticas ou documentación relativa a planeamento urbanístico, así como calquera outra publicación do Concello, aplicaráselle a tarifa que resulte de cubrir o custo da edición que se xustificará diante da Intervención de Fondos. Así mesmo, aplicaráselle a tarifa que resulte de cubrir o custe coa xustificación antedita, no suposto de expedición de documentación en soporte informático.
- Documentos en soporte dixital ata 100MB
  - Documentos en soporte dixital de mais de 100MB

## DISPOSICIÓN FINAIS

2ª. A presente ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no

Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2012. Permanecerá en vigor mentres non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

Segundo.- Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

Terceiro.- Para o caso de non se presentar reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- a) Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- b) Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

### 3.9.- (164).- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS RELATIVAS Ó SERVIZO DE TRANSPORTE URBANO DE VIAXEIROS EN AUTOMÓBILES LIXEIROS E DE ALUGUER CON CONDUTOR (AUTOTAXIS E VEHÍCULOS ESPECIAIS OU DE ABONO).

ANTECEDENTES.- Con data 1 de agosto de 2011 a directora de ingresos, presenta proposta de modificación da ordenanza reguladora das taxas relativas ao servizo de transporte urbano de viaxeiros en automóbiles e lixeiros de aluguer con condutor (autotaxis e vehículos especiais ou de abono) no sentido que figura na parte dispositiva deste acordo.

Con data 18 de agosto, o secretario do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, coa conformidade do presidente, ditamina favorablemente á proposta de modificación presentada.

Con data do mesmo mes de agosto a Intervención Xeral non formula obxección ningunha á devandita proposta.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 23 de agosto de 2011, presta a súa conformidade ó informe proposta citado anteriormente.

A comisión informativa de Economía, Facenda e Educación, en sesión do 29 de agosto, por maioría, ditaminou favorablemente.

VOTACIÓN E ACORDO: Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Bravo Bosch, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira e Relova Quinteiro, acórdase:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a seguinte modificación ordenanza fiscal reguladora das taxas relativas ao servizo de transporte urbano de viaxeiros en automóbiles lixeiros e de aluguer con condutor (autotaxis e vehículos especiais ou de abono):

#### ARTIGO 4.- COTAS

3.- Revisión de vehículo	30,60 €
4.- Por dereitos de exame para a obtención do permiso municipal de conducir, por cada exame.	8,75 €
5.- Por expedición e renovación de permiso municipal de conducir.	17,50 €
6.- Por expedición de duplicados de permisos, licencias, tarifas, etc., por cada un	4,35 €

#### DISPOSICIÓN FINAIS

2ª.- A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro do ano 2012 permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación.

Segundo.- Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

Terceiro.- Para o caso de non se presentar reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

a) Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.

- b) Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

### 3.10.-(165). MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLOS SERVIZOS ESPECIAIS POR ESPECTÁCULOS OU TRANSPORTES.

ANTECEDENTES.- Con data 1 de agosto de 2011 a directora de ingresos, presenta proposta de modificación da ordenanza reguladora das taxas polos servizos especiais por espectáculos ou transportes no sentido que figura na parte dispositiva deste acordo.

Con data 18 de agosto, o secretario do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, coa conformidade do presidente, ditamina favorablemente á proposta de modificación presentada.

Con data do mesmo mes de agosto a Intervención Xeral non formula obxección ningunha á devandita proposta.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 23 de agosto de 2011, presta a súa conformidade ó informe proposta citado anteriormente.

A comisión informativa de Economía, Facenda e Educación, en sesión do 29 de agosto, por maioría, ditaminou favorablemente.

VOTACIÓN E ACORDO: Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Bravo Bosch, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira e Relova Quinteiro, acórdase:  
Primeiro.- Aprobar provisionalmente a seguinte modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa polos servizos especiais por espectáculos ou transportes.

#### ARTIGO 5.- COTA

1.- Nas prestacións de servizos sinaladas no epígrafe a), b) e d) do apartado 1 do artigo 1:

	€/hora ou fracción
- Por cada persoa afecta ó servizo:	12,15 €
- Por cada vehículo afecto ó servizo:	23,60 €

2.- Nas prestacións de servizos sinaladas no epígrafe c) do apartado 1 do artigo 1:

- Por cada vehículo e ano ou fracción:	21,90 €
--	---------

#### DISPOSICIÓN FINAIS

2ª.- A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2012, permanecendo en vigor mentres non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

Segundo.- Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

Terceiro.- Para o caso de non se presentar reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

3.11.(166).- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS, PREVENCIÓN DE RUÍNAS DE CONSTRUCCIÓN, SALVAMENTOS E OUTROS ANÁLOGOS.

ANTECEDENTES.- Con data 1 de agosto de 2011 a directora de ingresos, presenta proposta de modificación da ordenanza reguladora das taxas pola prestación de servizos de prevención e extinción de incendios, prevención de ruínas de construcións, salvamentos e outros análogos, no sentido que figura na parte

dispositiva deste acordo.

Con data 18 de agosto, o secretario do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, coa conformidade do presidente, ditamina favorablemente á proposta de modificación presentada.

Con data do mesmo mes de agosto a Intervención Xeral non formula obxección ningunha á devandita proposta.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 23 de agosto de 2011, presta a súa conformidade ó informe proposta citado anteriormente.

A comisión informativa de Economía, Facenda e Educación, en sesión do 29 de agosto, por maioría, ditaminou favorablemente.

VOTACIÓN E ACORDO: Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Oliveira e Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Bravo Bosch, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira e Relova Quinteiro, acórdase:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a seguinte modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas pola prestación de servizos de prevención e extinción de incendios, prevención de ruínas de construcións, salvamentos e outros análogos.

#### ARTIGO 7.- TARIFAS

2.- Ós servizos realizados fóra do termo municipal, aplicarase unha tarifa de 0,60 €/km e vehículo máis a tarifa que corresponda das seguintes:

- |   |          |
|---|----------|
| 2.1. De duración inferior a media hora:   | 90,15 €  |
| 2.2. De duración superior a media hora e inferior a dúas:   | 225,65 € |
| 2.3. De duración superior: a cota deberá cubrir o custe do servizo avaliado polo Xefe do Servizo. |          |

#### DISPOSICIÓN FINAIS

2ª.- A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro do ano 2012, permanecendo en vigor mentres non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

Segundo.- Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

Terceiro.- Para o caso de non se presentar reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- a) Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- b) Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

1ª	2ª	3ª	4ª	5ª	6ª
76	38	35	27	27	17 €

I.7. Por casetas de transformación de enerxía eléctrica e similares.

Por unidade e ano:

Categorías rúas:

1ª	2ª	3ª	4ª	5ª	6ª
735	360	310	291	212	148 €

I.8. Por grúas nas que o brazo ou pluma ocupe no seu recorrido calquera porción de voo sobre a vía pública así como farois, escaleiras de emerxencia e outras instalación que voen sobre dominio público.

Por unidade e semestre:

Categorías rúas:

1ª	2ª	3ª	4ª	5ª	6ª
366	182	155	146	105	76 €

7.- Nas cotas calculadas segundo o disposto neste artigo correspondentes ós epígrafes A), B), C), D) F) e H), cando as ocupacións da vía pública afecten a prazas de aparcamento regulado na Ordenanza reguladora do servizo de aparcamento de vehículos na vía pública mediante parquímetros expendedores de billetes na cidade de Vigo, sumaranse as seguintes cantidades:

a) Tratándose das ocupacións sinaladas nos epígrafes A) e H), 6,50 € por m2 ou fracción e quincena ou fracción con un mínimo de 64,20 €.

b) Tratándose das ocupacións sinaladas nos epígrafes B), C), D) e F), 0,70 € por m2 ou fracción e día ou fracción, con un mínimo de 4,25 €.

No caso de que a ocupación inclúa beirarrúa e prazas delimitadas para aparcamento regulado (ORA), as superficies a considerar para a aplicación dos apartados a) e b) anteriores serán, exclusivamente, as correspondentes ás prazas de aparcamento ocupadas.

## ARTIGO 5.- PERÍODO IMPOSITIVO E DEVENGO

1.-

- Suprímese o parágrafo 3
- Para os aproveitamentos sinalados nos epígrafes e) e i) do artigo 1º, o período impositivo coincidirá co ano natural a excepción do aproveitamento en voo derivado da instalación de grúas torre en que o período impositivo será semestral.

## ARTIGO 7.- NORMAS DE XESTIÓN

2.- No caso dos aproveitamentos a que se refire o epígrafe G) do artigo 3 que requiran obra de rebaixe do bordo os solicitantes de entradas a establecementos comerciais e industriais, simultaneamente coa solicitude de licenza de obra deberán constituír fianza por importe de 104 € para responder dos gastos de reposición do bordo.

Procederase á devolución desta fianza se o titular do aproveitamento procede á reposición do bordo previamente á baixa do aproveitamento.

3.- As solicitudes contarán en todo caso cos seguintes datos: nome, apelidos e DNI ou razón social e CIF do solicitante, correo electrónico, domicilio fiscal e situación do aproveitamento.

No caso de entradas de vehículos deberá figurar a referencia catastral da finca beneficiada.

## DISPOSICIÓN ADICIONAL.

O Concello adecuará o presente texto á lexislación estatal e autonómica ditada para a transposición da Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior, facultándose á Dirección de Ingresos para a elaboración do correspondente texto refundido.

## DISPOSICIÓN FINAIS

2ª.- Esta ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro do ano 2012, estendendo os seus efectos favorables aos feitos impoñibles realizados no exercicio inmediatamente anterior, permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

Segundo.- Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

Terceiro.- Para o caso de non se presentar reclamacións entenderase adoptado

o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- a) Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- b) Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

### 3.19.-(174). MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POR APROVEITAMENTO ESPECIAL DE TERREOS DE DOMINIO PÚBLICO LOCAL CON INSTALACIÓN DE QUIOSCOS.

ANTECEDENTES.- Con data 1 de agosto de 2011 a directora de ingresos, presenta proposta de modificación da ordenanza reguladora das taxas por aproveitamento especial de terreos de dominio público local con instalación de quioscos, no sentido que figura na parte dispositiva deste acordo.

Con data 18 de agosto, o secretario do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, coa conformidade do presidente, ditamina favorablemente á proposta de modificación presentada.

Con data do mesmo mes de agosto a Intervención Xeral non formula obxección ningunha á devandita proposta.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 23 de agosto de 2011, presta a súa conformidade ó informe proposta citado anteriormente.

A comisión informativa de Economía, Facenda e Educación, en sesión do 29 de agosto, por maioría, ditaminou favorablemente.

VOTACIÓN E ACORDO: Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Bravo Bosch, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa

Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira e Relova Quinteiro, acórdase:  
Primeiro.- Aprobar provisionalmente a seguinte modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas por aproveitamento especial de terreos de dominio público local con instalación de quioscos.

#### ARTIGO 4.- COTAS

2. As tarifas relativas a quioscos na vía pública serán as seguintes:  
Por m2 ou fracción e semestre:  
Categoría das rúas:

1ª	2ª	3ª	4ª	5ª	6ª
106,85	57,00	49,10	35,05	35,05	18,40 €

#### DISPOSICIÓN FINAIS

2ª.- Esta ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro do ano 2012, estendendo os seus efectos favorables aos feitos impositivos realizados no exercicio inmediatamente anterior, permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

Segundo.- Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

Terceiro.- Para o caso de non se presentar reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

3.20.-(175).-MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POR APROVEITAMENTOS ESPECIAIS CON INSTALACIÓN DE POSTOS DE VENDA NA VÍA PÚBLICA E, EN XERAL, EN BENS DE DOMINIO PÚBLICO MUNICIPAL, AUTORIZADOS AO AMPARO DA ORDENANZA REGULADORA DA VENDA NA VÍA PÚBLICA E ESPAZOS ABERTOS.

ANTECEDENTES.- Con data 1 de agosto de 2011 a directora de ingresos, presenta proposta de modificación da ordenanza reguladora das taxas por aproveitamentos especiais con instalación de postos de venda na vía pública e, en xeral, en bens de dominio público municipal, autorizados ao amparo da ordenanza reguladora da venda na vía pública e espazos abertos, no sentido que figura na parte dispositiva deste acordo.

Con data 18 de agosto, o secretario do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, coa conformidade do presidente, ditamina favorablemente á proposta de modificación presentada.

Con data do mesmo mes de agosto a Intervención Xeral non formula obxección ningunha á devandita proposta.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 23 de agosto de 2011, presta a súa conformidade ó informe proposta citado anteriormente.

A comisión informativa de Economía, Facenda e Educación, en sesión do 29 de agosto, por maioría, ditaminou favorablemente.

VOTACIÓN E ACORDO: Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Oliveira e Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Bravo Bosch, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira e Relova Quinteiro, acórdase:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a seguinte modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas por aproveitamentos especiais con instalación de postos de venda na vía pública e, en xeral, en bens de dominio público municipal, autorizados ao amparo da ordenanza reguladora da venda na vía pública e espazos abertos.

#### ARTIGO 4.- COTAS

As cotas que correspondan aboar en concepto das taxas reguladas nesta

ordenanza determinarase con arranxo ó cadro que segue:

Por m2 ou fracción e día

Categoría das rúas:

1ª	2ª	3ª	4ª	5ª	6ª
2,65	2,00	1,95	1,35	1,35	0,45

#### DISPOSICIÓNS FINAIS.

2ª.- Esta ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro do ano 2012, estendendo os seus efectos favorables aos feitos impoñibles realizados no exercicio inmediatamente anterior, permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

Segundo.- Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

Terceiro.- Para o caso de non se presentar reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

#### 3.21.(176).- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POR APROVEITAMENTO ESPECIAL DA VÍA PÚBLICA CON ESTACIONAMENTO DE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA EN DETERMINADAS RÚAS MUNICIPAIS.

ANTECEDENTES.- Con data 1 de agosto de 2011 a directora de ingresos, presenta proposta de modificación da ordenanza reguladora das taxas polo aproveitamento especial de vía pública con estacionamento de vehículos de tracción mecánica en determinadas rúas municipais, no sentido que figura na parte dispositiva deste acordo.

Con data 18 de agosto, o secretario do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, coa conformidade do presidente, ditamina favorablemente á

-----  
S. Ordinaria 08.09.11



proposta de modificación presentada.

Con data do mesmo mes de agosto a Intervención Xeral non formula obxección ningunha á devandita proposta.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 23 de agosto de 2011, presta a súa conformidade ó informe proposta citado anteriormente.

A comisión informativa de Economía, Facenda e Educación, en sesión do 29 de agosto, por maioría, ditaminou favorablemente.

**VOTACIÓN E ACORDO:** Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Bravo Bosch, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira e Relova Quinteiro, acórdase:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a seguinte modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas por aproveitamento especial da vía pública con estacionamento de vehículos de tracción mecánica en determinadas rúas municipais.

#### ARTIGO 4.- COTAS

As tarifas desta taxa serán as seguintes:

1.- Tarifa xeral pre-pagada:

1.1 Ata 28 minutos.	0,25 €
1.2 De máis de 28 minutos ata 65 minutos.	0,60 €
1.3 De máis de 66 minutos ata 91 minutos.	1,00 €
1.4 De máis de 91 minutos ata 120 minutos.	1,35 €

2.- Tarifa de residentes:

A tarifa será de 0,30 € por cada dúas horas, sen límite no tempo de estacionamento.

Poderán facerse con tarxetas de estacionamento para cada trimestre natural por importe de 33,00 €/trimestre. Así mesmo, poderán adquirir tarxetas de estacionamento anuais por importe de 95,00 €.

3.- A tarifa postpagada, se a duración de aparcamento se excede da sinalada no ticket nun máximo dunha hora, será de 2,45 €, tarifa establecida ao amparo do disposto no artigo 9 do Texto refundido da ordenanza reguladora do servizo de aparcamento na vía pública mediante máquinas expendedoras de tickets na cidade de Vigo.

#### DISPOSICIÓN FINAIS

2ª.- A presente modificación entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro do ano 2012, permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

Segundo.- Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

Terceiro.- Para o caso de non se presentar reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- a) Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- b) Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

3.22.(177).- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DOS DEREITOS E TAXAS POLA CONCESIÓN DE LICENZAS PARA CONSTRUCIÓN, OBRAS E INSTALACIÓN TRAMITADAS POLA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO ASÍ COMO POLA ADMINISTRACIÓN DO CONCELLO.

ANTECEDENTES.- Con data 5 de agosto de 2011 a directora de ingresos, presenta proposta de modificación da ordenanza reguladora das taxas pola concesión de licenzas para construcións, obras e instalacións tramitadas pola Xerencia Municipal de Urbanismo así como pola administración do Concello, no sentido que figura na parte dispositiva deste acordo.

Con data 18 de agosto, o secretario do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, coa conformidade do presidente, ditamina favorablemente á

-----  
S. Ordinaria 08.09.11

proposta de modificación presentada.

Con data do mesmo mes de agosto a Intervención Xeral non formula obxección ningunha á devandita proposta.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 23 de agosto de 2011, presta a súa conformidade ó informe proposta citado anteriormente.

A comisión informativa de Economía, Facenda e Educación, en sesión do 29 de agosto, por maioría, ditaminou favorablemente.

VOTACIÓN E ACORDO: Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Bravo Bosch, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira e Relova Quinteiro, acórdase:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a seguinte modificación da ordenanza fiscal reguladora dos dereitos e taxas pola concesión de licenzas para construcións, obras e instalacións tramitadas pola xerencia municipal de urbanismo así como pola administración do concello:

#### ARTIGO 7.-

As cotas a satisfacer resultarán de aplicar os tipos seguintes:

- A.- Licenzas de obra: 0,95 por cento sobre a base liquidable.
- B.- Outros servizos:
  - 1.- Aliñacións e rasantes, por cada 10 m/l ou fracción. 6,15 €
  - 2.- Inspección de obras que se practiquen a instancia do titular da licenza ou por imperativo legal ou causa de expediente contradictorio, por unidade. 24,45 €
  - 3.- Inspección de actividades e instalacións que se practiquen a instancia do titular da licenza ou por imperativo legal, por unidade. 12,05 €
  - 4.- Licenzas de parcelación urbanística, por cada parcela

	resultante.	47,15 €
5.-	Autorizacións previas en solo non urbanizable (incluíndo custo anuncio prensa).	60,30 €
6.-	Licenzas de primeira ocupación.	
6.1	USO RESIDENCIAL VIVENDAS UNIFAMILIARES E “ADOSADOS”	
6.1.1.	Vivendas de superficie construída inferior a 100 m2, por cada unha.	26,25 €
6.1.2.	Vivendas de superficie construída entre 101 m2 e 250 m2, por cada unha.	105,45 €
6.1.3.	Vivendas de superficie construída superior a 250 m2, por cada unha.	245,50 €
6.2	USO RESIDENCIAL VIVENDAS COLECTIVAS	
6.2.1.	Vivendas (incluídos estudos e apartamentos), por cada unha.	13,50 €
6.2.2.	Baixos lóbregos, por cada un.	17,95 €
6.2.3.	Baixos divididos, por cada un.	9,05 €
6.2.4.	Sotos, semisotos e plantas de uso accesorio tales como garaxes, rochos, bodegas, etc, por cada planta ou semiplanta.	13,50 €
6.3	OUTROS USOS	
6.3.1.	Naves industriais, edificios comerciais, de oficinas, de servizos, etc, ata 500 m2 de superficie construída, por cada 10 m2 ou fracción.	1,70 €
	Por cada m2. de exceso.	0,35 €
7.	Solicitud de declaración de ruína.	302,35 €
8.	Por tramitación de proxecto de execución que desenvolva un proxecto básico que xa obtivera licenza e, sempre e cando, o presuposto de execución coincida co presuposto básico.	225,20 €
9.	Por tramitación de expedientes de iniciativa particular relativos a planeamento secundario ou de desenvolvemento e de xestión urbanística, o importe da taxa ascenderá, en cada caso, ao custe dos anuncios en Diarios oficiais e prensa local.	

Os interesados poderán tramitar e costear directamente as devanditas publicacións. Neste caso non se devenga taxa ningunha.

Se o resultado de aplicación das tarifas previstas neste artigo fose inferior a 21,60 €, prevalecerá este importe como cota mínima.

ARTIGO 8.-

2.- No caso de licenzas de obras para rebaixe de bordo de beirarrúas en establecementos comerciais ou industriais, o titular da licenza deberá depositar fianza por importe de 197,00 € que o Concello devolverá no momento no que o bordo sexa reparado e a beirarrúa volva ao seu estado primitivo.

#### DISPOSICIÓN ADICIONAIS

3ª.- O Concello adecuará o presente texto á lexislación estatal e autonómica ditada para a transposición da Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006 relativa aos servizos no mercado interior, facultándose á Dirección de Ingresos para a elaboración do correspondente texto refundido.

#### DISPOSICIÓN FINAIS

2ª.- Esta modificación entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2012, ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

Segundo.- Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

Terceiro.- Para o caso de non se presentar reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- a) Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- b) Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

#### 3.23.(178).- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POR LICENZAS DE ACTIVIDADES E INSTALACIÓN S.

ANTECEDENTES.- Con data 5 de agosto de 2011 a directora de ingresos, presenta proposta de modificación da ordenanza reguladora das taxas por licenzas de actividades e instalacións, no sentido que figura na parte dispositiva deste acordo.

Con data 18 de agosto, o secretario do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, coa conformidade do presidente, ditamina favorablemente á

proposta de modificación presentada.

Con data do mesmo mes de agosto a Intervención Xeral non formula obxección ningunha á devandita proposta.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 23 de agosto de 2011, presta a súa conformidade ó informe proposta citado anteriormente.

A comisión informativa de Economía, Facenda e Educación, en sesión do 29 de agosto, por maioría, ditaminou favorablemente.

**VOTACIÓN E ACORDO:** Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Bravo Bosch, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira e Relova Quinteiro, acórdase:  
Primeiro.- Aprobar provisionalmente a seguinte modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas por licenzas de actividades e instalacións.

## ARTIGO 2.- FEITO IMPOÑIBLE

### 1.

Igualmente, constitúe feito impoñible desta taxa a actividade municipal consistente no procedemento de intervención e control en actividades suxeitas a o deber de “comunicación previa”, nos termos regulados na ordenanza específica de adaptación básica de tramitación de licenzas urbanísticas e medio ambientais á directiva 2006/123/CE, así como no artigo 20.4 i) do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

## ARTIGO 5.- COTA TRIBUTARIA E TARIFAS

### 1.1. Superficie do local:

ata	50 m2.		47,25 €
de	51 m2 a	150 m2	56,70 €
de	51 m2 a	200 m2	255,00 €
de	201 m2 a	500 m2	573,79 €
de	501 m2 a	1000 m2	1.418,15 €

de 1001 m2 a	2000 m2	2.836,35 €
de 2001 m2 a	5000 m2	5.672,45 €
de máis de	5000 m2	6.617,60 €

### 1.2.-

Potencia nominal:

Sen potencia ningunha		0 €
ata 10 CV		135,15 €
de 11 CV a	20 CV	179,95 €
de 21 CV a	25 CV	225,35 €
de 26 CV a	50 CV	270,35 €
de 51 CV a	100 CV	315,25 €

de máis de 100 CV; aplicarase á totalidade da potencia computable á tarifa de 3,10 € por CV.

### 2.-

Superficie do local:

ata 50 m		223,60 €
de 51 m2 a	150 m2	28,35 €
de 151 m2 a	200 m2	127,46 €
de 201 m2 a	500 m2	254,98 €
de 501 m2 a	1.000 m2	756,10 €
de 1.001 m2 a	2.000 m2	1.418,15 €
de 2.001 m2 a	5.000 m2	2.363,20 €
de máis de	5.000 m2	3.309,20 €

### 3.

Potencia:

Ata 2000 KVA 360,10 €

Polo exceso de 2000 KVA a 5000 KVA, incrementarase a tarifa anterior, por cada 100 KVA en fracción de exceso 22,45 €

Polo exceso de 5000 KVA ata 10000 KVA, incrementarase a suma das tarifas anteriores, por cada 100 KVA ou fracción de exceso 13,25 €

Polo exceso de 10.000 KVA, incrementarase a suma das tarifas anteriores, por cada 100 KVA ou fracción de exceso 9,00 €

### DISPOSICIÓNS ADICIONAIS.

3ª.- O Concello adecuará o presente texto á lexislación estatal e autonómica ditada para a transposición da Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006 relativa aos servizos no mercado interior, facultándose á Dirección de Ingresos para a elaboración do correspondente texto refundido.

Segundo.- Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con

inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

Terceiro.- Para o caso de non se presentar reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- a) Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- b) Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

### 3.24.(179).- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLOS SERVIZOS QUE PRESTA O ORGANISMO AUTÓNOMO MUNICIPAL PARQUE DAS CIENCIAS VIGOZOO A TRAVÉS DO SEU PARQUE ZOOLOXICO.

ANTECEDENTES.- Con data 1 de agosto de 2011 a directora de ingresos, presenta proposta de modificación da ordenanza reguladora das taxas polos servizos que presta o organismo autónomo municipal VigoZoo a través do seu parque zoológico, no sentido que figura na parte dispositiva deste acordo.

Con data 18 de agosto, o secretario do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, coa conformidade do presidente, ditamina favorablemente á proposta de modificación presentada.

Con data do mesmo mes de agosto a Intervención Xeral non formula obxección ningunha á devandita proposta.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 23 de agosto de 2011, presta a súa conformidade ó informe proposta citado anteriormente.

A comisión informativa de Economía, Facenda e Educación, en sesión do 29 de agosto, por maioría, ditaminou favorablemente.

VOTACIÓN E ACORDO: Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos



membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Bravo Bosch, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira e Relova Quinteiro, acórdase:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a seguinte modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas polos servizos que presta o organismo autónomo municipal parque das ciencias VigoZoo a través do seu parque zoolóxico.

### ARTIGO 3.- EXENCIONS E BONIFICACIONS

c) Estarán exentos das taxas reguladas na presente ordenanza, os membros de familias con ingresos brutos anuais *per capita* inferiores a 3.675 €. A titularidade de Bens Inmobles de Natureza Urbana, a excepción da vivenda na que residen, non deberá superar un valor catastral total de 49.305 €.

### ARTIGO 4.- COTAS

As cotas tributarias relativas as taxas reguladas nesta ordenanza determinaranse con arranxo ás seguintes tarifas:

Por cada visitante no que non concorran as circunstancias do artigo 3º) para a exención:

1.	Tarifa xeral de entrada:	
a)	De 3 a 16 anos, ámbolos dous inclusive, xubilados e pensionistas sen dereito a exención (no caso de menores deberán ir acompañados dun adulto)	2,55
b)	De 17 a 64 anos, ambos inclusive	5,05
c)	Abono anual persoal e intransferible):	
-	Bono familiar (familias de hasta 5 membros e cuxos fillos non superen os 18 anos.	29,15
-	Bono individual	17,50
d)	Visitas escolares organizadas non exentas, por cada visitante:	1,90
e)	Grupos organizados adultos:	3,90
f)	Aniversarios segundo menú	
-	Menú A	4,95
-	Menú B	7,60
-	Menú C	9,35
g)	Un día no Zoo	17,00
h)	½ día no Zoo	6,80
i)	Aula no Zoo	11,30
j)	Unha noite no Zoo	43,95
k)	Campamento semanal	84,30

As cotas correspondentes aos apartados f, g, h, i, j e k poderán experimentar os incrementos que procedan cando se inclúan prestacións especiais non contempladas entre as anteriores que se valorarán polo seu custe.

- 2.- Tarifa reducida:  
- Por cada persoa: 1,60

Aplicarase aos seguintes colectivos e persoas:

- a) Persoas con carné mozo.
- b) Discapacitados.
- c) Persoas con tarxetas turísticas ou promocionais expedidas polo Concello de Vigo.
- d) Usuarios de promocións levadas a cabo por empresas colaboradores do Parque das Ciencias VigoZoo.

- 3.- Cota de utilización do auditorio por día:  
a) Menos de 4 horas 70,10  
b) Por cada xornada 210,25

#### DISPOSICIÓN FINAIS

2ª.- Esta ordenanza entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse a partir do 1 de xaneiro de 2012, permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

Segundo.- Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

Terceiro.- Para o caso de non se presentar reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- a) Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- b) Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

3.25.(180).-MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE, REDE DE SUMIDOIROS, SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS.

ANTECEDENTES.- Con data 1 de agosto de 2011 a directora de ingresos, presenta proposta de modificación da ordenanza reguladora das taxas pola prestación de servizos de subministración de auga potable, rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais, no sentido que figura na parte dispositiva deste acordo.

Con data 18 de agosto, o secretario do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, coa conformidade do presidente, ditamina favorablemente á proposta de modificación presentada.

Con data do mesmo mes de agosto a Intervención Xeral non formula obxección ningunha á devandita proposta.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 23 de agosto de 2011, presta a súa conformidade ó informe proposta citado anteriormente.

A comisión informativa de Economía, Facenda e Educación, en sesión do 29 de agosto, por maioría, ditaminou favorablemente.

Emenda formulada por escrito de data 5 de setembro, polo voceiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Domínguez Olveira:

Entendemos que é obriga da administración local promover o consumo responsable da auga favorecendo os consumos sostibles e penalizando economicamente os consumos abusivos.

Ademais é preciso ter en conta que, na actualidade, os mapas de consumo da nosa cidade son desiguais e ao cargar, xa que logo, o exceso de consumo dunha parte na outra, estase realizando unha política impositiva desigual e favorecendo o aumento dos consumos de auga.

Por todo isto, solicitamos do actual goberno municipal que realice canto antes un estudo que teña como obxectivo a redistribución e reestruturación da tarifa da auga para lograr un acordo político no Pleno desta corporación que sirva para establecer unha política sostible con respecto dun recurso escaso.

**VOTACIÓN DA ANTERIOR EMENDA FORMULADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG:**

Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do

BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece abstencións dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Bravo Bosch, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira e Relova Quinteiro, acórdase aprobar a emenda formulada polo voceiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Domínguez Olveira, co texto transcrito anteriormente.

*A Alcaldía-Presidencia somete a votación o ditame da comisión informativa de Economía, Facenda e Educación xuntamente coa emenda presentada polo Sr. Domínguez Olveira.*

VOTACIÓN E ACORDO: Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Bravo Bosch, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira e Relova Quinteiro, acórdase:  
Primeiro.- Aprobar provisionalmente a seguinte modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas pola prestación de servizos de subministración de auga potable, rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais.

#### ARTIGO 5.- TARIFAS

##### TARIFA I.- COTA DE ABOAMENTO

A cota establecida no presente epígrafe terá carácter fixo, liquidándose en períodos bimestrais conxuntamente coa facturación dos consumos rexistrados.

- Cota de aboamento ó servizo                      3,60 €/usuario/mes

##### TARIFA II.-PRESTACIÓN DO SERVIZO DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE PARA USOS DOMÉSTICOS E NON DOMÉSTICOS

A) Uso doméstico:	
De 0 a 30 m3	0,3647 €/m3
Exceso de 30 ata 50 m3	0,4804 €/m3
Idem de 50 ata 70 m3	0,4881 €/m3
Idem de 70 ata 100 m3	0,8329 €/m3
Idem de 100 ata 200 m3	0,8471 €/m3
Exceso de 200 m3	1,1079 €/m3
B) Uso non doméstico:	
De 0 a 30 m3	0,6921 €/m3
Exceso de 30 ata 50 m3	0,0137 €/m3
Idem de 50 ata 70 m3	1,0451 €/m3
Idem de 70 ata 200 m3	1,2685 €/m3
Idem de 200 ata 500 m3	1,3084 €/m3
Exceso de 500 m3	1,3755 €/m3

#### TARIFA III.- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE REDE DE SUMIDOIROS, SANEAMENTO E DEPURACIÓN DAS AUGAS RESIDUAIS

A) Usos domésticos:	
De 0 a 30 m3	0,3966 €/m3
Exceso de 30 ata 50 m3	0,5146 €/m3
Idem de 50 ata 70 m3	0,5208 €/m3
Idem de 70 ata 100 m3	0,8038 €/m3
Idem de 100 ata 200 m3	0,8121 €/m3
Exceso de 200 m3	0,9210 €/m3
B) Uso non doméstico:	
De 0 a 30 m3	0,6186 €/m3
Exceso de 30 ata 50 m3	0,7807 €/m3
Idem de 50 ata 70 m3	0,7932 €/m3
Idem de 70 ata 200 m3	0,9763 €/m3
Idem de 200 ata 500 m3	1,0964 €/m3
Exceso de 500 m3	1,2630 €/m3

#### DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2012 permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación.

#### ANEXO I

CADRO DE PREZOS DE EXECUCIÓN MATERIAL PARA A REDACCIÓN DE ORZAMENTOS DE CONEXIÓNS E PROLONGACIÓNS DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO CON CARGO ÓS ABONADOS.

- CONEXIÓNS ABASTECIMENTO

1.1.- Conexión de abastecemento de lonxitude ata 6 mts., realizada con tubo de polietileno de 20 ou 25 mm. de diámetro, totalmente instalada, incluíndo escavación e recheo así como levantamento e reposición de pavimentación.	591,49 €
1.2.- Conexión de abastecemento de lonxitude ata 6 mts., realizada con tubo de polietileno de 30 mm. de diámetro, sen boca de incendios/rego e excluído levantamento e reposición de pavimentación.	962,36 €
1.3.- Conexión de abastecemento de lonxitude ata 6 mts., realizada con tubo de polietileno de 40 mm. de diámetro, sen boca de incendios/rego e excluído levantamento e reposición de pavimentación.	1.005,99 €
1.4.- Conexión de abastecemento de lonxitude ata 6 mts., realizada con tubo de polietileno de 50 mm. de diámetro, sen boca de incendios/rego e excluído levantamento e reposición de pavimentación.	1.044,55 €
1.5.- Conexión de abastecemento de lonxitude ata 6 mts., realizada con tubo de polietileno de 63 mm. de diámetro, sen boca de incendios/rego e excluído levantamento e reposición de pavimentación.	1.081,57 €
1.6.- Conexión de abastecemento de lonxitude ata 6 mts., realizada con tubo de polietileno de 75 mm. de diámetro, sen boca de incendios/rego e excluído levantamento e reposición de pavimentación.	1.116,58 €
1.7.- Conexión de abastecemento de lonxitude ata 6 mts., realizada con tubo de polietileno de 90 mm. de diámetro, sen boca de incendios/rego e excluído levantamento e reposición de pavimentación.	1.344,37 €
1.8.- Conexión de abastecemento de lonxitude ata 6 mts., realizada con tubo de polietileno de 40 mm. de diámetro para boca de incendios/rego, excluído levantamento e reposición de pavimentación.	1.005,99 €
1.9.- Conexión de abastecemento de lonxitude ata 6 mts., realizada con tubo de polietileno de 50 mm. de diámetro, para boca de incendios/rego e excluído levantamento e reposición de pavimentación.	1.044,55 €
1.10.- Conexión de abastecemento de lonxitude ata 6 mts., realizada con tubo de polietileno de 63 mm. de diámetro, para boca de incendios/rego e excluído levantamento e reposición de pavimentación.	1.081,57 €
1.11. Conexión de abastecemento de lonxitude ata 6 mts., realizada	1.116,58 €

con tubo de polietileno de 75 mm. de diámetro para hidrante de incendios, excluído levantamento e reposición de pavimentación.	
1.12.- Conexión de abastecemento de lonxitude ata 6 mts., realizada con tubo de polietileno de 90 mm. de diámetro, para boca de incendios/regó e excluído levantamento e reposición de pavimentación.	1.344,37 €
1.13. Conexión a rede existente en ampliacións de Abastecemento con tubería de FD-100 mm, incluída mano de obra, empalmes e pezas especiais si fose necesario, excluída válvula de corte.	405,77 €
1.14. Conexión a rede existente en ampliacións de Abastecemento con tubería de FD- 150 mm, incluída mano de obra, empalmes e pezas especiais si fose necesario, excluída válvula de corte.	501,89 €
1.15. Conexión a rede existente en ampliacións de Abastecemento con tubería de FD- 200 mm, incluída mano de obra, empalmes e T de derivación, excluída válvula de corte.	653,36 €
1.16. Ml. De subministración e colocación de tubo de polietileno de 20 mm. de diámetro para conexións de lonxitude maior de 6 mts. Totalmente instalado incluso escavación e recheo, sen incluír levantamento e reposición de pavimentación.	18,82 €
1.17. Ml. De subministración e colocación de tubo de polietileno de 25 mm. de diámetro para conexións de lonxitude maior de 6 mts. Totalmente instalado incluso escavación e recheo, sen incluír levantamento e reposición de pavimentación.	19,79 €
1.18. Ml. De subministración e colocación de tubo de polietileno de 30 mm. de diámetro para conexións de lonxitude maior de 6 mts. Totalmente instalado incluso escavación e recheo, sen incluír levantamento e reposición de pavimentación.	21,18 €
1.19. Ml. De subministración e colocación de tubo de polietileno de 40 mm. de diámetro para conexións de lonxitude maior de 6 mts. Totalmente instalado incluso escavación e recheo, sen incluír levantamento e reposición de pavimentación.	23,28 €

## 2.- CONEXIÓN DE SANEAMENTO

2.1. Conexión de saneamento de lonxitude igual ou inferior a 6 mts. realizada con tubo de PVC de 20 cm. de diámetro, incluída a reposición de pavimentación e pozo se fora necesario.	906,95 €
2.2. Conexión de saneamento de lonxitude entre 6 e 9 mts. realizada con tubo de PVC de 20 cm. de diámetro, incluída a reposición de pavimentación e pozo se fora necesario.	1.133,69 €
2.3. Conexión de saneamento de lonxitude entre 9 e 12 mts. realizada con tubo de PVC de 20 cm. de diámetro, incluída a reposición de pavimentación e pozo se fora necesario.	1.587,19 €

2.4. Conexión de saneamento de lonxitude igual ou inferior a 6 mts. realizada con tubo de PVC de 25 cm. de diámetro, excluído levantamento e reposición de pavimentación e pozo.	711,25 €
2.5. Conexión de saneamento de lonxitude igual ou inferior a 6 mts. realizada con tubo de PVC de 31,5 cm. de diámetro, excluído levantamento e reposición de pavimentación e pozo.	891,56 €
2.6. Conexión de saneamento de lonxitude igual ou inferior a 6 mts. realizada con tubo de PVC de 40 cm. de diámetro, excluído levantamento e reposición de pavimentación e pozo.	1.100,27 €
2.7. Conexión de saneamento de lonxitude igual ou inferior a 6 mts. realizada con tubo de PVC de 50 cm. de diámetro, excluído levantamento e reposición de pavimentación e pozo.	1.371,31 €
2.8. Conexión a rede existente en ampliacións de saneamento, para tuberías de diámetro inferior a 80 cm., incluídos materiais e mano de obra.	404,53 €
2.9. MI. De subministración e colocación de tubo de PVC de 20 cm. de diámetro, totalmente instalado incluso escavación e recheo, para conexións de lonxitude maior de 12 mts, excluído levantamento e reposición de pavimentación.	69,91 €
2.10. MI. De subministración e colocación de tubo de PVC de 25 cm. de diámetro, totalmente instalada incluso escavación e recheo, para conexións de lonxitude maior de 6 mts, excluído levantamento e reposición de pavimentación.	85,11 €
2.11. MI. De subministración e colocación de tubo de PVC de 31,5 cm. de diámetro, totalmente instalado incluso escavación e recheo, para conexións de lonxitude maior de 6 mts, excluído levantamento e reposición de pavimentación.	113,47 €
2.12. MI. De subministración e colocación de tubo de PVC de 40 cm. de diámetro, totalmente instalada incluso escavación e recheo, para conexións de lonxitude maior de 6 mts, excluído levantamento e reposición de pavimentación.	146,28 €
2.13. MI. De subministración e colocación de tubo de PVC de 50 cm. de diámetro, totalmente instalado incluso escavación e recheo, para conexións de lonxitude maior de 6 mts, excluído levantamento e reposición de pavimentación.	188,90 €

### 3.- ESCAVACIÓN E RECHEOS.

3.I. M3. De escavación en gabia, con medios mecánicos en terreo de tránsito, incluso esteamento e esgotamento, recheo da gabia con terras compactadas ó 95% do Próctor Normal, procedentes da escavación ou de préstamos e en ambos casos con áridos seleccionados ((20 mm. ata 30 cm. Sobre a clave do tubo e o resto exenta de pedras maiores de 8 cm., por tongadas de 15 cm. de	27,91 €
---	---------



grosor medidos sobre perfil, unha vez instalada a canalización e transporte de produtos sobrantes ó vertedoiro.

3.2. M3. De escavación en gabia, con medios mecánicos en roca, incluso esteamento e esgotamento, recheo da gabia con terras compactadas al 95% do Próctor Normal, procedentes da escavación ou de préstamos e en ambos casos con áridos seleccionados 20 mm. ata 30 cm. Sobre a clave do tubo e o resto exenta de pedras maiores de 8 cm., por tongadas de 15 cm. de grosor medidos sobre perfil, unha vez instalada a canalización e transporte de produtos sobrantes ó vertedoiro. 65,21 €

#### 4. LEVANTAMENTO E REPOSICIÓN DE PAVIMENTACIÓNS.

4.1. M2. De levantamento e reposición de macadam con dous regos asfálticos de 7 Kg. De ligante ECR-2 con 0,300 m3. De áridos, completamente rematada. 18,35 €

4.2. M2. De levantamento e reposición de pavimentación, composto de capa de aglomerado asfáltico en quente tipo D-12 con capa de oito (8) cm. de grosor, estendida e compactada, incluso rego de adherencia e varrido de calzada, asentado sobre base de formigón Fck de 150 Kp/cm2. De resistencia característica de vinte (20) cm. de grosor, completamente rematado. 61,15 €

4.3. M2. De levantamento e reposición de pavimentación, composto de capa de aglomerado asfáltico en quente tipo D-12 con capa de oito (8) cm. de grosor, estendida e compactada, incluso rego de adherencia e varrido de calzada, asentado sobre base de formigón Fck de 150 Kp/cm2. De resistencia característica de trinta (30) cm. de grosor, completamente rematado. 76,84 €

4.4. M2. De levantamento e reposición de pavimentación de formigón de 150 Kp/cm2. De resistencia característica de 20 cm. de grosor, completamente rematado. 35,99 €

4.5. M2. De levantamento e reposición de baldosa de terrazo en cores, na beirarrúa, asentada sobre base de formigón de fck 150 Kp/cm2. De resistencia característica de 10 cm. de grosor, completamente rematado. 57,86 €

4.6. M2. De levantamento e reposición de baldosas de cemento, modelo oficial, asentada sobre base de formigón de fck 150 Kp/cm2. De resistencia característica de 10 cm. de grosor, completamente rematado. 42,84 €

4.7. M2. De levantamento e reposición de taco de pedra de gran sobre area aproveitando o taco, levantado e repoñendo o necesario, completamente rematado. 19,92 €

4.8. M2. De levantamento e reposición de taco de pedra de gran sobre base de formigón de fck 150 Kp/cm2. De resistencia 56,42 €

característica de 20 cm. de grosor aproveitando o taco, levantado e repoñendo o necesario, completamente rematado.

4.9. M2. De levantamento e reposición de baldosa de perpiaño asentada sobre base de formigón de fck 150 Kp/cm<sup>2</sup>. De resistencia característica e 20 cm. de grosor, completamente rematado. 143,58 €

4.10. M2. De levantamento e reposición de chapacuña con dous regos asfálticos de 7Kg. De ligante ECR-2, con 0,300 m<sup>3</sup>. De áridos, completamente rematado. 18,37 €

#### 5.- INSTALACIÓN DE TUBO DE ABASTECIMIENTO.

5.1. Ml. De subministración e colocación tubo de fundición, de diámetro 60 mm., instalada sobre cama de area da propia escavación, incluso p.p. de pezas especiais, excepto conexións, medida a cinta corrida, probada a 1,4 Pt. 16,57 €

5.2. Ml. De subministración e colocación tubo de fundición, de diámetro 80 mm., instalada sobre cama de area da propia escavación, incluso p.p. de pezas especiais, excepto conexións, medida a cinta corrida, probada a 1,4 Pt. 21,59 €

5.3. Ml. De subministración e colocación tubo de fundición, de diámetro 100 mm., instalada sobre cama de area da propia escavación, incluso p.p. de pezas especiais, excepto conexións, medida a cinta corrida, probada a 1,4 Pt. 25,37 €

5.4. Ml. De subministración e colocación tubo de fundición, de diámetro 125 mm., instalada sobre cama de area da propia escavación, incluso p.p. de pezas especiais, excepto conexións, medida a cinta corrida, probada a 1,4 Pt. 33,04 €

5.5. Ml. De subministración e colocación tubo de fundición, de diámetro 150 mm., instalada sobre cama de area da propia escavación, incluso p.p. de pezas especiais, excepto conexións, medida a cinta corrida, probada a 1,4 Pt. 35,92 €

5.6. Ml. De subministración e colocación tubo de fundición, de diámetro 175 mm., instalada sobre cama de area da propia escavación, incluso p.p. de pezas especiais, excepto conexións, medida a cinta corrida, probada a 1,4 Pt. 40,14 €

5.7. Ml. De subministración e colocación tubo de fundición, de diámetro 200 mm., instalada sobre cama de area da propia escavación, incluso p.p. de pezas especiais, excepto conexións, medida a cinta corrida, probada a 1,4 Pt. 53,44 €

5.8. Ml. De subministración e colocación tubo de fundición, de diámetro 250 mm., instalada sobre cama de area da propia escavación, incluso p.p. de pezas especiais, excepto conexións, medida a cinta corrida, probada a 1,4 Pt. 68,87 €

5.9. MI. De subministración e colocación tubo de fundición, de diámetro 300 mm., instalada sobre cama de area da propia escavación, incluso p.p. de pezas especiais, excepto conexións, medida a cinta corrida, probada a 1,4 Pt.	85,40 €
5.10. MI. De subministración e colocación tubo de fundición, de diámetro 350 mm., instalada sobre cama de area da propia escavación, incluso p.p. de pezas especiais, excepto conexións, medida a cinta corrida, probada a 1,4 Pt.	105,75 €
5.11. MI. De subministración e colocación tubo de fundición, de diámetro 400 mm., instalada sobre cama de area da propia escavación, incluso p.p. de pezas especiais, excepto conexións, medida a cinta corrida, probada a 1,4 Pt.	131,50 €
5.12. MI. De subministración e colocación tubo de fundición, de diámetro 450 mm., instalada sobre cama de area da propia escavación, incluso p.p. de pezas especiais, excepto conexións, medida a cinta corrida, probada a 1,4 Pt.	153,10 €
5.13. MI. De subministración e colocación tubo de fundición, de diámetro 500 mm., instalada sobre cama de area da propia escavación, incluso p.p. de pezas especiais, excepto conexións, medida a cinta corrida, probada a 1,4 Pt.	174,21 €
5.14. MI. De subministración e colocación de tubo de polietileno de 1 ¼", incluso p.p. de pezas, excepto conexións, medida a cinta corrida e probada.	9,46 €
5.15. MI. De subministración e colocación de tubo de polietileno de 1 ½", incluso p.p. de pezas, excepto conexións, medida a cinta corrida e probada.	10,48 €
5.16. MI. De subministración e colocación de tubo de polietileno de 2", incluso p.p. de pezas, excepto conexións, medida a cinta corrida e probada.	13,41 €

#### 6.- VÁLVULAS PARA REDE DE ABASTECIMENTO.

6.1. Ud. Subministración e colocación válvula de comporta para tubo de abastecemento de 60 mm.	239,27 €
6.2. Ud. Subministración e colocación válvula de comporta para tubo de abastecemento de 80 mm.	267,64 €
6.3. Ud. Subministración e colocación válvula de comporta para tubo de abastecemento de 100 mm.	296,86 €
6.4. Ud. Subministración e colocación válvula de comporta para tubo de abastecemento de 125 mm.	425,61 €
6.5. Ud. Subministración e colocación válvula de comporta para tubo de abastecemento de 150 mm.	451,43 €

6.6. Ud. Subministración e colocación válvula de comporta para tubo de abastecemento de 175 mm.	712,29 €
6.7. Ud. Subministración e colocación válvula de comporta para tubo de abastecemento de 200 mm.	747,33 €
6.8. Ud. Subministración e colocación válvula de mariposa para tubo de abastecemento de 250 mm.	1.233,43 €
6.9. Ud. Subministración e colocación válvula de mariposa para tubo de abastecemento de 300 mm.	1.490,32 €
6.10. Ud. Subministración e colocación válvula de mariposa para tubo de abastecemento de 350 mm.	1.991,33 €
6.11. Ud. Subministración e colocación válvula de mariposa para tubo de abastecemento de 400 mm.	2.535,86 €
6.12. Ud. Subministración e colocación válvula de mariposa para tubo de abastecemento de 450 mm.	5.367,33 €
6.13. Ud. Subministración e colocación válvula de mariposa para tubo de abastecemento de 500 mm.	5.767,26 €

## 7. INSTALACIÓN DE TUBO DE SANEAMIENTO.

7.1. MI de subministro e colocación de tubo de PVC de 250 mm, de diámetro exterior, clase 41 serie 5 con xunta de enchufe e elastómero de unión con sección en z, incluso parte proporcional de unión, totalmente instalado.	41,55 €
7.2. MI de subministro e colocación de tubo de PVC de 315 mm, de diámetro exterior, clase 41 serie 5 con xunta de enchufe e elastómero de unión con sección en z, incluso parte proporcional de unión, totalmente instalado.	69,62 €
7.3. MI de subministro y colocación de tubo de PVC de 400 mm, de diámetro exterior, clase 41 serie 5 con xunta de enchufe e elastómero de unión con sección en z, incluso parte proporcional de unión, totalmente instalado.	94,19 €
7.4. MI de subministro e colocación de tubo de PVC de 500 mm, de diámetro exterior, clase 41 serie 5 con xunta de enchufe e elastómero de unión con sección en z, incluso parte proporcional de unión, totalmente instalado.	138,24 €
7.5. MI de subministro e colocación de tubo de PVC de 600 mm, de diámetro exterior, clase 41 serie 5 con xunta de enchufe e elastómero de unión con sección en z, incluso parte proporcional de unión, totalmente instalado.	155,34 €
7.6. MI de subministro e colocación de tubo de PVC de 800 mm, de diámetro exterior, clase 41 serie 5 con xunta de enchufe e elastómero de unión con sección en z, incluso parte proporcional de	251,19 €

uniões, totalmente instalado.

## 8.- REXISTROS

8.1. Unidade de pozo de rexistro de 1,50 x 1,50 ata 2,50 m. De profundidade, formado por soleira de formigón en masa de 125 Kg/cm<sup>2</sup>. De resistencia característica, de 20 cm. de grosor, paramentos de formigón en masa de 150 Kg/cm<sup>2</sup>. De resistencia característica, tapa e arillo de fundición dúctil reforzado, non ventilada da calzada, escavación, recheo e transporte de terras sobrantes ó vertedoiro, construído segundo NTE/IFA, medida a unidade rematada, con calzos de formigón nas pezas correspondentes a dito rexistro. 982,93 €

8.2. Unidade de pozo de rexistro de 1,50 x 2,00 ata 2,50 m. De profundidade, formado por soleira de formigón en masa de 125 Kg/cm<sup>2</sup>. De resistencia característica, de 20 cm. de grosor, paramentos de formigón en masa de 150 Kg/cm<sup>2</sup>. De resistencia característica, tapa e arillo de fundición dúctil reforzado, non ventilada da calzada, escavación, recheo e transporte de terras sobrantes ó vertedoiro, construído segundo NTE/IFA, medida a unidade rematada, con calzos de formigón nas pezas correspondentes a dito rexistro. 1.020,73 €

8.3. Ud. De pozo de rexistro, sen areeiro, de 1,00 m. De diámetro, formado por soleira de formigón de 200 Kp/cm<sup>2</sup>. De R.C., y de 20 cm. de grosor, arillos de formigón, tapas e cerca de fundición dúctil de calzada, incluso escavación en todo terreo, recheo e transporte de terras sobrantes ó vertedoiro, construído segundo NTE/ISA-14, NTE/ISS-55, e Ordenanza, medida a unidade rematada. 572,87 €

8.4. Ud. De adaptación ó pozo existente, incluíndo cono, marco e tapa de fundición dúctil con dispositivo de acerroxado. 281,71 €

## 9.- TRABALLOS ESPECIAIS.

9.1. Ud. De colocación de contador de ata 40 mm. de diámetro, sen incluír o aparello, en reposicións de subministración interrompido por fraude. 72,73 €

9.2. Ud. De reposición de conexión de abastecemento anulada por detección de fraude. 145,45 €

## 10.- PREZOS DE MAN DE OBRA E MAQUINARIA PARA TRABALLOS REALIZADOS POLA ADMINISTRACIÓN.

### 10.1. MAQUINARIA

10.1.1. Hora de compresor 12,17 €

10.1.2. Hora de camión MAN 38,70 €

10.1.3.	Hora de camión PEGASO	30,95 €
10.1.4.	Hora de camión EBRO	25,43 €
10.1.5 .	Hora de retroescavadora TY-45.	42,01 €
10.1.6.	Hora de retroescavadora TY-45 con martillo	105,03 €
10.1.7.	Hora de retroescavadora LY-80.	54,18 €
10.1.8.	Hora de carterpillar 955/950.	54,18 €
10.1.9.	Hora de tractor grúa.	30,95 €
10.1.10.	Hora rodete compactador.	43,12 €
10.1.11.	Hora de bituminadora.	37,59 €
10.1.12.	Hora de compactadora tipo ra, bandexa	8,01 €
10.1.13.	Hora cortadora de pavimentos	24,05 €
10.1.14.	Hora de vehículo lixeiro transporte.	16,03 €
10.2 MAN DE OBRA		
10.2.1.	Hora de xornal de PEÓN	10,37 €
10.2.2.	Hora de xornal OFICIAL	10,93 €

Para a redacción do correspondente orzamento, tanto de conexións como de prolongacións de abastecemento e saneamento, os prezos das unidades de obra indicados neste Cadro, deberán ser incrementados no 19% en concepto de Gastos Xerais e Beneficio Industrial. Serán igualmente de aplicación nestes orzamentos os Impostos vixentes en cada momento.

Para a inclusión das unidades de obra non reflectidas neste cadro de prezos nos orzamentos de conexións ou prolongacións da rede, o concesionario reflectirá suficientemente xustificado no orzamento, o prezo das ditas unidades de obra.

Segundo.- Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

Terceiro.- Para o caso de non se presentar reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- a) Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- b) Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

Cuarto.- Realizar canto antes un estudo que teña como obxectivo a redistribución e reestruturación da tarifa da auga para lograr un acordo político no Pleno desta corporación que sirva para establecer unha política sostible con respecto dun recurso escaso

### 3.26.(181).- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DOS PREZOS PÚBLICOS POLA PRESTACIÓN DE ENSINANZAS ESPECIAIS E OUTRAS ACTIVIDADES EN ESTABLECEMENTOS MUNICIPAIS.

ANTECEDENTES.- Con data 1 de agosto de 2011 a directora de ingresos, con conformidade da interventora accidental, presenta proposta de modificación da ordenanza reguladora dos prezos públicos pola prestación de ensinanzas especiais e outras actividades en establecementos municipais, no sentido que figura na parte dispositiva deste acordo.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 23 de agosto de 2011, presta a súa conformidade ó informe proposta citado anteriormente.

A comisión informativa de Economía, Facenda e Educación, en sesión do 29 de agosto, por maioría, ditaminou favorablemente.

VOTACIÓN E ACORDO: Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Oliveira e Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Bravo Bosch, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira e Relova Quinteiro, acórdase:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a seguinte modificación da ordenanza reguladora do prezo público pola prestación de ensinanzas especiais e outras actividades en establecementos municipais.

#### ARTIGO 3.- CONTÍA

As tarifas deste prezo público serán as seguintes:

- a) Cursos e cursiños. Por cada sesenta horas lectivas ou fracción, cota mínima 2,95 €, que poderán ser incrementadas no acto administrativo regulador da convocatoria ata o máximo resultante de dividir o custo total do curso entre o número máximo de inscricións admisibles.

c)	Escola Municipal de Música:	
	Itinerario Música e Movemento:	
-	Matrícula	42,75 €
-	10 mensualidades de	16,95 €
	Itinerarios Instrumental Básico (I e II) e Avanzado:	
-	Matrícula	65,25 €
-	10 mensualidades de	25,90 €
	Itinerario Profesional:	
-	Matrícula	66,95 €
- 1	0 mensualidades de	26,75 €
	Itinerario For-Grup (cunha materia):	
-	Matrícula	52,70 €
-	10 mensualidades de	10,15 €
	Itinerario For-Grup (con dúas materias):	
-	Matrícula	52,70 €
-	10 mensualidades de	21,05 €
	Itinerario For-Grup (con tres ou máis materias):	
-	Matrícula	52,70 €
-	10 mensualidades de	31,60 €
d)	Escola Municipal de Teatro.	
	Para todos os niveis (I, II, III e IV e Formación de actores I e II)	
-	Matrícula	25,30 €
-	9 mensualidades de	21,95 €
	Cursos monográficos	
	20 horas ou fracción.	46,60 €
	40 horas	93,20 €
	60 horas	139,90 €
	80 horas ou mais	186,55 €

(Suprímese ó último parágrafo)

- e) Estarán exentos dos prezos públicos regulados na presente ordenanza, os membros de familias con ingresos brutos anuais *per capita* inferiores a 3.675 €. A titularidade de bens inmoables de natureza urbana, a excepción da vivenda na que residen, non deberá superar un valor catastral total de 49.305 €.

Para o goce desta exención ditarase resolución da Concellería de Economía e Facenda establecendo o procedemento así como a documentación necesaria que acredite o cumprimento da condición anterior.

- f) No caso de que os/as seleccionados/as para a Escola Municipal de Teatro e a



Escola Municipal de Música pertencesen a familias numerosas que contén con ingresos brutos anuais, *per capita*, no exercicio da solicitude inferiores a 5.740 €, quedarán eximidos do pagamento destes prezos públicos.

## DISPOSICIÓN FINAL

Esta ordenanza entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2012, permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

Segundo.- Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

Terceiro.- Para o caso de non se presentar reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- a) Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- b) Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

### 3.27.(182).- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DOS PREZOS PÚBLICOS POR UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS, PERTENCENTES O “INSTITUTO MUNICIPAL DOS DEPORTES”.

ANTECEDENTES.- Con data 1 de agosto de 2011 a directora de ingresos, coa conformidade da interventora accidental, presenta proposta de modificación da ordenanza reguladora dos prezos públicos por utilización das instalacións deportivas municipais, pertencentes ao “Instituto Municipal dos Deportes, no sentido que figura na parte dispositiva deste acordo.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 23 de agosto de 2011, presta a súa conformidade ó informe proposta citado anteriormente.

A comisión informativa de Economía, Facenda e Educación, en sesión do 29 de agosto, por maioría, ditaminou favorablemente.

VOTACIÓN E ACORDO: Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Bravo Bosch, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira e Relova Quinteiro, acórdase:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a seguinte modificación da ordenanza fiscal reguladora dos prezos públicos por utilización das instalacións deportivas municipais, pertencentes o “Instituto Municipal dos Deportes.

#### CAPITULO V.- EXENCIONES

##### ARTIGO 6.-

b) Estarán exentos os alumnos de Escolas deportivas que sexan membros de familias con ingresos brutos anuais *per capita* inferiores a 3.675 €. A titularidade de bens inmoables de natureza urbana, a excepción da vivenda na que residen, non deberá superar un valor catastral total de 49.305 €.

e) Os alumnos de Escolas Deportivas pertencentes a familias numerosas que contén con ingresos brutos anuais, *per capita*, no exercicio da solicitude inferiores a 5.740 €.

##### ARTIGO 18.- PREZOS PÚBLICOS.

###### A) ESPECTÁCULOS.

En todas as instalacións.

- 1 día	4.128,00 euros + iva
- ½ día	2.312,00 euros + iva
- Aluguer escenario	20,65 euros m2 + iva

###### B) ACTIVIDADES CULTURAIS.

- 1 día	577,00 euros + iva
- ½ día	331,00 euros + iva

###### C) ESPECIAL.

Para montar e desmontar  
Hora

37,00 euros + iva

## ARTIGO 19.-

### 1.- ACTIVIDADES DEPORTIVAS- COMPETICIÓNS, ADESTRAMENTOS.

a) ABONO TEMPADA CLUBS E ENTIDADES DEPORTIVAS, para todas as entidades deportivas que soliciten a reserva por tempada do uso dunha instalación deportiva.

#### a.1. EQUIPOS FEDERADOS:

Categoría especial	206,40 €
1ª Categoría (un só equipo)	82,55 €
1ª Categoría (máis de un equipo)	123,85 €
2ª Categoría	61,90 €

a.2.- EQUIPOS NON FEDERADOS 61,90 €

### 2.- COMPETICIÓNS-EXHIBICIÓNS: (sen tempo límite)

Atinxe a todas aquelas actividades deportivas nas que, pola súa configuración, requiran competicións dunha longa ocupación coma Patinaxe, Rítmica, Artes marciais.

Instalacións	Sen taquilla €/hora	Con taquilla €/hora
Pavillón Central	49,50	82,55
Outras Instalacións	28,85	49,50

### 3. PARTIDOS (Baloncesto, balonmán, Voleibol, Fútbol, etc.)

#### a) PAVILLÓN CENTRAL

	Sen taquilla €/hora	Con taquilla €/hora
Categoría especial	66,00	156,90

#### b) OUTRAS INSTALACIÓNS

	€/hora
Categoría especial	61,90
1ª Categoría	28,85
2ª Categoría	13,95

### 4. ADESTRAMENTOS.

#### a) PAVILLÓN CENTRAL

	€/hora
Categoría especial e 1ª categoría	12,35

#### b) OUTRAS INSTALACIÓNS e campos de fútbol.

	Pista enteira €/hora	Pista compartida €/hora
- Categoría especial e 1ª categoría.	7,80	5,75
- 2ª Categoría	5,35	4,15

c) SALAS DEPORTIVAS MULTIUSOS	€/hora
1ª Categoría (un equipo)	4,50
2ª Categoría (un equipo)	2,50

#### ARTIGO 20.- ACTIVIDADES DEPORTIVAS DE RECREO, TEMPO LIBRE E OCIO.

##### 1. ACCESO AS INSTALACIÓNS.

1.1 Adulto	3,05 €
1.2 Menores	2,15 €

##### 2. ABONO DE 20 ENTRADAS (INSTALACIÓNS USO LIBRE).

2.1. Adulto	28,10 €
2.2. Menores	19,00 €

##### 3. TENIS E FRONTÓN E PADEL

###### 3.1. Instalacións cubertas

	1 hora	Bono 10 usos
a) 2 Xogadores	4,50 €	40,70 €
b) 4 Xogadores	5,35 €	47,80 €

###### 3.2. Instalacións descubertas

	1 hora	Bono 10 usos
a) 2 Xogadores	3,05 €	27,70 €
b) 4 Xogadores	4,50 €	40,70 €

###### 3.3. Suplemento de Luz para Tenis, frontón e padel:

	€/hora
Instalacións cubertas	2,10
Instalacións descubertas	1,35

##### 4. XIMNASIOS.

4.1. Mensualidade por actividade/clases dous sesións á semana	15,75 €
--	---------

4.2. Mensualidade por actividade/clases tres sesións a semana	19,85 €
--	---------

###### 4.3. Cotas de abonados os Ximnasios.(uso libre).

4.3.1 Adultos (individual anual)	148,65 €
4.3.2 Menores (individual anual)	91,00 €
4.3.3 Familiar (anual)	214,80 €

Os abonados empadroados en Vigo, terán unha bonificación e o seu prezo é de:

4.3.4 Adultos (individual anual)	123,90 €
4.3.5 Menores (individual anual)	66,00 €
4.3.6 Familiar (anual)	182,15 €

5. SQUASH:		
Reserva uso pista(45 minutos)	1 reserva 4,15 €	Abono 10 usos/reservas 37,50 €

#### ARTIGO 21.- PROGRAMAS DE ENSEÑANZA E PROMOCIÓN DEPORTIVA

1. PROGRAMAS CON PROFESOR (CURSOS NATACIÓN)	
1.1. Adultos/mes	32,30 €
1.2. Menores/mes	20,65 €
2. PROGRAMAS DE CAMPAÑAS DE "NATACIÓN"	
	€/alumno/mes
2.1. Grupo colexios	7,25 €
2.2. Outros programas	13,30 €
3. ESCOLAS DEPORTIVAS:	
3.1. Escolas Deportivas	
Por alumno/a-curso	41,35 €

#### ARTIGO 22.- OUTROS USOS:

1. COLEXIOS:	
Instalacións deportivas	8,35 €/hora
2. ACADEMIAS PRIVADAS	
Instalacións deportivas	16,50 €/hora
3. RENOVACIÓN DO CARNÉ	
Renovación de carné	0,90 €
4. SALA DE REUNIÓN:	
Sala de reunións:	2,50 €/hora

#### DISPOSICIÓN FINAIS

Esta modificación entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse a partir do día 1 de Xaneiro de 2012, ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

Segundo.- Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

Terceiro.- Para o caso de non se presentar reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

a) Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.

- b) Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

3.28.(183).- RECURSO DE REPOSICIÓN FORMULADO POR DON ÁNGEL COMESAÑA PÉREZ CONTRA ACORDO PLENARIO DO 05.04.11 DE DESAFECTACIÓN TRAMO RAMAL 5 DA ESTRADA DE FRAGOSELO. EXPTE. 18822/240 (136/1101)

ANTECEDENTES.- Segundo se sinala no informe emitido con data 28 de xullo de 2011 polo xefe do Servizo de Patrimonio, coa conformidade da concelleira delegada e máis da secretaria xeral do Pleno:

#### “NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 7/1985, de 2 do abril, Reguladora das bases do Réxime local (LBRL).
- Lei 33/2003, de 3 do novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALG).
- Real Decreto-Legislativo 781/1986, do 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL).
- Lei 30/1992, do 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRJAP).
- Real Decreto do 24 de xullo de 1889, Código Civil (CC).

#### ANTECEDENTES

1º.- Polo Pleno Municipal en sesión do 5 de abril de 2011, acordouse: “Desestimar a reclamación administrativa previa á vía xurisdiccional civil formulada por D. Angel Comesaña Pérez mediante escrito, con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello do 11.12.2009 ó non resultar procedente, á vista dos fundamentos xurídicos recollidos no corpo do presente escrito, a rectificación do inventario solicitada respecto ao tramo do R-5 da CR.”

2º.- Notificada a resolución ao interesado en data 5 de maio do 2011, formulouse o 10.05.2011 por este recurso de reposición contra o devandito acordo plenario, e así mesmo Dª María Otilia Prado Comesaña presenta recurso de reposición en data 11.05.2011 adheríndose ao formulado por D. Angel Comesaña Pérez.

Os recurrentes solicitan a revogación de dito acordo e a adopción doutro no que, consonte á documentación achegada, se estime a rectificación do inventario municipal ao tratarse dunha servidume que forma parte das fincas ás que da fronte, como se recolle no título constitutivo da mesma, propiedade dos recurrentes. Achégase ao recurso formulado, copia dos seguintes documentos: Testamento aberto de D. José Comesaña Fernández de data 08.07.1967; escritura pública de compravenda de D<sup>a</sup> Otilia Comesaña Comesaña e a súa filla Otilia Comesaña Prado de data 05.10.1992; escritura pública de compravenda de D<sup>a</sup> Otilia Comesaña Comesaña e a súa filla Otilia Comesaña Prado de data 27.04.1993; escritura compravenda de D. Luciano Comesaña Garcia de 16.11.1935; escritura compravenda de D. Luciano Comesaña Garcia de 2.12.1967; caderno particional dos bens de D. Luciano Comesaña Garcia e a súa dona D<sup>a</sup> Digna Pérez Alvarez do 10.10.2000.

3º.- Na data 5 de xullo de 2011 se emite informe polo arquitecto de Patrimonio aos recursos presentados.

#### FUNDAMENTOS DE DEREITO

1º.- Procede admitir a trámite os recursos de reposición interpostos por canto se fan en tempo e forma establecidos nos arts. 116 e 117 LRXAP e PAC.

Os interesados nos seus recursos manifestan a indebida inclusión no Inventario Municipal como público de dito camiño ao tratarse dunha servidume de paso coa que se atopan gravadas as fincas das súas propiedades tal e como estiman probado polo título constitutivo da mesma do ano 1961, e a documentación complementaria que achega correspondente ás fincas referidas no título constitutivo. Sinalando que se fixeron os peches das parcelas correspondentes respectando dita servidume, o que non lle confire un uso público senón soamente un servizo para as fincas a favor das que foi constituída, non dispoñendo o camiño de servizos públicos instalados, salvo o de abastecemento de auga consentido polos propietarios das fincas para o servizo da propiedade de D. German Comesaña Fernández, e téndose procedido á retirada polo Concello dos postes de alumeadado ao tratarse dunha servidume e non dun camiño público.

2º.- En relación ao alegado, pódese sinalar que o Servizo de Electromecánicos deste Concello, en data 9 de maio de 2011 informou que á vista da reclamación presentada polos supostos titulares dos terreos e da non constancia efectiva da titularidade municipal do camiño, dito servizo o 3 de novembro de 2009 ordenou á empresa mantedora da iluminación pública que procedera á retirada do poste e liña instalados en marzo de 2009, quedando rematados ditos traballos o 16 de decembro de 2009.

Por outra banda resulta concluínte o informado polo arquitecto de Patrimonio o pasado 5 de xullo ás alegacións formuladas polos recurrentes, sinalando que: *"Examinada la documentación aportada por Ángel Comesaña Pérez, la comparecencia de M<sup>a</sup>. Otilia Prado Comesaña, así como el resto del expediente,*

*se corrobora el carácter privado del Ramal-5 de la Estrada de Fragoselo. Las escrituras de compraventa adjuntas, títulos de propiedad, cupos de testamentos y cuaderno particional, son concluyentes a ese respecto. Asimismo, a nivel técnico; no se encuentra ninguna justificación que avale el carácter público de este camino de servicio a fincas. Tal como se demuestra en las escrituras adjuntas las servidumbres de paso fueron constituidas en el año 1961, por lo que es lógico que en la cartografía del vuelo efectuado en el año 1985, se observe la existencia de la traza de este camino de servicio de acceso a propiedades particulares, lo que no dimana en ningún tipo de titularidad municipal.*

Así mesmo, o servizo de Vías e Obras informou na instrución do expediente que se trata dunha vía sen pavimentar onde non se realizan labores de mantemento.

3º.- O Inventario Municipal de bens e dereitos é un rexistro administrativo, que se ben, por si mesmo non proba, crea, nin constitúe dereito ningún a prol da Administración (neste senso o art. 33.4 da LPAP sinala, en relación á Administración Xeral do Estado que, o Inventario non ten a consideración de rexistro público e os datos nel reflectidos non producen efectos fronte a terceiros nin poden ser empregados para facer valer dereitos fronte á propia Administración), sen embargo se constitúe unha ferramenta básica de información e na xestión interna do patrimonio das administracións públicas, así como para o exercicio das facultades que o ordenamento xurídico recoñece ás AAPP respecto o seu patrimonio.

A inclusión de bens e dereitos en dito rexistro municipal, tal e como dispón a normativa patrimonial de aplicación, acadarase en función daquela documentación en virtude da cal se atribúa a súa titularidade ao Concello, e conseguintemente referente os datos reflectidos no inventario. Dita documentación deberá archivarase de xeito separado do resto da documentación administrativa e o seu lugar de arquivo constará consignado no propio inventario (art. 30 do RBEL).

Para o correcto cumprimento de ditos fins, requírese dunha constante actualización e revisión dos seus rexistros, adecuándoos á realidade resultante da propia actuación administrativa, de tal xeito que os seus datos sexan reflexo da realidade patrimonial da Administración, prevéndose regulamentariamente unha rectificación anual e a súa comprobación cada vez que aconteza a renovación da Corporación (art.33 RBEL).

4º.- Circunscibíndose ao que é obxecto da resolución administrativa a adoptar na correcta inclusión no inventario municipal de viais do ramal 5 da Estrada de Fragoselo, pódese estimar que, a teor do informado polos servizos municipais, documentación achegada e circunstancias concorrentes, dito ramal non reúne na realidade a condición dun camiño de uso público senón mais ben dun camiño de servidume para servizo dos predios dominantes con que resultaría gravadas as propiedades que ven obrigas a prestalo.

Conseguintemente preséntase no presente caso a necesidade de proceder á



rectificación do inventario de viais, actualizando os seus datos e planimetría coa finalidade de axustar dito rexistro á realidade patrimonial do Concello resultante do expediente tramitado, e sen que en modo ningún supoña un recoñecemento da propiedade u titularidade dominical do camiño a prol do reclamante, cuestión esta cuxa resolución compete á xurisdición ordinaria tal e como xa se pronunciou esta administración no acordo adoptado, desestimatorio da reclamación administrativa previa a vía xurisdiccional civil presentada polo interesado.

i

5.- Resulta competente para a aprobación e rectificación do Inventario Municipal de bens e dereitos o Pleno do Concello (artigos 278 LALG e 34 RBEL)."

Visto o anterior o funcionario informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Economía, Facenda e Educación, en sesión do 29 de agosto de 2011, por maioría, ditamina favorablemente.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Estimar o recurso de reposición interposto por D. Angel Comesaña Pérez e D<sup>a</sup>. María Otilia Prado Comesaña contra o acordo adoptado polo Pleno municipal na súa sesión do 5 de abril de 2011 sobre a rectificación do inventario do ramal 5 da Estrada Fragoselo, no termo municipal de Vigo, ao resultar procedente a rectificación instada consonte coa fundamentación xurídica exposta nos antecedentes do presente acordo.

Segundo.- Aprobar inicialmente a rectificación do Inventario municipal de bens e dereitos, anulando a inscrición e grafía (folla 11-36) como vía pública, no epígrafe I Inmobles-Vías, do ramal 5 da Estrada Fragoselo.

Terceiro.- Someter o expediente a información pública durante o prazo dun mes aos efectos de resolver eventuais reclamacións.

Cuarto.- O presente acordo quedará automaticamente aprobado como definitivo, se transcorrido o prazo anterior non se presentara ningunha reclamación ou alegación, o que se acreditará mediante a correspondente certificación que a este efecto se expida polo Rexistro Xeral.

#### **4.- PROPOSICIÓNS MENCIONADAS NO ARTIGO 63 DO REGULAMENTO DO PLENO.**

Non se formularon

*Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, todas as persoas presentes no salón de Plenos, postos en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.*

#### **5.- MOCIÓNS:**

5.1.-(184).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A REALIZAR UN PLAN DE INVESTIMENTOS PARA A HUMANIZACIÓN DE RÚAS. EXPTE. 249/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 14 de xullo, número 249/1101, o concelleiro do Grupo municipal Socialista, Sr. Regades Fernández, formula a seguinte moción:

“Ao longo destes tres anos de goberno de don Abel Caballero Álvarez, humanizáronse máis de 250 rúas por mor das diversas solicitudes e peticións dos cidadáns desta cidade.

Con esta política de humanizacións, que se financiaron exclusivamente con investimentos propios e achegas do Goberno de España, conseguiuase transformar a cidade de Vigo.

As diversas administracións gobernadas polo PP, como son a Xunta de Galicia e a Deputación Provincial de Pontevedra, fixeron caso omiso ás peticións deste Alcalde e aos cidadáns que aínda reclaman a humanización das súas rúas.

Polo dito anteriormente, solicítase a adopción do seguinte acordo:

1º.- Instar á Xunta de Galicia a acordar co Concello de Vigo un plan de investimentos para humanizar as seguintes rúas da cidade de Vigo:

- AG 57 Red VAC/Enlace (VG-20)-Baiona
- PO-323 Red S/Chapela (N-552)-Vigo (Avda. Galicia)
- PO-324 Red S/Ponte Lagares Canido (Rúa Arq. Gómez Román e Rúa Canido).

- PO-325 Red S/Vigo-A Ramallosa (PO-552) (Avda. Ricardo Mella)
- PO-330 Red PC/Vigo-Vincios (PO-331) (Avda. Castrelos e Estrada Valladares)
- PO-331 Red PC/O Porriño-Gondomar (PO-340) (Estrada a Zamáns).
- PO-552 Red PB/Vigo-Tui (Avda. Florida e Estrada de Camposancos).
- PO 371 Puxeiros-O Calvario (Avda. Ramón Nieto e Avda. da Ponte dende Urzáiz ata o cruzamento coa A-55).

2º.- Instar, así mesmo á Deputación Provincial de Pontevedra, a acordar co Concello de Vigo un plan de investimentos para humanizar as seguintes rúas da cidade de Vigo:

- PO-7001 Vigo-a Garrida/Parte da Avda. E. Martínez Garrido na denominada rúa Ceboleira continuando pola rúa Alcalde Lavadores, Estrada de Bembrive, Prza. Mosteiro, Estrada da Coutada, Estrada do Porto, Estrada da Garrida ata desembocar na Estrada de Valladares.
- PO-7002 Beade-As Carneiras/Rúa Ramiro Pascual
- PO-7003 Coruxo-Canido/Estrada do Bao dende a Estrada de Camposancos ata a praia.
- PO-7004 Gran Vía-Avda. de Madrid/Estrada Provincial.
- PO-7005 Meixueiro-CUVI/ Acceso ao CUVI dende a A-55 denominada Estrada das Prantas.
- PO-8103 Rebullón-Meixoeiro/So uns 100 metros no termo municipal de Vigo conectando a Estrada das Prantas co Rebullón.
- PO-8105 Puxeiros-Peinador/So uns 100 metros no termo municipal de Vigo nas inmediacións do Aeroporto.”

A comisión informativa de Fomento, en sesión do 18 de xullo, por maioría, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SR. REGADES FERNÁNDEZ: Falando destes catro anos de goberno, o goberno presidido por Abel Caballero humanizou máis de duasetentas cincuenta rúas na cidade, rúas no rural, no Casco Vello, no centro da cidade, en todas as parroquias; rúas que se fixeron para os veciños, única e exclusivamente cos recursos municipais e coa colaboración do goberno de España.

En distintas ocasións instancias do alcalde da cidade, Abel Caballero, á Xunta de Galicia e á Deputación caeron en saco roto. Nin a Deputación nin a Xunta de Galicia coidaron que os cidadáns de Vigo eran prioritarios para elas.

Por iso novamente volvemos reclamar á Xunta de Galicia que arranxe as rúas de enlace da VG 20 a Baiona, que arranxe a avenida de Galicia. Por certo, esta vía, por instancia dos veciños e por se atopar nunhas condicións de moito deterioro, se tivo que arranxar polo Concello de Vigo cos seus propios recursos logo de se

desestimar pola Xunta de Galicia o seu arranxo. Avenida Ricardo Mella, avenida de Castrelos, estrada de Valladares, estrada de Zamáns, estrada de Camposancos, avenida de Ramón Nieto, avenida dende a ponte de Urzáiz ó cruzamento da A-55.

Tamén lle pedimos á Deputación de Pontevedra, que por certo todos os anos parte dos recursos que obtén son do Concello de Vigo, que arranxe a PO 7001 que é a que vai dende a Garrida, parte de avenida Martínez Garrido denominada Ceboleira, continúa pola rúa Alcalde Lavadores, estrada de Bembrive, praza de Mosteiro, estrada da Coutada, estrada do Porto, estrada da Garrida, estrada de Valladares, a PO-7002, PO-7003, PO-7004, PO-7005, PO-8103 e PO-8105, porque nestas rúas tamén viven cidadáns de Vigo, vigueses que queren sentirse vigueses de primeira e, sobre todo, porque nun momento como o que estamos a vivir de crise, no anterior mandato de Abel Caballero, na cidade e gracias a humanizacións creáronse 7.500 postos de traballo nun sector moi deteriorado que se derivaron, por suposto, desas máis de 250 rúas.

Estas rúas non só se reformaron para cambiar o aspecto da cidade, reformáronse porque queremos un Vigo igual para os cidadáns. Moita xente nos dicía que había anos que non saía das súas casas porque non tiña un banco onde se sentar, unha rúa pola que poder transitar, chea de moitos atrancos arquitectónicos que hoxe en día desapareceron. Neste verán todos tivemos veciños, amigos e familiares de fóra de Vigo e todos nos dicían o mesmo: Que bonito está Vigo, canto cambiou Vigo nestes catro anos gobernado pola coalición do Bloque máis o Partido Socialista.

As rúas son para vivir, para compartir, son rúas para o goce dos cidadáns. Non pode haber cidadáns de primeira, os que teñen unhas rúas que dependen da cidade e outros de segunda cando as súas rúas dependen da Xunta de Galicia e da Deputación.

Sobre todo nós pedimos austeridade. Este é o goberno da austeridade. Temos menos asesores, menos dedicacións, pero o que queremos facer con eses cartos non é amoblar despachos, non é seren ostentosos; queremos facer rúas, xerar emprego. Austeridade para crear emprego, esa é a prioridade do goberno desta cidade, a prioridade do goberno de Abel Caballero.

Un impulso económico a un sector que nestes momentos está a ser moi prexudicado e sobre todo de forma transversal, tamén axudar ó terceiro sector de produción da cidade que é a hostalería, o turismo; sector que gracias as taxas cero, gracias a que nas beirarrúas se poden poñer terrazas, ten un impulso importante. Dinnos os hostaleiros nas reunións que mantemos con eles, porque sobre todo nós cando facemos humanizacións, facémolo con diálogo, falando cos veciños, cos empresarios, con todo o mundo e dinnos que cada terraza supón un ou dous postos de emprego máis. Nós imos nesa dirección.

Hoxe todos os cidadáns son iguais, vivan no centro, no rural ou na parroquia teñen un Vigo mellor e sobre todo un Vigo do que todos estamos orgullosos.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Nesta primeira intervención vou falar un pouco tamén da outra moción. O Partido Socialista presenta dúas mocións que falan do mesmo problema, da contribución que a Xunta lles ten que facer ós concellos de todo o país e concretamente ó Concello de Vigo.

Estivemos falando disto durante catro anos e temos que seguir falando porque nestes case dous anos e medio de goberno da Xunta do PP quedou moi clara a discriminación deste goberno da Xunta con respecto a Vigo, pero non só en humanizacións senón que absolutamente en todo.

Estamos de acordo en pedirlle á Xunta. Seguiremos apoiando sempre todas aquelas reivindicacións que signifiquen pedirlle tanto á Xunta como a Deputación que traten a Vigo como merece. Tamén lle seguiremos pedindo sempre ós concelleiros e concelleiras do Partido Popular que fagan de concelleiros e concelleiras do Partido Popular de Vigo e que non sexan sempre cómplices para aquelas discriminacións da Xunta ou da Deputación.

Pero tamén é certo que estamos nun momento de crise onde os recortes sociais, como ben explicaba a miña compañeira Iolanda Veloso, son uns recortes sociais económicos brutais coa complicidade das dúas forzas políticas que os están aplicando, tanto o Partido Popular como o Partido Socialista.

Temos tamén moi claro ou deberíamos ter moi claro todos, que hoxe a cidadanía ten un grave problema, que o seu principal e único problema é o seu futuro laboral, a crise económica, o paro e como facer fronte ós compromisos que todas

as familias viguesas temos. Precisamente cando é esta a situación e se todos temos claro isto, é cando máis ca nunca calquera goberno e mesmo un goberno municipal ten que saber priorizar. A acción política fundamental é a de saber priorizar e de saber onde realmente temos que incidir cos nosos recursos dos vigueses e viguesas.

Por iso, señores do Partido Socialista, parécennos un pouco contraditorias as súas dúas mocións. Por unha banda vostedes piden a creación dun fondo de cooperación económica da Xunta para o Concello de Vigo co que estamos de acordo, pero logo na moción anterior vostedes lle están a dicir á Xunta e nos están a dicir a todos en que queren vostedes investir eses cartos que a Xunta ten que aportar. Nos aí non estamos de acordo.

O BNG nunca estará en contra das humanizacións porque foi precisamente o Bloque Nacionalista Galego quen iniciou toda esta moda de agora das humanizacións coa postura encontrada do Partido Popular e do propio Partido Socialista daquela. Nunca estaremos en contra das humanizacións, pero si temos que dicir que cando un goberno o é en minoría debemos facer, como fixemos co Plan Feil cando había unha maioría desta Corporación gobernando e todos e todas nos puxemos de acordo na priorización dos investimentos que daquela viñan do Estado, ou os investimentos que agora lle estamos pedindo á Xunta. Porque o BNG, como ven explicaba a miña compañeira, ten dúas accións moi claras para este mandato dende o lugar que agora ocupamos: non recortar o gasto social e a creación de emprego.

É certo, Sr. Regades, que humanizando se crea emprego, pero tamén o é que cunha beirarrúa nova non conseguimos que unha nena ou un neno desta cidade poidan ter bolsas escolares ou que as súas familias poidan ter axudas de emerxencia. Hai que conseguir que se teñan as dúas cousas e por iso para nós a acción política importante é a priorización.

Anunciamos polo tanto que imos votar en contra desta primeira moción e imos apoiar por suposto a segunda. Cremos que son as tres forzas políticas que compoñemos esta Corporación as que temos unanimemente que lle dicir á Xunta que invista nesta cidade e as tres forzas políticas poñérmonos de acordo en que debemos priorizar. Seguro que nos poñeremos de acordo en moitas das

humanizacións que vostedes presentan, pero coidamos que é este o momento en primeiro lugar de exercer a responsabilidade un goberno en minoría e en segundo lugar que a oposición lle esixa á Xunta todo aquilo que poidamos, pero logo poñermonos de acordo en priorizar en que o imos investir.

SR. FIGUEROA VILA: Falar da austeridade dun goberno socialista que ten gastado en publicidade e propaganda durante os últimos anos oito millóns de euros de gastos, parécenos vergoñento. Falar de austeridade cando en actuacións protocolarias gastaron vostedes 2.412.000 euros, parécenos vergoñento. Falar de austeridade cando vostedes gastaron no proxecto Moneo que está tirado, 120.000 euros parécenos vergoñento. Falar de austeridade cando vostedes gastan nun programa, “Diálogos co alcalde” en Televigo, 445.000 euros, parécenos vergoñento. Falar de austeridade cando vostedes fan un convenio cos sindicatos para o control das obras de 170.000 euros parécenos vergoñento. Falar de austeridade cando vostedes teñen un pagamento de 150.000 euros dunha revista, “Transformación dunha cidade”, parécenos vergoñento. Falar de austeridade cando vostedes gastan 60.000 euros en coxíns e en trípticos parécenos vergoñento. Falar de austeridade cando vostedes gastaron en axendas no ano 2011, 80.000 euros parécenos vergoñento. Falar de austeridade cando vostedes lles impoñen ós cidadáns de Vigo multas por un importe de 11.000.000 de euros, 7.000.000 de euros máis do presupostado inicialmente, parécenos vergoñento. Falar de austeridade e de políticas de emprego se cando chegou o Sr. Caballero a esta cidade había 17.000 parados e agora temos 29.320, non sei como se lle chama a isto, máis ca vergoñento, parécenos impresentable e lamentable.

Esta é a situación real que vostedes teñen na cidade. Polo tanto, Sr. Regades, é difícil falar de austeridade.

Pero non só iso, vostede tampouco di a verdade. Eu pregúntolle, quen financiou os seguintes guindastres: Pedro Alvarado, camiño Maceiras, avenida da Florida, avenida de Castrelos, Manuel Álvarez, Escultor Gregorio Fernández, Severino Cobas, vial Samil-Canido. A Xunta de Galicia. Coido que é vergoñento que vostedes fagan este discurso.

Investimentos da Xunta de Galicia, gústelles ou non: na cidade de Vigo estase a construír un hospital que vostedes están a boicotear. Xa veremos cando ese hospital estea construído o que din vostedes, un hospital que vai custar aproximadamente 500 millóns de euros e están difamando e manipulando á opinión pública dicindo que é un hospital privado cando é público. Dende a Xunta de Galicia hai un compromiso firme con esta cidade.

Vostedes seguramente pensan que as únicas obras posibles son as humanizacións. Nós dixemos sempre que non estamos en contra das humanizacións, pero as hai que priorizar. Estamos nun momento de crise importante nesta cidade. A nós gustaríanos saber que xestións está facendo o alcalde sobre os temas importantes desta cidade, cales son as xestións do alcalde diante do Ministerio de Industria de España sobre a naval porque 14.000 traballadores están pendentes dunha resolución sobre o sector. Hai algunha política clara sobre o naval dende a xestión do Sr. Alcalde desta cidade? Tempos políticas claras en canto o que vai pasar na automoción? Porque Citroën acaba de anunciar que cen persoas máis van quedar sen emprego a partir destes días. Temos algunha solución ou xestión do alcalde sobre o aeroporto de Peinador que de 1.400.000 pasaxeiros cando chegaron vostedes ó goberno, agora non vai superar nin o millón de pasaxeiros? Hai compromisos firmes e xestións nos temas importantes desta cidade como o naval, automoción, mar e todo o relacionado co aeroporto de Peinador? Temos algunha data clara de cando vai chegar o AVE a maiores de todo o que se fai mediático e todo o que se propón a través dos medios de comunicación? O Sr. Alcalde dixo que o AVE chegaría á cidade de Vigo no ano 2012 e que de non seren así empeñaría o seu posto como candidato á Alcaldía.

Coido que estes si son os temas importantes da cidade, pero vostedes do naval non falan, nin da automoción, nin dos parados que hai na cidade. Vostedes falan única e exclusivamente de humanizacións.

Nos dicímoslles que os temas importantes son eses e eses son os que imos tratar e sobre os que imos afondar nestes próximos meses e anos. Coido que iso é o importante.



SR. REGADES FERNÁNDEZ: O goberno de Vigo presidido por Abel Caballero si pode falar de austeridade e vai seguir falando de austeridade e cando o facemos, facémolo con moito orgullo porque onde goberna o Partido Popular vemos, como na Coruña, cunha poboación de 240.000 habitantes, hai oito dedicacións exclusivas fronte ás seis que temos en Vigo; no Ferrol onde goberna o Partido Popular, unha cidade de 74.000 habitantes, hai cinco dedicacións exclusivas. Si podemos falar de austeridade e imos seguir facéndoo porque somos un goberno austero. Nós non amoblábamnos despachos por valor de dous millóns de euros. O que nós facíamos eran rúas onde viven e conviven os cidadáns de Vigo, para os cidadáns de Vigo.

Onte unha das nosas líderes socialistas en Madrid falaba das políticas do avestruz. Non entendemos como o Partido Popular fai as políticas do avestruz, como agocha a cabeza.

Vostede, Sr. Figueroa, é o vicepresidente da Deputación e non nomeou un investimento da Deputación en Vigo na súa intervención porque non as ten. Á parte rétoo diante dos medios de comunicación a que me diga cando se asinaron os convenios das rúas que se fixeron porque foi cando gobernaba na Xunta de Galicia o Bloque Nacionalista Galego e o PSOE, cando Emilio Pérez Touriño era o presidente da Xunta. Dende que está Feijóo na Xunta, que xa vai facer tres anos, non fixo nada. Os cidadáns de Vigo non entendemos como a avenida Ricardo Mella, que sofren todos os vigueses cada vez que pasan por ela, leva catro anos de obras, non son capaces nin de facer unha beirarrúa na cidade.

Os nosos veciños, os vigueses e as viguesas chaman e preguntan que pasa con esta rúa, por que se atopa nesa situación; preguntan que pasa con outra rúa e así con outras moitas rúas. Preguntan que pasa coas beirarrúas, como están as varandas..., e así cun sen fin de rúas. Preguntan se hai un Vigo de primeira, o Vigo de quen goberna a cidade, o Vigo de quen goberna esa Mesa, o Vigo onde preside Abel Caballero que é un Vigo precioso, con rúas humanizadas para compartir, para poder estar e así nun sen fin de rúas, pero que pasa con esas outras rúas que dependen da Xunta e da Deputación?

Por suposto, Sr. Figueroa, gustaríame escoitalos falar do naval, de Citroën e tamén do aeroporto. Vostede, Sr. Figueroa, como vicepresidente da Deputación

prometeulle a esta cidade que ía facer un fondo dende a Deputación para apoiar voos. Onde está ese fondo? O único diñeiro que recibe o aeroporto é o que recibe deste Concello, do Concello presidido por Abel Caballero. Onde está a Deputación e onde está o seu diñeiro? Onde está esa comisión de sabios que ía crear? Porque os vigueses non a vemos e eu sinceramente tampouco.

A PRESIDENCIA: Gracias, Sr. Regades, rematou a súa quenda. En todo caso, dicirlle ó Sr. Figueroa a modo de información sobre algunhas xestións, débolle dicir que aquí teño toda a tramitación que sobre o Tax-lease fixo o goberno de España diante da Comisión Europea. Mire se o estamos seguindo que somos os únicos que temos toda esta información, foi un tema seguido directamente e levado adiante coa cooperación do alcalde de Vigo.

VOTACIÓN E ACORDO: Con dezaseis votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Bravo Bosch, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira e Relova Quinteiro, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e once votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia,

ACÓRDASE:

Rexeitar a moción formulada polo concelleiro do Grupo Socialista, Sr. Regades Fernández, instando á Xunta de Galicia a un plan de investimentos para humanización de diversas rúas de Vigo, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

5.2.-(185).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A CREACIÓN DUN FONDO DE COOPERACIÓN ECONÓMICA

PARA OS CONCELLOS. EXPTE. 269/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 11 de agosto, número 269/1101, o voceiro do Grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte moción:

“Un dos piares da descentralización local -a participación nos ingresos das Comunidades Autónomas-, aínda non está completamente implementado. Os concellos asumimos máis dun 50% de competencias que son “impropias”, é dicir, que lle corresponden a outra administración, fundamentalmente á Administración Autonómica.

Sen embargo, os recursos cos que contan os Concellos, dependen basicamente dos seus impostos municipais e das transferencias que recibe do Estado. Pero os recursos que proceden, no caso do Concello de Vigo, da Xunta de Galicia, para a xestión dos servizos que son competencia da Xunta, apenas acadan un 3,9% do orzamento municipal.

Nun momento tan transcendental para as finanzas municipais, é necesario e urxente que a Xunta de Galicia se implique no crecemento e emprego de todos os galegos e galegas e que, para iso, cree un Fondo de Cooperación Económica para os Concellos, nos mesmos termos que o Estado creou neste sentido catro Fondos para as Comunidades Autónomas (Fondo de Garantía de Servizos Públicos, Fondo de Suficiencia, Fondo de Cooperación e Fondo de Competitividade). Dito Fondo deberá estar dotado da contía suficiente para que os Concellos poidan prestar de xeito satisfactorio os seus servizos ós cidadáns e deberá distribuírse entre os Concellos en función do seu número de habitantes para que así todos os Concellos reciban ese financiamento de xeito proporcional ó seu tamaño poboacional.

E por isto polo que propoñemos ó Pleno da Corporación o seguinte acordo:

Instar á Xunta de Galicia, a que de forma inmediata, cree un Fondo de Cooperación Económica para os Concellos e que a distribución do dito Fondo estea en función do número de habitantes do Concello.”

A comisión informativa de Emprego e Participación Cidadá, en sesión do 18 de xullo, por maioría, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: En setembro do ano 2009 aprobouse unha reforma do financiamento autonómico, esa reforma supuxo que todas as autonomías recibisen 11.000 millóns de euros máis para, entre outras cousas,

distintas competencias desas autonomías. Creouse o que se chama o Fondo de Garantía de Servizos Públicos Fundamentais que pretende asegurar que os servizos sanitarios, educativos e sociais se presten por todas as comunidades autónomas nas mesmas condicións. Ademais se crean outros tres fondos, o Fondo de Suficiencia, o de Cooperación e o de Competitividade co obxecto de que as comunidades autónomas teñan o financiamento necesario para prestar todos os servizos dos que teñen a competencia.

Sen embargo, cando imos ó Concello de Vigo vemos que este está asumindo moitas competencias que son da Xunta de Galicia. Acabamos de ver que a educación é competencia da Xunta de Galicia que recibe financiamento para a educación. Os servizos sociais son competencia da Xunta de Galicia e para eles recibe financiamento. Sen embargo, cando entramos no Concello de Vigo vemos que pola súa banda se investiron catro millóns de euros só de investimento en educación nestes anos. O mesmo pasa cos servizos sociais para os que investimos ata oito millóns de euros. Pero da Xunta de Galicia nada máis que recibimos un presuposto do 3,9%, é dicir, nada. A Xunta de Galicia non está a colaborar nin en educación, nin en prestacións sociais, nin en ningún outro tipo de prestacións.

Por outra banda vimos tamén como o Estado colaborou no financiamento das entidades locais con eses distintos plans, o Plan E dos anos 2009 e 2010. Estamos vendo polo tanto como si existe cooperación por parte do Estado no financiamento das entidades locais, pero estamos a ver que estas están dando unha serie de servizos, de prestacións que non son competencia dos concellos, que son competencia das autonomías e sen embargo a Xunta de Galicia non pon un duro. Estámolo a ver coa necesidade de ampliación dos comedores escolares porque a Xunta non fai nada. Estámolo a ver co servizo de asistencia domiciliaria porque a Xunta non fai nada.

Polo tanto nós instamos á Xunta de Galicia a que entregue fondos que recibe do Estado para que nós podamos prestar eses servizos con calidade. Pedimos un fondo de cooperación porque xa que a Xunta recibe financiamento para educación nós, porque nos delegou unha serie de actuacións en educación, dicímoslle que necesitamos o financiamento para educación e así mesmo, xa que

nos delegou unha serie de prestacións sanitarias, dicímoslle que precisamos financiamento para esa prestación sanitaria.

Iso é o que estamos pedindo aquí, un fondo de cooperación igual ó que xa ten a Xunta que creou o Estado para ela, pero Deus sabe en que está gastando o diñeiro porque estamos vendo que hai recortes en educación e en sanidade cando reciben 11.000.000 de euros máis. Non sabemos onde meteron eses cartos porque están recortando diñeiro en educación e en sanidade cando o Estado lle deu máis diñeiro para educación e para sanidade, sen embargo o Concello se ten que facer cargo do que non se quere facer cargo a Xunta, entre outras cousas desa educación e desa sanidade.

O único que estamos pedindo aquí é instar á Xunta de Galicia a que cre ese fondo de cooperación económica para que os concellos poidamos asumir cunha calidade o suficientemente digna a prestación deses servizos que non está dando a Xunta e que son da súa competencia pero que por dignidade os está a prestar este Concello. É o único que estamos a pedir, que a Xunta colabore no financiamento de servizos que son da súa competencia pero nos que se está a lavar as mans. Sinxelamente iso.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Vese que tiña razón o BNG cando dicía que efectivamente hai que esixir da Xunta pero hai que saber priorizar. A concelleira de Facenda falou e moi ben de necesidades reais, básicas que ten hoxe a nosa cidade: servizos sociais, prestacións sociais, ensino, sanidade; servizos absolutamente básicos.

Estamos completamente de acordo con esta moción. Cremos que lle hai que esixir á Xunta de Galicia que se cre ese fondo de cooperación e que colabore co Concello de Vigo, a cidade máis importante de Galicia, en asumir ese gasto social que hoxe é prioritario.

Pero, Sra. Díaz, moito nos tememos que non vai ser así. En primeiro lugar tememos que o Partido Popular non votará a favor desta moción e ogallá me equivoque, e que a Xunta de Galicia non aceptará isto e ás probas me remito.

Sr. Figueroa, precisamente vostede falaba de austeridade, pero ten que lle dicir ese mesmo discurso ó Sr. Núñez Feijóo porque a austeridade del non é a

austeridade que vostede proclama. A austeridade do Sr. Núñez Feijóo é redución en máis dun 30% do Plan Concertado para esta cidade. Sabe que se paga co Plan Concertado? Axudas de emerxencia, axuda a dependentes, a axuda no fogar. Todo iso é o que vostedes recortan. Máis dun 20% de recortes ás ONGs e a aquelas asociacións que precisamente coidan das familias máis necesitadas. Iso si, vostedes van traer agora unha moción sobre o Banco de Alimentos. Vaia por Deus.

Pero xa sabemos cal é a política do Partido Popular, a está a contar estes días o Sr. Rajoy: “Imos baixarlles os impostos ós ricos ó mesmo tempo que recortamos servizos sociais”. Isto é porque os ricos non necesitan as axudas de emerxencia, nin os plans concertados, nin a axuda no fogar.

Tamén dixo o Sr. Núñez Feijóo que vai crear tres millóns e medio de postos de traballo. Mesmo supera aquel famoso número de 800.000 de Felipe González no seu tempo.

Se esa é unha política real, empecen por onde xa gobernan. Como nos imos crer esa promesa de tres millóns e medio de novos postos de traballo cando en Galicia, no noso país, logo de case tres anos non houbo nin un só euro para emprego nesta cidade?

Nós o que vimos reclamando é que se faga ese Plan Concertado, que se poñan enriba da mesa non dicimos máis que os mesmos millóns de euros que poña este Concello para a creación de emprego e que nós imos esixir se se quere a nosa aprobación dos orzamentos; que a Deputación poña exactamente a mesma cantidade. Creemos un fondo económico cun único obxectivo: creación de emprego. Creemos entre todos un catálogo de postos a ofertar e ofertémolo creando mesmo unha mesa de emprego na que esteamos as tres forzas políticas e os sindicatos.

Para iso, Sr. Figueroa e señores do Partido Popular, non me cansarei de repetilo, teñen que exercer de concelleiros e concelleiras de Vigo e non como están facendo de cómplices das políticas de máis recortes sociais e económicos para as clases menos favorecidas como as que estamos vendo dende a Xunta de Galicia como nunca se fixeron.

Creemos que esta moción é atinada e oportuna porque dentro duns días nos van

aparecer uns orzamentos da Xunta de Galicia, iso si, para lle gañar o Sr. Feijóo á Sra. Cospedal, como ven dicía a Sra. Veloso, non vaia ser que el quede de segundo porque se anuncia que vai ser o primeiro en poñer o teito de gasto. Non hai ningún problema, con esas políticas os ricos seguirán vivindo ben e os que teñen que conseguir para os seus fillos bolsas de comedores, para libros ou axudas para emerxencias sociais seguirán sufrindo os recortes que con ese tipo de política se está dando.

O BNG vai apoiar sen fisuras esta moción que coidamos oportuna e agardamos e pedímoslle ó Partido Popular que faga o mesmo.

SR. FIGUEROA VILA: A nós como grupo municipal gustaríanos facer unha reflexión. Cara onde vai Vigo?

Nestes momentos Vigo é unha cidade illada, hai tensión cos veciños, coas administracións, chámense como se chamen, tensións cos traballadores como os que hoxe están aí que é vergoñento que corenta traballadores non poidan entrar nun Pleno da cidade de Vigo; tensión agora tamén xa ata coa Federación de veciños da cidade. Parécenos que esta política de illamento, política dese viguismo que coidamos localista trasnoitado non ten absolutamente ningún sentido.

En Vigo temos 30.000 parados. Reflexionen sobre isto. Que xestións fixeron vostedes para que este dato sexa tan contundente? De 13.000 parados que había na cidade a 30.000 que hai en catro anos. O aeroporto de Peinador tiña 1.400.000 pasaxeiros, neste ano non vai chegar a 1.000.000. O naval ten a 14.000 persoas agardando polo que vai pasar por unha resolución ou decisións do goberno de España. O alcalde di que ten todas as xestións en papeis, parécenos moi ben. En canto á automoción dende Citroën se acaba de dar un toque de atención, cen persoas máis que se poden ir ó paro. Esa a cidade real que temos e, estamos falando de cambios de lousas?

Nos si que estamos a favor das humanizacións e tamén as fixemos, pero este non é o momento das humanizacións, do cambio de lousas. Este é o momento de aplicar políticas sociais a todos os niveis. Iso é o que nós queremos facer.

O goberno de España ten unha débeda coa Xunta de Galicia de 1.600.000 de

euros e por iso a Xunta de Galicia ten que facer un recorte de 500 millóns de euros. Vostedes dende o goberno socialista provocaron que teñamos cinco millóns de parados en toda España. Sobre a suba de impostos é mellor non falar. En sanidade a débeda que teñen coído que xa é de 15.000 millóns de euros. Provocaron que nestes momento haxa 300.000 autónomos menos en España. En canto á subida de impostos podemos poñer como exemplo a subida da luz nun 60%.

Son estas as políticas sociais que vostedes queren aplicar para Vigo? Son as políticas sociais que tentan solicitar da Xunta de Galicia para esta cidade? Coído que primeiro se teñen que aplicar vostedes e mirar as políticas que fixeron, cales son as súas propostas e que fixeron neste país. Arruinaron este país e dun xeito indirecto arruinaron a Vigo. Vigo ten 30.000 parados. Poderá ter moitas rúas novas, poderá ter moitas lousas cambiadas, pero hai 30.000 persoas que están no paro nesta cidade.

Vostedes non queren contemplar nin dicirlle á cidadanía os investimentos que está a facer a Xunta de Galicia. Nós si. Imos darlles unha cifra: hai 1.000 millóns de euros previstos en investimentos na nosa cidade. Voulles poñer só dous exemplos: o complexo hospitalario, o hospital ó que vostedes lle deron voltas, presentárono oito ou nove veces no centro social de Caixanova, no centro do Concello, no centro de Caixagalicia, estivéronlle dando voltas a unha maqueta e a uns papeis pero esa obra está adxudicada e onte, que eu pasei por alí, había máis de duascenas máquinas traballando e poñendo en funcionamento a infraestrutura sanitaria máis importante de España que está agora mesmo na cidade de Vigo. Iso vostedes non o contemplan.

Pero tampouco contemplan que a Xunta de Galicia achega para o convenio da depuradora cento vinte millóns de euros. Só en dúas obras estamos falando dun investimento da Xunta de Galicia de preto de setecentos millóns de euros. Esa é unha realidade. A maiores podería seguir falando dos investimentos en sanidade, noutros centros, investimentos en centros educativos e podería falar tamén dun proxecto de lei de área metropolitana que ninguén quería pero que vai entrar no Parlamento nos próximos días, que vai configurar un novo xeito de distribución e xestión territorial na nosa cidade e niso somos pioneiros en Galicia.



Esas son as xestións que está a facer a Xunta de Galicia na cidade de Vigo e non me dá tempo a relatar as demais.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: A verdade é que ó Partido Popular se lle fixeron dúas preguntas: se a Xunta e a Deputación queren investir en Vigo e se a Xunta está disposta a crear un fondo de cooperación económica para investir. É o único que se lle preguntou pero faláron de todo menos de se queren ou non e o por que.

Eu tería cualificativos para iso: bailarín político... en fin, habería moitos cualificativos para dicir o que é iso, pero iso é falar de todo menos do que realmente hai que falar.

De emprego si señor, 30.000 parados de Feijóo en Vigo. Iso é o que temos en Vigo, 30.000 parados de Feijóo. A débeda da Xunta? Dígalle á señora conselleira de Facenda como se fan os orzamentos porque os fixo mal e por iso agora os ten que axustar e ten a escusa perfecta para dicir que recorta en educación e en sanidade.

En canto ó hospital é a metade do que deseñara o goberno do Partido Socialista. Non só iso senón que vai ser privado e iso verase co tempo.

Defende políticas da Xunta? Imos defender a primeira política, eliminación da gratuidade dos libros de texto. Esa é a primeira política que quere que imitemos en Vigo? Deus nos colla confesados. Segunda política, diminución das axudas á dependencia. Nós non o imos facer.

Comedores escolares, bolsas de comedor. A nova do outro día de que como un cativo non pague se vai quedar sen comida? Iso acábao de anunciar a Xunta, que como un cativo non pague non lle van dar o comedor, está en todos os xornais.

A depuradora? Pero se o está poñendo todo o Estado! A Xunta tivo que ir pedirlle ó Estado que por favor lle adiantase porque non quería investir. É alucinante a capacidade que ten o Partido Popular de darlle a reviravolta, é impresionante.

A pregunta que lle facíamos: queren os representantes do Partido Popular de Vigo que a Xunta invista en Vigo? Ademais eu non falo de investimentos, falo dun fondo de cooperación para atender os servizos sociais, educativos, para crear emprego. Queren facelo? Están respondendo que non, resulta que o Partido Popular de Vigo non é de Vigo, non defende Vigo, é do Sr. Feijóo e defende as

políticas do Sr. Feijóo e para o Sr. Feijóo en primeiro lugar Vigo non existe, Vigo desaparece; non lle imos dar voos, non lle imos dar subvencións para emprego... Todos queremos crear emprego, o Bloque quere crear emprego, o Partido Socialista quere crear emprego, por suposto, pero que fan as políticas do Partido Popular de emprego? Dánlle diñeiro a todo o mundo menos á cidade de Vigo. Mos e O Porriño reciben máis diñeiro para a creación de emprego ca recibe Vigo. Así claro que o Sr. Feijóo ten 30.000 parados en Vigo. Por iso Deus me libre das políticas da Xunta!

Pero o peor é que se o Partido Popular estivese gobernando en Vigo, estaría aplicando esas políticas.

VOTACIÓN E ACORDO: Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Oliveira e Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Bravo Bosch, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira e Relova Quinteiro,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo voceiro do Grupo Socialista, Sr. López Font, instando á Xunta de Galicia a creación dun fondo de cooperación económica para os concellos, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

5.3.(186).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A RESTITUCIÓN DO TRANSPORTE SANITARIO EN VIGO. EXPTE. 272/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 44 de agosto, número 272/1101, o concelleiro do Grupo municipal Socialista, Sr.

Rodríguez Escudero, formula a seguinte moción:

“Vigo conta con unha poboación de 300.000 habitantes, dos que 90.000 viven en dispersión xeográfica, ao longo dos 110 quilómetros que ocupa o termo municipal. A Xunta ven de anunciar unha diminución cualitativa e cuantitativa do servizo de transporte sanitario neste termo municipal o que consideramos, desde o grupo municipal socialista, unha medida preocupante polos seguintes motivos.

Vigo non so é a cidade máis poboada de Galicia senón que ademais posúe a peculiaridade de ter unha marcada dispersión poboacional, polo que os tempos de aceso son moito maiores que en cidades con concentración de poboación. Nesta decisión da Xunta de recorte de ambulancias do 061 prodúcese ademais un agravio comparativo con outras cidades menos poboadas que Vigo que non sufrirán ningún tipo de mingua neste servizo fundamental. Prodúcenos, polo tanto, unha situación de indefensión, unha situación de acoso e derribo levada a cabo pola consellería de Sanidade contra a cidade de Vigo.

Creemos ademais que esta decisión da Xunta de Galicia debe enmarcarse no proceso de desmantelamento do sistema sanitario, en temas tan sensibles como son as emerxencias.

En consecuencia, a decisión da Xunta de Galicia de diminuír o servizo de transporte sanitario de Vigo déixanos nunha situación sanitaria moi precaria.

Polo dito anteriormente, solicítase a adopción do seguinte acordo:

Instar á Xunta a restituír a situación inicial no que se refire ao transporte sanitario de Vigo.”

A comisión informativa de Medio Ambiente, Xuventude e Igualdade, en sesión do 18 de xullo, por maioría, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SR. RODRÍGUEZ ESCUDERO: A Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia comunicoulles ás empresas de transporte sanitario urxente, pero curiosa e sospeitosamente non o fixo ós representantes lexítimos dos cidadáns, neste caso ó Concello de Vigo, a redución cualitativa e cuantitativa do servizo de transporte sanitario urxente neste termo municipal.

O goberno do Sr. Feijóo pretende retirar en Vigo unha ambulancia asistencial de reforzo nas fins de semana de 22:00 a 10:00 horas co que unicamente quedarán tres ambulancias asistenciais a partir do 10 de setembro deste ano neste tramo horario, é dicir, pasado mañá.

Dende o Grupo municipal Socialista, recollendo o sentir de moitos cidadáns e colectivos, consideramos este novo recorte do Sr. Feijóo como unha medida preocupante e inxusta por os seguintes motivos entre outros.

En primeiro lugar a Consellería e o 061 falaz e eufemisticamente publicitan que é unha reorganización do servizo, pero en realidade é un recorte groseiro das prestacións nun tema tan sensible como a atención á urxencia e á emerxencia. O que fan é retirar cinco ambulancias asistenciais: Vigo, Baiona, Pontearreas, Marín e Foz. Nestas catro últimas poboacións deixarían de prestar asistencia as noites de domingo a xoves na quenda de noite.

En segundo lugar este axuste presupostario vai provocar unha redución da marxe de manobra do 061 diante de calquera suceso inesperado que se produza na nosa cidade ou área de influencia.

En terceiro lugar isto prexudica á calidade e seguridade na atención ó cidadán, non só pola diminución en Vigo, senón tamén polo recorte nas poboacións dos arredores, posto que ó desapareceren ambulancias nestas zonas terán que ser as de Vigo as que se despracen para cubrir a zona que queda descuberta, polo que se agrava a situación da propia poboación de Vigo.

En cuarto lugar Vigo, con máis de 300.000 habitantes, non só é a cidade máis poboada de Galicia, senón que ademais posúe a peculiaridade de ter unha marcada dispersión poboación, 90.000 persoas viven nunha ampla zona de dispersión ó longo de 110 quilómetros que ocupa o termo municipal, polo que os tempos de acceso son moito maiores ca en cidades con concentración de poboación.

Esta decisión da Consellería de Sanidade de reducir o servizo de ambulancias do 061 xera ademais un novo agravio comparativo con outras cidades menos poboadas ca Vigo que non sufrirán ningún tipo de mingua neste servizo fundamental.

En quinto lugar aínda que aparentemente pareza unha redución numericamente pouco significativa, cualitativamente o é e mesmo temeraria. Quitaren unha ambulancia que realiza entre cinco e oito servizos cada noite da fin de semana, obrigará a que as outras tres ambulancias estean ocupadas permanentemente e polo tanto a menos ambulancias e máis tempo ocupadas aumento conseguinte

no tempo de resposta, polo que a probabilidade de desatención ou atraso na atención á urxencia pode provocar consecuencias dramáticas e nalgúns casos irreversibles. Prodúcese polo tanto unha situación de maior inseguridade e menor eficacia na atención á urxencia e un estado de indefensión diante dun novo e transcendental proceso de acoso e marxinación á cidade de Vigo por parte da Consellería de Sanidade do goberno de Feijóo.

En sexto lugar consideramos ademais que esta decisión é un paso máis no proceso de desmantelamento, deslexitimación e privatización da sanidade pública por parte do goberno de Feijóo amparándose e coa desculpa, aínda que no fondo non teña nada que ver, na situación actual de crise económica, cando está demostrado ata a saciedade que debería ser exactamente o contrario e que situou Vigo no epicentro deste proceso de desmantelamento e privatización do sistema sanitario público.

Están facendo vostedes, señores do PP, o que sempre desexaron e ó que nunca se atreveron.

Por todo o dito anteriormente, solicito ó Pleno no nome do meu grupo a adopción do seguinte acordo: “Instar á Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia a que proceda a revogar a orde de que se reduzan cuantitativa e cualitativamente os medios de transporte sanitario urxente neste municipio a partir do día 10 de setembro.

SR. ALONSO PÉREZ: Anuncio de entrada o voto a favor da moción, pero quero manifestar a miña preocupación polo ton e a frivolidade con que se dan aquí os debates. É lamentable que partidos políticos que teñen competencias nunha materia estean insultando e botándolle a culpa ós demais.

Agora temos ocasión de dicir nun tema concreto e puntual que é o que hai que facer, discutir e tomar posicionamento en función do que se está discutindo. É triste estar escoitando a partidos políticos que teñen a competencia en emprego botar balóns fóra, dicir que non é a súa competencia. Que pensarán os parados? É unha frivolidade absurda.

Dende que entrou o goberno do Partido Popular na Xunta de Galicia recortáronse comedores escolares, libros de texto, privatízase o hospital de Vigo... Si,

privatízase se se lle dá a unha empresa privada para que o constrúa. E non pasa nada.

O serio é que se queren levar adiante un tipo de política argumenten por que suprimen cinco ambulancias en Galicia. Argumenten porque de novo imos escoitar falar de todo menos de defender o que os cidadáns queren.

Aquí estamos falando de algo moi serio. Fíxense que a posición do Partido Popular é quitar cinco ambulancias en Galicia e logo do resultado de quitálas verán cal é o seu efecto e as posibles reorganizacións.

Estamos falando de ambulancias que atenden accidentes e infartos. Falamos con frivolidade do desemprego. Falamos con frivolidade de todo.

Eu agardo que nesta ocasión o Partido Popular teña un mínimo da responsabilidade que se lles esixe como concelleiros e concelleiras da cidade de Vigo e non permitan que a Xunta elimine unha ambulancia completamente necesaria para a cidade. Agardo que por unha vez o fagan porque realmente me entristecen moito os discursos baratos de sempre. Polo menos se se dan argumentacións e se fan as cousas que se diga por que.

Imos apoiar a moción do Partido Socialista porque pensamos que Vigo non se pode permitir a perda dunha ambulancia do 061.

SRA. CENDÓN ALONSO: En primeiro lugar gustárame facer unhas matizacións a respecto do transporte sanitario porque coido que estamos confundindo os termos.

Cando falamos de transporte sanitario urxente referímonos a un *pool* de recursos: helicópteros, ambulancias medicalizadas e ambulancias asistenciais que non teñen ámbito local, atenden a toda a poboación da Comunidade Autónoma e responden unicamente atendendo ó tempo de resposta.

Tamén me gustaría matizar quen é a persoa que decide esta saída de ambulancia porque non é un usuario que chame ó 061 e lle proporcionan unha ambulancia; é un mecanismo mediante o que cunhas preguntas claves o teleoperador determina onde ten que pasar a emerxencia e se é sanitaria pasa sempre a un médico. É sempre un médico quen decide o recurso que se envía, cal se envía, porque non ten que ser unha ambulancia, podería ser un helicóptero que non hai

ningún en Vigo, está en Ourense, pero responde en tempo.

En terceiro lugar gustaríame falar da cobertura. Estas ambulancias asistenciais son 101 en xornada diúrna e 96 en xornada nocturna que como xa dixen non teñen ámbito local, unicamente están localizadas xeograficamente nunhas bases que, por suposto, se determinan non por criterios poboacionais, senón que por poboación, por recursos sanitarios, por infraestruturas, por demanda... E todo isto está moi claro que son factores cambiantes. Nestes momentos temos unha base na Fonsagrada onde non hai poboación suficiente porque é necesaria. O día que a Fonsagrada estea ben comunicada non será necesaria esa base, poderase atender dende outro punto.

Ademais hai un exemplo moi fácil de entender. Un cidadán de Vigo non ten por que seren atendido por unha ambulancia de Vigo, se sofre un infarto en Saiáns posiblemente o tempo de resposta sexa menor dende Nigrán e o atenda unha ambulancia de Nigrán. O ámbito é de toda a comunidade.

Ademais voullas mostrar o mapa das ambulancias asistenciais. Teño aquí o mapa onde se pode ver que cada un destes puntos é unha ambulancia e a súa base. A mancha que aparece de densidade de recursos é a cidade de Vigo. Fíxense que non hai ningún outro punto na Comunidade Autónoma que teña esta densidade. Paréceme polo tanto que estamos equivocando os termos.

Con estes datos e cunha utilización do 17% dos recursos nocturnos penso que procede esta reorganización porque é unha reorganización eficiente do exceso.

Tamén lle quería dicir ó Sr. Rodríguez Escudero que hai dúas maneiras de facer a revolución. Unha, igual que fixo Robespierre, guillotinando ó 061, o máis prestixiado de toda España e outra, como facemos os do Partido Popular, que é a de Diderot, coa ilustración e coa razón. Por iso nós presentamos unha emenda que dá un paso máis aló que o seu. Non se trata de suprimir un recurso como é o bus eléctrico, trátase dunha reorganización eficiente do exceso.

A nosa emenda vai no sentido de manter o tempo de resposta que é o que marca a eficacia do recurso en emerxencias. Polo tanto establecemos dous puntos, o primeiro: "Instar ó 061 a manter a asistencia, calidade do servizo e tempos de resposta ante as emerxencias".

O segundo punto que lle quero aclarar, Sr. Alonso, non se trata de que se

implante e logo se vai mal que o cambiemos, isto estase a facer en base a un histórico de demandas, está máis ca estudado. Pero nós imos máis aló e dicímoslle que se isto sofre algunha vulneración, nós faremos o seguimento e pedirémoslle ó 061 unha nova reorganización.

O Partido Popular estamos máis preocupados ca ninguén polo transporte sanitario. Pedimos as explicacións correspondentes e se nos deron. Pódolles anunciar coas medidas de mellora, como vai ser a informatización das ambulancias para mellorar o transporte ruta, conseguimos que se pilote dende Vigo. Vigo vai ser a cabeceira do Plan de mellora de transporte en ruta das ambulancias asistenciais.

SR. RODRÍGUEZ ESCUDERO: Neste caso comentou vostede como se tivésemos algún tipo de interese en acosar ó 061. Nada máis lonxe da realidade. Decátese vostede porque coido que están dando unha información non axeitada, por dicilo dun xeito suave, xa que foi unha imposición directa da Consellería de Sanidade ó director do 061 e allea a ese servizo. Foi nas reunións onde o propio director manifestouno e cando se lle acabaron as xustificacións ante os axentes que xestionan as ambulancias cando veu que non tiña argumentacións, dixo que era un imperativo que lle marcaban. Ou sexa, ese é o criterio, o imperativo é o criterio.

Imos deixármonos de eufemismos. Aquí non hai criterio de racionalidade, nin de planificación, hai criterio de recorte groseiro. Permítame que lle diga isto e ademais rétoa a que realmente teña a información na man.

Falou dun mapa e expúxoo publicamente. Eu voulle falar dos ratios comparativos, non vou falar sobre o mapa senón de ratios: A Coruña, unha ambulancia de noite por cada 61.512 habitantes. Vigo, unha ambulancia por cada 99.041 habitantes. Estou falando do 061, falando con datos que non con debuxos.

Eu podo permitirme iso en base a un coñecemento. Non teño que mentir, nin difamar porque estes datos os avalo ademais co meu coñecemento directo e indirecto do tema. Ademais xa lle digo que a reto a vostede a que obteña a información neste sentido.

Lamentándoo moito nin eu nin o meu grupo podemos aceptar a emenda que



vostede propón porque en primeiro lugar tampouco se planifica por ratios de poboación, é por ratios de necesidade e non por frecuencia como vostede di. O feito de que unha ambulancia teña cinco, oito saídas nocturnas iso non xustifica nin deixa de xustificar a existencia da ambulancia. A ambulancia xustifícaa a necesidade. Hai recursos que afortunadamente non se utilizan.

É todo iste un proceso groseiro de diminución en algo no que, de acordo coa OMS e a recomendación do Ministerio de Sanidade, o Concello de Vigo xa tiña un déficit de número de ambulancias algo que se conseguira paliar a partir de 2007.

A PRESIDENCIA: A emenda non se aceptou. O propoñente dixo con toda claridade que de ningún modo se podía aceptar.

Emenda formulada pola concelleira do Grupo Popular, Sra. Cendón Alonso, por escrito de data 5 de setembro de 2011:

- Instar ao 061 a manter a asistencia, calidade do servizo e os tempos de resposta ante as emerxencias, trala organización da rede de transporte sanitario urgente.
- Así mesmo, instar a realización do seguimento dos indicadores de calidade nos vindeiros meses co fin de comprobar a idoneidade da medida.

*Ao non seren aceptada a anterior emenda polo relator da moción, Sr. Rodríguez Escudero, a Alcaldía-Presidencia non a somete a votación.*

VOTACIÓN E ACORDO: Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Bravo Bosch, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira e Relova Quinteiro, acórdase:

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo Socialista, Sr. Rodríguez Escudero, instando á Xunta de Galicia á restitución do servizo de transporte sanitario de Vigo, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

5.4.- (187).-MOCIÓN DO GRUPO POPULAR INSTANDO SE TOMEN MEDIDAS DE APOIO Á FUNDACIÓN BANCO DE ALIMENTOS. EXPTE. 242/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 13 de xullo, número 242/1101, a concelleira do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. Larriba Leira, formula a seguinte moción:

“Unha sentenza do Tribunal de Xustiza da UE, a petición de Alemaña, cambiou o 13 de abril de 2011 o Programa Europeo de Axuda aos máis desfavorecidos (PEAD). A resolución establece que, con destino a este programa, non se poderán comprar máis alimentos que os correspondentes a excedentes. Isto supón a drástica redución da cantidade de alimentos que se distribuirán a partir do próximo ano 2012 nun 75%.

Como consecuencia da sentenza, millóns de pobres sufrirán os seus efectos negativos, nun contexto de crise económica no que o número de persoas necesitadas que solicitan axuda non deixa de crecer.

A Federación Española de Bancos de Alimentos, sabedora do importante retroceso que esta decisión supón na loita contra a exclusión social, fixo un chamamento á conciencia da sociedade. Os seus representantes en Vigo presentaron datos reveladores sobre os efectos da medida na cidade, na que 15.000 mil veciños se benefician desta axuda.

Ante esta gravísima situación solicitamos ao Pleno do Concello que se tome o seguinte acordo:

Que con carácter urxente se adopten as medidas precisas para que a Fundación Banco de Alimentos de Vigo poida seguir prestando, de xeito suficiente, unha axuda básica como é a alimentación, ás familias de Vigo necesitadas.”

A comisión informativa de Política Social, Cultura e Deportes, en sesión do 18 de xullo, por maioría, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SRA. LARRIBA LEIRA: Unha Sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea por petición de Alemaña cambiou o 13 de abril de 2011 o Programa europeo de axuda ós máis desfavorecidos. Esta resolución establece que con destino a este programa non se poderán comprar máis alimentos que os correspondentes a excedentes. Isto supón a drástica redución da cantidade de alimentos que se distribuirán ????? a partir do próximo ano 2012 nun 75%.

Como consecuencia da sentenza millóns de pobres sufrirán os seus efectos negativos nun contexto de crise económica no que o número de persoas necesitadas que solicitan axuda non deixa de crecer.

Esta crise económica agravou os niveis de pobreza ata límites que non poden ser aceptados na nosa sociedade porque se corresponden con dereitos inalienables das persoas, como o é o dereito á alimentación.

A ONG Federación Española de Bancos de Alimentos, sabedora do importante retroceso que esta decisión supón na loita contra a exclusión social, fixo un chamamento á conciencia da sociedade. Os seus representantes en Vigo presentaron datos reveladores sobre os efectos da medida na cidade na que 15.000 veciños se benefician desta axuda.

Este Concello polo tanto, coma administración máis próxima ós vigueses, ten que facer o máis importante agora: estimular a cooperación e a solidariedade e para iso se debe poñer á cabeza e dar exemplo.

Esta Corporación ten que se preparar para o fondo da crise que, todo a punta, será máis fonda o ano que ven e polo tanto debe pensar os orzamentos en clave social.

As cidades que máis sofren os efectos das crises económicas son as máis industrializadas porque é onde se xeran máis bolsas de pobreza. Hoxe fixemos reiterada mención ós graves problemas de desemprego que está a enfrontar a cidade de Vigo.

Por iso, para o noso grupo o importante, o prioritario non son as humanizacións que tan vehementemente defendeu o Sr. Regades, senón que o prioritario por suposto é este dereito fundamental das persoas.

Por iso, diante da grave situación á que se enfrontan os nosos veciños, solicitamos ó Pleno do Concello que se tome o seguinte acordo: Que con carácter

urxente se adopten as medidas precisas para que a Fundación Banco de Alimentos de Vigo poida seguir prestando de xeito suficiente unha axuda básica como é a alimentación ás familias de Vigo necesitadas.

SRA. VELOSO RÍOS: No Bloque Nacionalista Galego entendemos que efectivamente é unha necesidade apoiar, especialmente nestes momentos de crise, a organizacións como neste caso é a Fundación Banco de Alimentos coa que tamén xa nos reunimos logo desta sentenza que supuxo un recorte moi importante e grave nos seus recursos.

Estamos completamente de acordo en que o dereito á alimentación é un dereito básico, exactamente igual que o dereito á educación dos nenos e das nenas por exemplo, e que polo tanto hai que garantir ese tipo de recursos e as administracións públicas temos a obriga de facelo.

Estamos de acordo cos antecedentes e coa proposta do Partido Popular pero tamén é certo que este problema que está sufrindo a Fundación Banco de Alimentos non é un problema que só sufra esta organización e non ven derivado unicamente desta decisión da Unión Europea que efectivamente tivo consecuencias moi grandes, pero ademais tamén hai unha serie de recortes por parte doutras administracións como a administración autonómica. De feito, tal e como nos informou a Fundación Banco de Alimentos, o recorte da Xunta cífrase aproximadamente nun 20% con respecto á achega efectuada no exercicio pasado.

Entendemos que a resolución desta moción que presenta o Partido Popular con ser importante, con ser acada, é insuficiente por seren pouco concreta porque de feito fálase de maneira impersoal: "...que se adopten as medidas precisas".

Nós propoñemos unha emenda de engadido para completar esta proposta que fai o Partido Popular. Por unha banda propoñemos engadir o seguinte acordo: "Instar á Xunta de Galicia a manter ou mesmo aumentar, se é preciso, a axuda á Fundación Banco de Alimentos de Vigo". Ademais tamén recoñecendo que o problema fundamental é esta decisión da Unión Europea, propoñemos engadir tamén un acordo que diga: "Instar ó goberno do Estado a que demande da Unión Europea a modificación do Programa Europeo de axuda ós máis desfavorecidos

para evitaren as reducións nas axudas alimentarias”.

Entendemos que esta é a maneira de concretar esta moción e de que realmente as administracións ás que lle corresponda asuman a responsabilidade de solucionar este grave problema que está afectando á Fundación Banco de Alimentos.

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Non se debería facer demagogia cos máis desfavorecidos. Dígoo totalmente en serio, coido que deberíamos ser un pouco máis respectuosos e pídolles ós compañeiros do Partido Popular que sexamos serios con todo isto porque creo realmente que non teñen autoridade moral para falar do que están a falar. Agora mesmo acaban de rexeitar dúas mocións do Partido Socialista, unha sobre o Fondo de cooperación e outra sobre o transporte sanitario, cousa que ven demostrar o que a vostedes realmente lles interesan os máis desfavorecidos.

Cando a Xunta de Galicia está reducindo absolutamente todos os recursos en políticas de benestar, cando reduce un 20% no Banco de Alimentos, cando non lle preocupan nin sequera os emigrantes xa que pretende pechar unha oficina que hai en Vigo, cando a representante do Partido Popular saca un mapa dicindo que as urxencias sanitarias están suficientemente atendidas, seguramente haberá que pensar que non nos dea un infarto ou que non teñamos un accidente a fin de semana porque a ver onde está o helicóptero que quero que me veña buscar. Se eu ou un fillo meu temos un accidente, dáme exactamente igual se está en Ourense ou en Vigo, quero que me atendan, coido que é o máis importante.

Cando o Partido Popular reten diñeiro público do Estado ós dependentes, pouca autoridade moral ten. Iso estano facendo vostedes e senón pregunten á Sra. de Cospedal que tanto fala.

Podería seguir falando de moitas políticas de benestar pero non quero. Estou falando de realidades e aproveiten vostedes para seguir facendo demagogia.

Aceptamos a emenda que acaba de presentar o Bloque Nacionalista Galego.

SRA. LARRIBA LEIRA: Non me vou referir á intervención do Partido Socialista

porque penso que se cualifica por si mesma. Efectivamente este é un tema moi serio e non se pode entrar en demagogia que é o que se fixo do xeito máis descarado.

Sinxelamente vou valorar a emenda que presenta o BNG que imos asumir e o único que teño que comentar a isto é que tamén de algún xeito pretende desviar o tiro e politizar un tema cousa que nós non imos facer. Si quero dicir que asumimos a emenda que presentan e solicitamos de todos a votación en positivo deste acordo.

Emenda formulada pola concelleira do Grupo municipal do BNG, Sra. Veloso Ríos, por escrito de data 5 de setembro de 2011:

Engadir os seguintes acordos:

- Instar á Xunta de Galicia a manter ou mesmo aumentar, se é preciso, a axuda á Fundación Banco de Alimentos de Vigo.
- Instar ao goberno do Estado a que demanda da Unión Europea a modificación do Programa Europeo de Axuda aos máis desfavorecidos para evitar as reducións nas axudas alimentarias.

*Ao seren aceptada a anterior emenda pola relatora da moción, Sr. Larriba Leira, a Alcaldía-Presidencia somete a votación a parte dispositiva da moción xuntamente coa citada emenda.*

(Está ausente o voceiro do Grupo do BNG, Sr. Domínguez Olveira)

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Que con carácter urxente se adopten as medidas precisas para que a Fundación Banco de Alimentos de Vigo poida seguir prestando, de xeito suficiente, unha axuda básica como é a alimentación, ás familias de Vigo necesitadas.

Segundo.- Instar á Xunta de Galicia a manter ou mesmo aumentar, se é

preciso, a axuda á Fundación Banco de Alimentos de Vigo.

Terceiro.- Instar ao goberno do Estado a que demanda da Unión Europea a modificación do Programa Europeo de Axuda aos máis desfavorecidos para evitar as reducións nas axudas alimentarias.

## **6.- ASUNTOS URXENTES.**

Non se presentaron.

### **PARTE DE CONTROL**

#### **1.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS ACORDOS OU RESOLUCIÓNS DOUTROS ÓRGANOS MUNICIPAIS OU DE INFORMES OU ESCRITOS QUE ASÍ O REQUIRAN.**

##### **1.1.- (188).-DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.**

Dáse conta ó Pleno da Corporación das resolucións asinadas pola Alcaldía-Presidencia, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 21 de xullo e 1 de setembro de 2011.

##### **1.2.- (189).-DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS.**

Dáse conta ó Pleno da Corporación das resolucións asinadas polas concellarías delegadas, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 21 de xullo e 1 de setembro de 2011.

1.3.- (190).-DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO 01.08.2011 DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA DE MODIFICACIÓN DE ANTERIOR RESOLUCIÓN DO 13.06.2011 DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS.

ANTECEDENTES.- Por decreto de data 1 de agosto de 2011, a Alcaldía-Presidencia ditou a seguinte resolución:

“Mediante resolución de data 13.06.2011, esta Alcaldía acordou a estruturación das distintas áreas executivas do equipo de goberno e delegou diversas atribucións, sendo modificada por resolución de data 01.07.2011 e de data 12.07.2011.

De conformidade co sinalado nos artigos 43 e seguintes do RD 2568/1986, do 28 de novembro, resolvo:

Primeiro.- Modificar a miña resolución de data 13.06.2011 no seguinte sentido:

- No apartado Primeiro da resolución, no epígrafe

**I.- Área de Urbanismo, Cascos Históricos e Grandes Proxectos**, no apartado *c) Patrimonio Histórico* avócase a competencia delegada especificada no parágrafo 6, respecto a “O mantemento e conservación do Museo Municipal de Castrelos, especialmente no que se refire á colección arqueolóxica” e no parágrafo 9 “Representar ó Concello de Vigo nos seguintes órganos, entidades ou institucións: a) Padroado da Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo (Vicepresidencia). b) Padroado do Museo Municipal de Castrelos (Presidencia)”.

– No apartado Segundo da resolución, no epígrafe

**IV.- Area de Cultura, Festas e Política de Benestar**, no apartado *a) En materia de cultura*, engadir un parágrafo 15

“15.- O impulso, promoción, xestión e coordinación dos Museos da cidade, en particular:

- Museo Quiñones de León
- Pinacoteca
- Verbum-Casa das Palabras
- Centro de Artesanía Tradicional (CAT)”

Segundo.- Notificar a presente resolución ós concelleiros delegados afectados.

Terceiro.- Comunicar a presente resolución ós xefes das diferentes áreas e servizos municipais para o seu coñecemento e efectos, dando publicidade na intranet municipal.



Cuarto.- A presente resolución entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, conforme ó establecido no art. 44.2 do RD 2568/1986.

Quinto.- Da presente resolución, de conformidade co establecido no art. 44.4 do RD 2568/1986, en relación co 38.d) do mesmo corpo legal, darase conta de forma individualizada ó Pleno da Corporación ós efectos de que quede decatado da mesma.”

*Da anterior resolución a Alcaldía-Presidencia da conta ao Pleno da Corporación.*

1.4.- (191).-DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DO 09.08.11 DA ALCALDÍA PRESIDENCIA DE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN NA ASEMBLEA DA MANCOMUNIDADE DA ÁREA INTERMUNICIPAL DE VIGO.

ANTECEDENTES.- Por decreto de data 9 de agosto de 2011, a Alcaldía-Presidencia ditou a seguinte resolución:

“O Pleno do Concello de Vigo, en sesión do 8 de xullo de 2011, prestaba aprobación á proposta da Alcaldía de data 5 de xullo de 2011 sobre o nomeamento de representantes da Corporación na asemblea da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo.

De conformidade cos escritos presentados polos grupos políticos municipais na Secretaría Xeral do Pleno, esta Alcaldía

RESOLVE:

Primeiro.- Nomear representantes da Corporación na Asemblea da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo, aos seguintes concelleiros:

Polo Partido Popular:

- D. José Manuel Figueroa Vila
- D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Bravo Bosch
- D. Marcos Araújo Pereira
- D. Miguel Fidalgo Iglesias
- D<sup>a</sup> Marta Iglesias Bueno
- D. José Luis Álvarez Pérez
- D. Antonio Bernárdez de Dios

-----  
S. Ordinaria 08.09.11

Polo Partido Socialista:

- D. Abel Caballero Alvarez (Presidente)
- D. Carlos López Font
- D<sup>a</sup> Raquel Díaz Vázquez
- D. Angel Rivas González
- D. Santos Hector Rodríguez
- D<sup>a</sup> María Jesús Lago Rey
- D. David Regades Fernández

Polo Partido do BNG:

- D. Santiago Domínguez Olveira
- D<sup>a</sup> Iolanda María Veloso Ríos

Segundo.- Notificar a presente resolución ós voceiros dos grupos políticos municipais.

Terceiro.- Comunicar a presente resolución á oficina da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo.

Cuarto.- A presente resolución entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, conforme ó establecido no art. 44.2 do RD 2568/1986.

Quinto.- Da presente resolución, de conformidade co establecido no art. 44.4 do RD 2568/1986, en relación co 38.d) do mesmo corpo legal, darase conta de forma individualizada ó Pleno da Corporación ós efectos de que quede decatado da mesma.”

*Da anterior resolución a Alcaldía-Presidencia da conta ao Pleno da Corporación.*

1.5.- (192).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DE DELEGACIÓNS TEMPORAL DE COMPETENCIAS:

- a) Do 04.08.11 na área de Medio Ambiente, Igualdade e Xuventude.

ANTECEDENTES.- Por decreto de data 4 de agosto de 2011, a Alcaldía-Presidencia ditou a seguinte resolución:

“Con motivo da ausencia da concelleira de Medio Ambiente, Igualdade e Xuventude D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey, dende o día 8 ata o 24 de agosto de 2011, en

uso das atribucións conferidas a esta Alcaldía-Presidencia no art. 124.4 da Lei 7/1985, e de conformidade co previsto no art. 43 e do RD 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais,

#### RESOLVO

Primeiro.- Delegar no concelleiro D. Carlos López Font, delegado da Area de Mobilidade, Transporte e Seguridade e Xestión Municipal, as atribucións outorgadas á concelleira delegada de Medio Ambiente, Igualdade e Xuventude, dende o 8 ata o 17 de agosto de 2011, en virtude da resolución desta Alcaldía-Presidencia de data 13 de xuño de 2011.

Segundo.- Delegar na concelleira D<sup>a</sup>. Isaura Abelairas Rodríguez delegada da área de Cultura, Festas e Política de Benestar as atribucións outorgadas á concelleira delegada de Medio Ambiente, Igualdade e Xuventude, dende o 18 ata o 24 de agosto de 2011, en virtude da resolución desta Alcaldía-Presidencia de data 13 de xuño de 2011.”

- b) Do 04.08.11 na área de Economía e Facenda, Patrimonio e Educación.

ANTECEDENTES.- Por decreto de data 4 de agosto de 2011, a Alcaldía-Presidencia ditou a seguinte resolución:

“Con motivo da ausencia da concelleira D<sup>a</sup> Raquel Díaz Vázquez, entre os días 8 ao 23 de agosto, ambos inclusive, en uso das atribucións conferidas a esta Alcaldía-Presidencia no art. 124.4 da Lei 7/1985, e de conformidade co previsto no art. 43 e do RD 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais,

#### RESOLVO

Delegar no concelleiro D. Carlos López Font, do 8 ao 17 (ambos inclusive) e na concelleira D<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez, do 18 ao 23 (ambos inclusive), as atribucións outorgadas na concelleira delegada de Economía e Facenda, Patrimonio e Educación, en virtude da resolución desta Alcaldía-Presidencia de data 13 de xuño de 2011, de acordo ao contido do apartado segundo, III, da mencionada resolución.”

- c) Do 05.08.11 na área de Emprego, Participación e Voluntariado.

ANTECEDENTES.- Por decreto de data 5 de agosto de 2011, a Alcaldía-Presidencia ditou a seguinte resolución:

“Con motivo da ausencia do concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado D. Santos Hector Rodríguez Díaz, dende o día 9 ata o 22 de agosto de 2011, en uso das atribucións conferidas a esta Alcaldía-Presidencia no art. 124.4 da Lei 7/1985, e de conformidade co previsto no art. 43 e do RD 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais,

#### RESOLVO

Primeiro.- Delegar no concelleiro D. Angel Rivas González, delegado de Distritos, Parques, Xardíns e Limpeza, as atribucións outorgadas ao concelleiro delegado de Emprego, Participación e Voluntariado, dende o día 9 ata o 16 de agosto de 2011, en virtude da resolución desta Alcaldía-Presidencia de data 13 de xuño de 2011.

Segundo.- Delegar na concelleira D<sup>a</sup>. Isaura Abelairas Rodríguez delegada da área de Cultura, Festas e Política de Benestar as atribucións outorgadas ao concelleiro delegado de Emprego, Participación e Voluntariado, dende o día 17 ata o 22 de agosto de 2011, en virtude da resolución desta Alcaldía-Presidencia de data 13 de xuño de 2011.”

d) Do 05.08.11 na área de Fomento.

ANTECEDENTES.- Por decreto de data 5 de agosto de 2011, a Alcaldía-Presidencia ditou a seguinte resolución:

“Con motivo da ausencia do concelleiro D. David Regades Fernández, entre os días 8 ao 19 de agosto, ambos inclusive, en uso das atribucións conferidas a esta Alcaldía-Presidencia no art. 124.4 da Lei 7/1985, e de conformidade co previsto no art. 43 e do RD 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais,

#### RESOLVO

Delegar na concelleira D<sup>a</sup> Carmela Silva Rego, do 8 ao 19 de agosto, ambos inclusive, as atribucións outorgadas no concelleiro de Fomento, en virtude da resolución desta Alcaldía-Presidencia de data 13 de xuño de 2011, de acordo ao contido do apartado segundo, III, da mencionada resolución.”

-----  
S. Ordinaria 08.09.11

- e) Do 19.08.11 na área Mobilidade, Seguridade, Transportes e Xestión Municipal.

ANTECEDENTES.- Por decreto de data 19 de agosto de 2011, a Alcaldía-Presidencia ditou a seguinte resolución:

“Con motivo da ausencia do concelleiro D. Carlos López Font, entre os días 19 ao 26 de agosto, ambos inclusive, en uso das atribucións conferidas a esta Alcaldía-Presidencia no art. 124.4 da Lei 7/1985, e de conformidade co previsto no art. 43 e do RD 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais,

RESOLVO:

Delegar na concelleira D<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez, do 19 ao 26 de agosto, as atribucións outorgadas no concelleiro delegado de Mobilidade, Seguridade e Transportes e Xestión Municipal en virtude da resolución desta Alcaldía-Presidencia de data 13 de xuño de 2011, de acordo ao contido do apartado segundo, III, da mencionada resolución.”

*Das anteriores resolucións a Alcaldía-Presidencia da conta ao Pleno da Corporación.*

**2.- COÑECEMENTO DOS INFORMES CITADOS NO ART. 38.2.M.4º DO REGULAMENTO DO PLENO.**

Non se presentaron.

**3.- COMPARENCIAS DE MEMBROS DA CORPORACIÓN.**

Non se solicitaron.

**4.- MOCIÓNS.**

4.1.- (193).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG INSTANDO AO GOBERNO A

POSTA EN FUNCIONAMENTO DO MICROBÚS ELÉCTRICO E DO  
SERVIZO DE COIDADORES DO CASCO VELLO. EXPTE. 280/1101

4.2.- (194).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOLICITANDO  
SE POÑAN EN PRÁCTICA MEDIDAS PARA QUE O MICROBÚS  
ELÉCTRICO POIDA SEGUIR A PRESTAR SERVIZO. EXPTE. 273/1101.

*A petición do voceiro do Grupo Popular, Sr. Figueroa Vila, trátanse  
conxuntamente as mocións do Grupo do BNG e Grupo do PP, relativas a posta en  
funcionamento do microbús eléctrico e do servizo de coidadores do Casco Vello.*

Moción formulada pola concelleira do BNG, Sra. Veloso Ríos:

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 29 de  
agosto, número 280/1101, a concelleira do Grupo municipal do BNG, Sra. Veloso  
Ríos, formula a seguinte moción:

“Nos últimos catro anos, o anterior goberno municipal, a través da Concellaría de  
Cascos Históricos e Patrimonio Histórico, desenvolveu un importante labor na  
recuperación e dinamización do Casco Vello.

Nunca un goberno municipal investira tanto directamente na reposición e posta  
en funcionamento daqueles servizos que inflúen moi positivamente na calidade  
de vida dos veciños e veciñas.

Dous destes servizos eran, por un lado, os coidadores de barrio, unha iniciativa  
que foi acollida moi satisfactoriamente tanto polos comerciantes como polos  
propios veciños e veciñas. Persoas que atendían ás persoas dependentes,  
maiores, que servían de guías turísticos, que alertaban dos pequenos deterioros  
do barrio, etc. Por outra banda sinalar que esta iniciativa era xeradora de  
emprego, de tal xeito que a posta en marcha destes coidadores deu lugar á  
creación dunha cooperativa que nestes momentos compuñan catro traballadoras  
cun proxecto de contratar a máis traballadores e traballadoras.

Por outra banda, o bus eléctrico foi posto en marcha como un medio de  
transporte ecolóxico que facilitara a mobilidade no interior do Casco Vello e a súa  
relación coas zonas altas do seu contorno, concretamente o Concello de Vigo. O  
anterior goberno tiña previsto realizar campañas de información sobre este  
medio de transporte, chegar a convenios cos comerciantes e hostaleiros para a  
utilización gratuíta dos seus clientes, reducións de tarifas para residentes do

Casco Vello, así como a ampliación e reordenación do propio percorrido ou frecuencias horarias.

Lamentamos e criticamos que sen ter posto en marcha tanto nun caso como noutras medidas de ampliación e potenciación destes dous servizos, o actual goberno municipal optara pola vía da supresión demostrando falta de iniciativa e de xestión.

Por iso, solicitamos do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte acordo:

O Goberno Municipal volverá poñer en marcha os servizos do bus eléctrico e dos coidadores de barrio, realizando as xestións que estime oportunas para a potenciación dos devanditos servizos.”

A comisión informativa de Xestión Municipal e Mobilidade, en sesión do 18 de xullo, por maioría, ditaminou favorablemente a anterior moción.

Moción do voceiro do Grupo Popular, Sr. Figueroa Vila:

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 24 de agosto, número 273/1101, o voceiro do Grupo municipal Popular, Sr. Figueroa Vila, formula a seguinte moción:

“O Grupo Popular denunciou ante a opinión pública a precipitación do goberno local ao poñer en marcha o microbús eléctrico. Consideramos que se facía nel un investimento desproporcionado e que carecía de estudos que avalasen o seu funcionamento. O proxecto supuxo a compra do autobús, unha asistencia técnica e o soldo dos condutores, e custou aos vigueses preto dun millón de euros.

Despois de tres meses demostrouse que, cunha capacidade de 20 pasaxeiros e tendo que recargar baterías tras percorrer 100 km., non é rendible manter o servizo. Servizo que, ademais, deixa sen resolver as necesidades reais de mobilidade no Casco Vello.

Este proxecto, presentado coma outros xusto antes das eleccións municipais, arrincou improvisadamente e por afán electoralista e se entón dubidabamos do seu futuro, o tempo deunos a razón e agora está aparcado.

Isto é o que consideramos máis grave, que despois de feito o investimento o goberno non sexa capaz de rendibilizalo. O fracaso da política de transporte público da lexislatura anterior, constatado en datos e cifras que falan da perda dun millón de pasaxeiros no último ano, parece continuar agora con esta

decisión.

Por tanto, solicitamos ao Pleno do Concello que se tome o seguinte acordo:

Que se estuden e poñan en práctica medidas para que o microbús eléctrico poida seguir prestando un servizo de transporte público de xeito eficaz e eficiente.”

A comisión informativa de Xestión Municipal e Mobilidade, en sesión do 18 de xullo, por maioría, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Coido que ó longo deste Pleno se ven repetindo a palabra priorizar que máis ca unha palabra, é unha acción que evidentemente ten que formar parte de calquera tipo de estratexia política dun goberno municipal en tempos de crise, en tempos onde é fundamental que todas as accións dun goberno sexan para revitalizar, dinamizar a economía e por conseguinte facer un parapeto social diante de esta situación económica de crise.

Nos últimos catro anos o anterior goberno municipal fixo unha aposta importante a través da Concellería de Cascos Históricos e Patrimonio Histórico, e todo o goberno en xeral fixo unha aposta importante pola recuperación e dinamización do Casco Vello. Por certo, todos vostedes poderán ver mañá na televisión estatal o documental “Un novo Vigo Vello” que se vai poñer ás cinco da tarde. Toda España vai poder ver ese traballo de recuperación co protagonismo de Luís Tosar. Decía que hai catro anos un goberno municipal fixo unha aposta importante pola dinamización e recuperación do Casco Vello. Hai que entender e coido que este goberno non o acaba de dar entendido, que dentro dos aspectos de recuperación e dinamización dun casco vello inflúen moitas cousas. Nós empezamos por unha primeira que foi arranxar os servizos básicos que lle tiñamos que dar ó Casco Vello. Renovouse o saneamento, fíxose a separación de augas pluviais, renovouse o alumado, o pavimento..., é dicir, calidade de vida para os veciños e veciñas. Esa foi a primeira fase.

Pero quedaba unha segunda: se queremos que o Casco Vello non se volva deteriorar coma o estivo nos últimos anos, temos que lle dar novos servizos, novas accións que fagan en primeiro lugar que a xente se anime ir ó Casco Vello.



En segundo lugar, que a xente se anime a vivir no Casco Vello e, en terceiro lugar, que en definitiva o Casco Vello sexa un lugar fácil para estar, para andar e para vivir.

Estes eran os obxectivos destes dous servizos que vostedes retiraron e permítanme dicirlles que inexplicablemente. O bus eléctrico que xa non lle custa ó Concello, que xa está mercado, está agora parado. Ese si que é un malgasto, señores do goberno municipal, é un malgasto que un investimento que fixemos estea parado. Hai que insistir en que o bus eléctrico se puxo en primeiro lugar coma unha medida importante de mobilidade, señor concelleiro de Tráfico, púxose de xeito experimental porque nós xa dixemos que hai que facer campañas de promoción deste bus eléctrico, hai que falar cos comerciantes para facer bonos gratuítos, para que a xente que veña mercar ou visitar o Casco Vello o poida utilizar, hai que promocionalo cara os visitantes que recibe esta cidade, hai que facer políticas de abaratamento do propio billete para os residentes do Casco Vello como tiñamos programado e evidentemente así o dixemos nós tamén, se vemos que é necesario hai que ampliar algún tipo de liña no percorrido. É dicir, hai que xestionar, señores do goberno municipal. O máis fácil é dicir que como non é rendible se deixa nun garaxe. Entón si que non é rendible porque a rendibilidade non se pode buscar só económica, senón social.

Enlazo co segundo servizo que vostedes inexplicablemente tamén se cargaron. Políticas de emprego. A todos se nos enche a boca dicindo que hai que crear emprego pero vostedes se acaban de cargar unha cooperativa de traballadoras, de catro traballadoras cun número de empregados e empregadas da propia cooperativa dependendo dos servizos a realizar. Ademais un servizo que servía para atender a dependentes no Casco Vello, agora que todo o mundo se arroga loitar a favor dos máis necesitados, estes empregados e empregadas acompañaban á xente que non se podía mobilizar, facíanselle recados ás persoas maiores, atendíase tamén ós turistas, facíase colaboración cos comerciantes e vostedes cárganse eses dous servizos.

Eu pídlle ó goberno municipal que siga apostando pola recuperación e dinamización do Casco Vello. É moi importante engadir servizos deste tipo que ademais, cousa moi importante, non sei se vostedes escoitaron ou non pero tiñan

un grao de satisfacción moi alto por parte dos veciños e veciñas do Casco Vello.

SR. FIGUEROA VILA: Foi unha idea, un consenso que se acadou por todos os grupos políticos hai xa aproximadamente cinco ou seis anos de poñer en marcha unha serie de políticas para reactivar e dinamizar o Casco Vello. Eu dende logo, tanto a nivel de Grupo do Partido Popular como a nivel individual, estou moi satisfeito e orgulloso do traballo que se fixo en canto ás políticas de recuperación dunha das zonas máis degradadas da nosa cidade.

Aquí hai dúas cuestións fundamentais. A primeira cando se aprobou o PEPRI do Casco Vello por un goberno do Partido Popular, foi unha aprobación importante por seren a ferramenta urbanística de traballo para poder desenvolver o Casco Vello. En segundo lugar lembrarán todos vostedes da constitución do Consorcio do Casco Vello que ademais ía acompañado dun financiamento de trinta millóns de euros e no que participaban as tres administracións nestes momentos implicadas co Casco Vello que eran o Concello de Vigo, a Xunta de Galicia e tamén a Delegación do Estado na Zona Franca. Logo saben todos vostedes que Zona Franca cedeu a súa participación a favor da Xunta de Galicia.

Eu tiven a oportunidade, o orgullo de seren o primeiro presidente dese Consorcio do Casco Vello. A partir de aí houbo un consenso total e absoluto sobre o Casco Vello. Todos traballamos na mesma dirección porque todos entendemos que o Casco Vello se tiña que recuperar. Comezouse con políticas de vivenda que coído que xa están dando resultados, empezáronse a comprar edificios, puxéronse vivendas en réxime de aluguer para persoas mozas e creo que esas políticas, co atraso que se produciu pero sobre todo coa eficacia e dun xeito importante co consenso, ó final están dando os seus resultados.

É certo que estas políticas xerais de investimentos, de dinamización, de recuperación de rúas e de vivendas en mal estado, tiñan que vir acompañadas de outro tipo de políticas e sobre todo de mobilidade porque no Casco Vello se detectaba e se detecta e hai un estudo claro que di que as persoas que vivían e que seguen vivindo son persoas maiores con problemas de mobilidade. Todos vostedes coñecen e senón llo dicimos os que estivemos no Consorcio do Casco Vello, que houbo grandes debates sobre cal sería a forma de facer políticas para

que esas persoas puidesen moverse dentro do Casco Vello e a maiores tamén políticas para que os cidadáns que se incorporasen a vivir alí fosen persoas mozas. Como o lugar estaba degradado, foi cando se tomou a decisión de tentar que houbo unhas persoas que fixeran un control, persoas máis próximas a eses veciños maiores para os axudar na súa vida cotiá.

Pero tamén a maiores falamos das políticas de mobilidade e así un día se presentou a posibilidade destes coidadores e tamén a de contar cunha mobilidade a través dun bus eléctrico. Tamén lembrarán vostedes que hai proxectos a medio e a longo prazo e así se falou dos ascensores, que é outro tema imprescindible para recuperar o Casco Vello, para a súa conexión coa nosa cidade.

Eu dende logo síntome moi satisfeito de seren o primeiro presidente dese Consorcio do Casco Vello e entendemos que estas políticas que se aplicaron por consenso se levaron a cabo entre todos sen diferenciación política de ningún tipo. Creo que nos últimos catro anos e medio non houbo ningún debate sobre o Casco Vello que non fora por consenso.

Todo iso levounos presentar hoxe esta moción porque entendemos que en canto a políticas de mobilidade non hai que destruír ou paralizar algo por non seren rendible economicamente. Non, porque vostedes, Grupo Socialista, prometeron hai catro anos en campaña electoral que se ía facer unha redistribución de todas as liñas de Vitrasa que chegarían en quince minutos ó rural e ó centro da cidade en cinco. Levamos agardando catro anos dende ese compromiso electoral e vostedes saben que hai liñas de Vitrasa que non son rendibles, senón que pola contra son moi custosas para as arcas municipais. Parécenos que un bus eléctrico non só é unha cuestión económica, senón que ten que ter a súa repercusión social que a ten .

Nós imos solicitar na mesma dirección que acaba de expoñer o Bloque, a recuperación destes proxectos do Casco Vello que ten que seguir sendo unha vía de consenso que nós non imos romper. Agardo que esta moción non rompa o consenso que hai sobre o Casco Vello para os próximos anos.

SR. LÓPEZ FONT: Dispoño de pouco tempo para contestar ó que son en realidade

dúas mocións. Primeiro centrareime nas decisións que tomou o goberno que non suprimiu ningún dos dous servizos que se están demandando nas mocións que estamos a tratar nestes momentos.

O servizo de Coidadores de Barrio prestouse dende o mes de setembro ata o 30 de abril co anterior goberno. No orzamento deste ano hai unha partida para lle dar continuidade a este servizo. Como ben saben os concelleiros do Bloque Nacionalista Galego houbo unha serie de dificultades no encaixe legal, no marco xurídico co que se podería seguir desenvolvendo a prestación deste servizo.

Reafirmo aquí no nome do goberno e do Grupo municipal Socialista o noso compromiso co Casco Vello e co discurso que fixeron vostedes, aínda coas evidentes contradicións por parte do Partido Popular.

Sr. Domínguez Olveira, xamais nesta cidade durante catro anos se fixo tanto polo Casco Vello. O anterior goberno foi o que máis apostou polo Casco Vello no goberno conxunto do Bloque Nacionalista Galego e o Partido Socialista. Asegúrolles aquí que este goberno vai continuar nesa aposta polo Casco Vello, vai continuar pola aposta no marco do Consorcio do Casco Vello onde hai que tomar as decisións por unanimidade, Sr. Figueroa, lémbreo, e tamén imos apostar por estas decisións que dinamizan o Casco Vello. Teñan nese sentido a seguridade de que o imos facer, o que ocorre é que evidentemente debemos facer un novo proxecto.

En canto ós coidadores de barrio, estamos estudando manter ese servizo con esa partida orzamentaria da que falei, pero salvando as dificultades que vostedes coñecen perfectamente sobre o marco xurídico e sobre a condición que deben ter os vixilantes. Estamos estudando proxectos de inserción laboral de empresas que poden prestar este servizo e somos nós como o goberno os maiores interesados en que ese servizo se manteña e que sexa un apoio tanto á Concellería de Benestar Social como á de Turismo á hora de axudar as persoas dependentes, á hora de informar en temas de turismo sobre a nosa cidade. Nese sentido imos realizar propostas.

Quero que quede claro aquí que non interrompemos ningún servizo, xa se interrompera o 30 de abril. O servizo débese volver prestar e o compromiso que manifestamos aquí é que ese servizo se vai manter, que imos solventar os

problemas legais que poidan significar e que imos seguir con esa aposta no Casco Vello.

Cando vostede fala de priorizar e de xestionar, iso é o que realmente estamos facendo. É verdade que este goberno vai conxugar a rendibilidade económica necesaria nestes tempos, coa rendibilidade social.

Dígolles o mesmo en canto ó bus eléctrico. É verdade que o bus eléctrico tivo un período de posta en práctica dende o día 6 de maio e o día 31 de xullo os datos sobre utilización do servizo, sobre o número de viaxeiros e sobre rendibilidade económica invitaban a que o goberno prudentemente tomase unha decisión de reflexionar sobre o servizo. Non suspender senón facer un alto no camiño e provisionalmente ir a outros estudos que supuxeran ampliación de percorrido porque evidentemente, tal como se nos ocorre a todos, tal como se planificou o percorrido non respondeu ó que agardaban os cidadáns.

Sorpréndenme as afirmacións do Partido Popular porque presentan esta moción cando todos lembramos as críticas que facían no goberno anterior sobre o malgasto que supoñía o bus eléctrico. Agora é bastante sospeitoso que o Partido Popular diga que é un elemento de mobilidade totalmente necesario. A particularidade está que entre a moción que presentan e a que presenta o Bloque Nacionalista Galego hai unha diferenza moi importante: vostedes non apostan polos coidadores de barrio, debe ser porque están no Consorcio do Casco Vello e o Bloque Nacionalista Galego si.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Sr. López Font, hai unha nova fórmula de seguir mantendo un servizo que me ten que explicar, iso de que non suprimiron o bus eléctrico debe ser algo novo, quererá dicir vostede que a mantén dentro dun garaxe e entón a xente pode seguir visitando o bus eléctrico.

Vostedes suprimiron o bus eléctrico, non veñan con eufemismos. O bus eléctrico non está agora mesmo nas rúas do Casco Vello, non lle dean máis voltas. Poderá vostede dicir o que queira pero suprimiron vostedes o bus eléctrico e senón eu invito a unha cea á persoa que vexa hoxe pola mañá por algures circulando. Imos falar con claridade.

Agora ben, tamén lle digo que me vale e acepto o compromiso aquí expresado

pola súa parte de repoñer eses dous servizos.

É certo que vostedes teñen que buscar as fórmulas, vostedes son o goberno e non lles vou dicir como. Tamén lle adianto que hai fórmulas moi fáciles e pódome ó seu dispor para lle dicir como dun xeito bastante doado se pode volver poñer en marcha o servizo dos coidadores. Confío na súa capacidade para atopar esas fórmulas que por outra parte son fáciles porque cartos hai para estes servizos, dicíao vostede e é certo. Benvido sexa ese compromiso polo Casco Vello e por estes dous servizos.

Dende o BNG coa nosa moción non pretendíamos dicirlle ó goberno como ten que facer. A nosa moción dío moi claro: que poñan en marcha os servizos do bus eléctrico e dos coidadores de barrio realizando as xestións que estimen oportunas para potenciar os devanditos servizos. Se é a través dunha empresa de reinserción social e a través da Concellería de Benestar Social, mellor que mellor, perfecto se é así, en primeiro lugar porque isto naceu como unha iniciativa de emprego precisamente de reinserción social, polo tanto é perfecto se o fan por aí.

Sr. López Font, é certo que o bus eléctrico non é rendible economicamente pero as alternativas que me daba vostede eran que se podía utilizar para mover aos funcionarios ou ceder a unhas ONGs e eu sempre me fago a pregunta de que se non é rendible para os veciños e veciñas do Casco Vello, vanlles cobrar ós funcionarios ou as ONGs pola utilización dese autobús?

Déixeno estar no Casco Vello. Melloren este servizo, non dubido da súa capacidade para facelo, porque cando chegue o inverno, o frío e o mal tempo verá vostede como isto lle vai solucionar moitos problemas de mobilidade a moita xente que sinxelamente ten que vir do Casco Vello facer unha xestión ó Concello de Vigo. Fagan vostedes por ampliar o percorrido, fagan esa redución de tarifa ós residentes do Casco Vello e verá como é rendible, como dentro duns meses estamos os dous celebrando que ese servizo si é rendible e seguiremolo celebrando se é certo o que vostede di, que eu non dubido, o compromiso deste goberno municipal co Casco Vello. De non seren así por suposto que sempre llo demandaremos.

SR. FIGUEROA VILA: Sr. López Font, parécenos ben que empecen a asumir que son un goberno en minoría, coido que é importante porque o que dicían hai unhas semanas de que hai que retirar o bus eléctrico agora xa parece que como se decatán de que non teñen outra opción porque na democracia o que vale son os votos, ó final decatáronse de que están en minoría. Coido que é importante.

Sr. Domínguez Olveira, sei que vostede é veciño de Lavadores e quere moito a ese barrio, pero o bus o ten alí, ó carón da súa casa, no Parque Central de Santa Cristina. Non sei para quen está pero está alí aparcado.

Dicindo isto, Sr. López Font, claro que nós sabemos que é por unanimidade porque os estatutos fixéronse cun goberno do Partido Popular, tamén o convenio asinámoslos nós o 3 de febreiro do ano 2005 e había unha achega para o Casco Vello de trinta millóns de euros que se foi desenvolvendo neses anos. Coido que o Casco Vello ten que ser un elemento de consenso para todos e proba diso é que nos cinco últimos anos con todos os gobernos de todas as cores políticas, todos apostamos polo Casco Vello.

Era unha zona degradada no centro da cidade, dentro do noso barrio histórico que podía ser importante para as persoas maiores que viven alí, para aplicar políticas sociais de integrar doutras familias máis mozas, pero ó mesmo tempo porque tamén podía ser un elemento dinamizador da cidade, tanto no sector servizos como de zona turística. Coido que non escoitou a ninguén que rexeitase ese consenso, polo menos do noso grupo.

Repito que nós, un goberno do Partido Popular, aprobamos o PEPRI do Casco Vello, aprobouse ese convenio e fóronse aplicando distintas políticas. Pero tamén imos máis aló porque xa lles anunciamos que, á parte da recuperación destes proxectos, imos seguir insistindo tamén na recuperación para o futuro do aparcadoiro da Porta do Sol como zona de aparcadoiro para residentes do Casco Vello. Tamén ese proxecto que hai e ese deseño que algún día se presentou e que de momento quedou en nada pero agardamos que se recupere tamén a posta en marcha deses ascensores o que levaría que dende a zona do Berbés se puidese chegar ata o Castro con certa facilidade. Coido que ese é un proxecto no que todos estamos de acordo.

Nós non só imos apoiar esta proposta, senón que xa lles indicamos que imos ir

máis aló, que presentaremos propostas na dirección de recuperar o proxecto de ascensores, do aparcadoiro da Porta do Sol como unha condición indispensable porque é moi necesario que ese aparcadoiro sexa só para residentes do Casco Vello se o queremos dinamizar, sobre todo cando agora temos un aparcadoiro novo na zona de Policarpo Sanz.

Esa vai ser a nosa filosofía política de traballo político con respecto ó Casco Vello. Aceptamos refundir as dúas mocións porque imos traballar en consenso no Casco Vello. Agardamos que o Partido Socialista se sume a esa proposta.

A PRESIDENCIA: Refundimos as dúas propostas na proposta do Bloque Nacionalista Galego.

*A Alcaldía-presidencia, co consentimento dos relatores, somete a votación ambas moción refundidas nun só acordo.*

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Volver poñer en marcha os servizos do bus eléctrico e dos coidadores do Casco Vello, estudando a forma de seguir prestando eses servizos dun xeito eficaz e eficiente, para o que se realizarán as xestións oportunas para a potenciación dos devanditos servizos.

4.3.- (195).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO A RETIRADA DOS CARTEIS DOA LENDA "ALCALDÍA" E RESTITUCIÓN DA LENDA "CONCELLO DE VIGO". EXPTE. 274/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 24 de agosto, número 274/1101, o concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Bernárdez de Dios, formula a seguinte moción:



“O Grupo Municipal do Partido Popular ante a desfeita, malgasto e imaxe distorsionada que se ofrece da cidade coa proliferación masiva de letreiros e pancartas coa lenda de "Alcaldía", considera necesario deter a invasión e restaurar o nome do "Concello de Vigo" en todas as accións onde estea presente a actividade municipal.

Atrás quedou a rivalidade do bigoberno, cando cada un dos grupos identificaba os seus labores e presencias con letreiros de "Alcaldía" e "Tenencia de Alcaldía" segundo fose o caso.

Nestes intreos onde, o goberno en minoría está representado por once concelleiros está demais manter este personalista signo de identidade.

Desde sempre, as actuacións do goberno municipal estiveron representadas pola marca "Concello de Vigo", que ten que ser o símbolo identificador da imaxe da cidade. Nin os distintos departamentos do Concello nin os vigueses e viguesas se senten identificados cos letreiros de "Alcaldía"

Chegou o momento de mudar unha política de *marketing*, por outra que respecte o sentir da maioría dos cidadáns, ademais de supoñer a eliminación dun gasto que non temos por que asumir e soportar.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal no Concello de Vigo somete a consideración do Pleno a aprobación do seguinte acordo:

Retirar todos os carteis, rotulacións, pancartas e impresións onde figure a lenda "Alcaldía" e se restaure a de "Concello de Vigo".”

A comisión informativa de Xestión Municipal e Mobilidade, en sesión do 18 de xullo, por maioría, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SR. BERNÁRDEZ DE DIOS: Non vou resumir a moción porque é perfectamente coñecida por todos nós, ó igual que polos medios de comunicación que verteron escritura sobre ela, imaxes e fotografías.

Asistimos en Vigo a unha actuación insólita xamais vista en ningunha cidade de España. Á figura do alcalde de Vigo fáiselle publicidade e patrocina cun adhesivo que se pode levar ata nos lugares nunca imaxinables en detrimento e ocultación do de “Concello de Vigo”. O dito letreiro, que os turistas xa confunden co nome da cidade nalgunhas ocasións, nolo atopamos ata compartindo unha caseta de praia da Cruz Vermella dando lugar á confusión sobre se a citada instalación se trataba dun servizo sanitario ou dunha oficina do alcalde.

Para o alcalde de Vigo non existe aprecio de ningún tipo para co traballo que se realiza polos preto de 1.500 traballadores que ten o Concello de Vigo. Ó pareceren os xardíns mantenos o alcalde, o tráfico diríxeo o alcalde, as festas organizaas el, tamén apaga os lumes e traballa nas obras, as casetas da Cruz Vermella son do alcalde e, por poñer outro exemplo, as instalacións deportivas tamén son do alcalde. É como se nesta cidade unha única persoa se encargase de todo. Os departamentos, os traballadores e as distintas concellerías do Concello non existen. Todo se focaliza nunha actitude personalista e egocéntrica dun alcalde a quen só apoian 50.000 vigueses dos 300.000 que ten Vigo, é dicir, unha sexta parte dos vigueses.

A cidade, os vigueses e viguesas que residimos neste municipio, estamos moi orgullosos do noso nome. Queremos e pedimos que se restauren todas as accións, actividades e presenzas en xeral da xestión municipal, dentro e fóra do noso termo municipal, co nome de "Concello de Vigo". O capricho publicitario do noso alcalde, que pagamos todos os vigueses, ten que ter un freo que lle diga "xa está ben, baixe da súa pancarta", porque vostede é o capitán do barco pero ten unha tripulación á que debe respectar e ó parecer non o está a facer.

Non cremos que os que o votaron se sintan representados polo seu cartel e moito menos os 30.000 parados que ten esta cidade sendo vostede alcalde. Temos que lles explicar ós vigueses que os impostos que vostede ven subindo ano tras anos e que pagamos todos, hoxe debatémolos en parte neste Pleno, son os cartos que vostede utiliza para comprar e colocar carteis de "Alcaldía" por toda a cidade e en todos os sitios. Como lles pode explicar ós vigueses que é máis importante tirar o diñeiro en carteis que lle fan publicidade única e exclusivamente a vostede, en troques de destinalo a institucións que de verdade axudan nestes momentos ós que o están pasando mal e cada vez son máis necesitados de roupa, alimentos e acubillo, como tamén debatemos esta mañá aquí. Exemplos sobran e non os imos nomear: Banco de Alimentos, Irmáns Misioneiros, Comedor da Esperanza escandalízanse cada vez que constatan o malgasto que artella o goberno municipal e en particular o seu alcalde. Na situación actual na que vivimos o que vostede fai ten un nome: malgasto egocéntrico. As familias que o están pasando mal non se merecen nin entende como o seu alcalde se permite o

luxo de tirar diñeiro no seu propio beneficio político.

Como detalle e para rematar esta primeira intervención, teño que dicir que hai escasamente vinte e catro horas unha cidadá acudía ás nosas oficinas do Partido Popular cun carné dun equipo de fútbol do seu fillo. Preguntaba que como era posible que nese carné do equipo ó que pertence o seu fillo como deportista, puxera debaixo “Alcaldía”. Á señora non lle preocupaba que puxera “Alcaldía”, pero si quen pagaba e con que diñeiro se pagaba ese carné.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Vou intervir pouco nesta moción porque me parece realmente que a estas alturas a demagogia desta moción do Partido Popular é tremenda.

Din que os carteis os pagamos todos, que é un malgasto. Eu creo que deberían reter as súas mocións porque o que piden na moción é: retirar todos os carteis, rotulacións, pancartas e impresións onde figure a lenda “Alcaldía” e que se restaure...” O que están pedindo é máis gasto. Están pedindo que se retire todo o de “Alcaldía” e que se restaure coa lenda “Concello de Vigo” que é máis gasto.

Isto é exactamente o mesmo que vostedes fixeron na Xunta. Retiremos todos os carteis de “galescola” e poñámoslles “A galiña azul”, ou “A pita azul”, non lembro o termo exacto. É a mesma demagogia que vostedes utilizaron cando chegaron á Xunta de Galicia, cambiaron os libros de texto por estar en galego e gastaron exactamente 3.800.000 euros. Cando precisamente estamos falando de paro, de crise, de familias que o están pasando moi mal, esta moción é da demagogia máis absoluta posible.

En segundo lugar cremos que é lexítimo que calquera goberno municipal enfoque a súa liña de comunicación como coide pero non co malgasto, aí si coincido co Partido Popular, sobre todo en tempos de crise e si racionalizando esa comunicación que na maior parte dos casos nós opinamos que os gastos de comunicación dun goberno deben ir fundamentalmente enfocados nunha palabra clave que é información e non propaganda e Sr. Alcalde así lle pedimos que o faga dende o seu goberno,.

O Bloque Nacionalista Galego neste novo mandato vai utilizar algo que se chama abstención cando non estea de acordo nin cunha forza política nin coa outra.

Digo isto porque nos imos abster nesta moción pero que quede claro que non é por apoiar ó Partido Popular, nin por iren en contra do goberno municipal, senón porque non estamos de acordo coa demagogia do Partido Popular e nestes momentos, Sr. Alcalde, cando xa non hai dúas áreas gobernadas por dúas forzas políticas, cando xa toda a cidade sabe que se antes había un único goberno de dúas forzas, agora hai un único goberno dunha soa, cremos que non é necesario seguir remarcando o tema de “Alcaldía” porque non existe ningún tipo de competencia nin hai que lle explicar á cidadanía que hai dúas forzas políticas, agás que con isto de “Alcaldía” o que se queira é competir por riba dos seus propios concelleiros e concelleiras que coído que non é o caso.

O Bloque Nacionalista Galego vaise abster nesta moción en primeiro lugar porque cremos que este non é o problema máis importante que ten hoxe a cidade, se “Alcaldía” ou non “Alcaldía”, pero en segundo lugar porque tamén cremos que nestes momentos cun goberno único e en minoría é innecesaria esa diferenciación da Alcaldía co resto das áreas que forman un goberno do Concello de Vigo.

SR. LÓPEZ FONT: Sr. Bernárdez, como ben sabe en todos os concellos de España a política diríxela o alcalde e efectivamente é el o último responsable da política que se fai en todos os sectores. Pero lle quero lembrar que nos carteis non pon “Alcalde” ou “Sr. Caballero”, pon “Alcaldía” que é unha institución que ten trazos históricos, que se utiliza en moitos concellos, que se utilizou na cidade de Vigo e polo tanto desta demagogia que vostede fai sobre o tema personalista non hai absolutamente nada.

Nos catro anos anteriores a concelleira de Facenda nun debate que tiña con vostedes sobre orzamentos, dicía literalmente que estaba vostedes rabiosos e iso é o que lles pasa con este concepto de “Alcaldía”. Non hai ningún malgasto, Sr. Bernárdez, vostede non pode falar neste Pleno de malgasto en publicidade cando vostedes foron condenados pola Xunta Electoral por utilizar os diñeiros públicos en plena campaña electoral. Que nos veñen dicindo, Sr. Bernárdez cando vostedes tiveron que paralizar unha campaña? O que lles molesta a vostedes é que unha marca, porque se permite falar de marketing na súa moción, unha

definición foi ben aceptada polos cidadáns que aceptan perfectamente esta denominación e as eleccións demostrárono.

Pero hai un problema maior para vostedes que é que os carteis custan moi pouco, nada, menos dun euro cada un e detrás de cada cartel de “Alcaldía” que ven vostedes hai unha realización. Foron tantas as realizacións durante catro anos que mesmo vostede se ve obrigado a enumeralas. Iso é o que lles molesta a vostedes.

Nós non cuestionamos a legalidade nin fixemos desaparecer a marca “Concello de Vigo” de ningures. Somos moi respectuosos coas institucións, estamos no marco da legalidade. Evidentemente os cidadáns identifícanse con esa marca da que fala vostede porque houbo realizacións que é o máis importante.

É evidente que hai sinónimos e vostedes tivéronos. Unha persoa é concelleira e fai publicidade como concellería como fixo a Sra. Molares. Vostedes na “Gota de Leche” teñen un cartel que pon “Secretaría de Igualdade”. Maxino tamén que coñece a este señor que lle mostro neste cartel, como tamén maxino que o desautoriza vostede para dicir absolutamente nada neste Pleno cando pon “Presidencia”. Sabe por que pon aquí “Presidencia”? Porque hai moitos presidentes e aínda hai que distinguir ó Sr. Núñez Feijóo entre outros presidentes. Alcalde de Vigo só hai un. Esta moción é estritamente a moción da frustración por non acadaren a Alcaldía de Vigo. Non me fale de carnés de equipos de fútbol nin de nada. Nesta foto que teño dunha traiñeira pon “Presidencia”. Como se atreven vir dármonos leccións cando vostedes fan utilización das mesmas denominacións?

Pero hai algo máis importante. É vergoñento que vostedes teñan tres posibilidades de presentar mocións en cada Pleno e que este sexa un dos grandes problemas da cidade. Como non propón o Partido Popular, Sr. Bernárdez, que o hospital privado pase a ser público? Por que non presentan unha moción pedindo que no próximo orzamento da Xunta non haxa ningún recorte que afecte a esta cidade? Cando se van decatarse de que o presidente da Xunta, Sr. Núñez Feijóo, é o equivalente a un “ultra” anti-Vigo en termos futbolísticos e están a demostrar todos os días? Iso é o que é o Sr. Núñez Feijóo e os trece concelleiros, tal e como aconteceu no período anterior, o único que lle fan é a ola en contra da

cidade. Vostedes son concelleiros do Concello de Vigo e todo o dito é o que lle deben pedir ó Sr. Núñez Feijóo.

Déixense de parados. As políticas activas de emprego son competencia da Xunta e débenas defender.

SR. BERNÁRDEZ DE DIOS: Sr. Domínguez Olveira, non é unha restauración, non hai que quitar uns carteis e poñer outros. Non fai falla poñer outros porque no complexo de Samil o letreiro pon “Complexo de Samil-Concello de Vigo” dende hai máis de vinte anos. Non se trata de volver colocar a mesma cantidade de carteis.

Sr. López Font, estamos vacinados contra todo, gracias a Deus temos unha excelente galena no noso grupo, D<sup>a</sup> Teresa Cendón, que nos ten ó día. Pero non vou perder máis o tempo coas súas argumentacións, coas súas fotos. Eu non veño aquí con ningún tipo de cartel porque non fai falla. A factura que tivemos que pagar os vigueses polo capricho do seu alcalde nesta publicidade que única e exclusivamente o patrocina a el e non a cidadanía nin ó Concello de Vigo ascende a 1.000.000 de euros, 170.000.000 de pesetas, nós fixemos a conta con números e facturas . Fíxese vostede onde compran vostedes e onde compramos nós. Creatividade e confección de logo, por daren un dato: 25.000 euros. Carteis en valados de obra, paneis de obra, gravado en bancos, pancartas e lonas, camisetas e polos para equipos, para procesións, para o que todos coñecen xa; fondos de escenario, folletos, trípticos ou dípticos, impresións a cor en documentos, axendas, pulseiras, vinilos, carrozas, coxíns, carnés, romarías e ata necrolóxicas.

Por certo, cando falece un corporativo, Sr. Alcalde, o sentimento de pésame exprésase no nome do Concello de Vigo o que engloba a compañeiros, funcionarios e cidade. Respecte institucionalmente estes momentos porque a necrolóxica do noso compañeiro falecido recentemente, o ex-corporativo García del Valle, non merecía levar o selo de Alcaldía, é algo que dende o Partido Popular desprezamos. O Concello é todo o que lle acabo de dicir.

Esta é a súa forma de facer as cousas que o PP non comparte porque lles custa moito diñeiro ós cidadáns. Por iso traemos a votación a este Pleno que se retire

todo tipo de soporte de carteis co nome de “Alcaldía” e se restaure e se poña en valor con letras grandes o nome de “Concello de Vigo” polo que traballan todos os cidadáns e todos nós.

VOTACIÓN E ACORDO: Con once votos en contra dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, tres abstencións dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece votos a favor dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Bravo Bosch, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira e Relova Quinteiro, acórdase:

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo Popular, Sr. Bernárdez de Dios, instando a retirada dos carteis coa lenda “Alcaldía” e restitución da lenda “Concello de Vigo”, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

#### **4.A. MOCIÓN URXENTES**

##### **4.A.1. (196).MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOLICITANDO A MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL XERAL. EXPTE. 306/1101**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 6 de setembro, número 306/1101, a concelleira do grupo municipal do BNG, Sra. Veloso Ríos, formula a seguinte moción:

“Segundo a normativa fiscal en vigor no Concello de Vigo, a posibilidade de aprazamento/fraccionamento de débedas tributarias fixa como tope mínimo da débeda que se queira aprazar 400€ no artigo 41.3 da Ordenanza Fiscal Xeral, salvo naqueles supostos excepcionais nos que cabe reducir este importe, así como o número de mensualidades.

A actual situación de crise económica está tendo como consecuencia un elevado número de persoas que se atopan actualmente no paro, segundo os últimos datos da Consellería de Traballo hai 29.320 vigueses buscando emprego. Entendemos que neste contexto cómpre establecer mecanismos que alivien a presión fiscal sobre a cidadanía e faciliten o cumprimento das obrigas tributarias.

Por todo o exposto, propoñemos a adopción do seguinte acordo:

Aprazaranse ou fraccionaranse as débedas de contía inferior a 400,00€ ou por prazos superiores aos previstos e, en todo caso, durante os exercicios 2012 e 2013, nos presentes supostos:

- Cando a persoa debedora non teña ningunha fonte de ingresos durante como mínimo 6 meses.
- Cando a persoa debedora sexa desempregada de longa duración.
- Cando a persoa debedora teña unha renda inferior a dúas veces ao indicador público de renda de efecto múltiples (IPREM).

Os requisitos para a aplicación deste réxime excepcional serán determinados nunha circular da Concellaría de Facenda”.

DEBATE.- SRA. VELOSO RÍOS: Como xa anunciamos no debate que se produciu nos puntos relativos ás modificacións das ordenanzas fiscais, presentamos dende o Bloque Nacionalista Galego unha moción urxente referida precisamente á modificación da Ordenanza Fiscal Xeral que non estaba incluída como punto na orde do día porque non era modificada. Presentamos polo tanto esta moción para que se inicie por parte do goberno a modificación desta ordenanza que aquí propoñemos.

Segundo a normativa fiscal en vigor no Concello de Vigo a posibilidade de aprazamento ou fraccionamento de débedas tributarias fixa no artigo 41.3 da Ordenanza Fiscal Xeral, como tope mínimo da débeda que se queira aprazar 400 euros, agás naqueles supostos excepcionais nos que cabe reducir este importe, así como o número de mensualidades.

A actual situación de crise económica está tendo como consecuencia un elevado número de persoas que se atopan actualmente no paro. Segundo os últimos datos da Consellería de Traballo hai 29.320 vigueses e viguesas buscando emprego.

Entendemos que nun contexto coma este cómpre establecer mecanismos que



alivien a presión fiscal sobre a cidadanía e faciliten o cumprimento das obrigas tributarias.

Por todo isto propoñemos a modificación do devandito artigo 41.3 da Ordenanza Fiscal Xeral para que se redacte como segue: "Aprazaranse ou fraccionaranse as débedas de contía inferior a 400 euros ou por prazos superiores ós previstos e en todo caso durante os exercicios 2012 e 2013 nos presentes supostos: Cando a persoa debedora non teña ningunha fonte de ingresos durante como mínimo seis meses. Cando a persoa debedora sexa desempregada de longa duración. Cando a persoa debedora teña unha renda inferior a dúas veces ó Indicador público de renda de efectos múltiples, o IPREM. Os requisitos para a aplicación deste réxime excepcional serán determinados nunha circular da Concellería de Facenda".

Solicitamos que se considere a urxencia e que se aprobe esta moción para iniciar xa por parte do goberno a modificación correspondente da Ordenanza Fiscal Xeral co obxecto de atender tamén ás necesidades de alivio da presión fiscal por parte da cidadanía que nestes momentos se atopa en situacións económicas máis complicadas, derivadas fundamentalmente da alta taxa de paro que afecta á nosa cidade agora mesmo.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Estamos de acordo con esta moción. Como xa sabe durante os últimos catro anos dende este Concellería de Facenda foron moitas as medidas que se foron propoñendo neste sentido e polo tanto calquera outra medida que supoña unha certa atención especial a colectivos máis desfavorecidos, neste caso como consecuencia da crise, son benvidas.

Eu quero lembrar que hai precisamente uns anos fomos nós os que dixemos que non habería que presentar aval para realizar estes aprazamentos e fraccionamentos. Xa fixemos medidas neste sentido como a bonificación do 3% do IBI e así mesmo distintas medidas na exención do pagamento do lixo. Por exemplo fomos nós os que propuxemos que os vigueses e viguesas con baixo nivel de renda quedaran exentos do pagamento da taxa do lixo.

Pero neste caso de situación de crise atopámonos co problema de que como o nivel de renda que se contempla é o do ano anterior, resulta que igual nese ano anterior polo nivel de renda si que se tiña nivel de renda para facer fronte a este

imposto, pero que nestes momentos atópase a persoa nunha situación de paro e polo tanto neste ano non pode facer fronte ó pagamento do recibo. Como neste momento nos atopamos con estas situacións de que se consideramos o nivel de renda a persoa debería pagar a taxa do lixo, pero como está situación de paro nestes momentos a renda non é suficiente para facer fronte a esa taxa, estamos de acordo con esa medida.

Votamos que si a esta moción.

SRA. VELOSO RÍOS: Unha vez que por parte do goberno se nos anuncia que se vai aceptar esta moción, sinxelamente felicitámonos de que se inclúa unha medida máis que favoreza a situación das persoas con especiais dificultades económicas e instar ó goberno a que poña en marcha todo o procedemento o máis axiña posible.

(No momento das votacións está ausente o concelleiro do Grupo Popular, Sr. Fidalgo Iglesias).

VOTACIÓN DA URXENCIA: Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, ó se acadar a maioría absoluta esixida polo artigo 51 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local aprobado por real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, e artigo 83 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por real decreto 2568/86, do 28 de novembro, apróbase a declaración da urxencia.

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do Grupo municipal do BNG, Sra. Veloso Ríos, relativa á modificación da ordenanza fiscal xeral e, xa que logo, instar ao Goberno municipal a tramitación dun expediente de modificación da ordenanza fiscal xeral, establecendo unha nova redacción do artigo 41.3 no

seguinte sentido:

Aprazaranse ou fraccionaranse as débedas de contía inferior a 400,00€ ou por prazos superiores aos previstos e, en todo caso, durante os exercicios 2012 e 2013, nos presentes supostos:

- Cando a persoa debedora non teña ningunha fonte de ingresos durante como mínimo 6 meses.
- Cando a persoa debedora sexa desempregada de longa duración.
- Cando a persoa debedora teña unha renda inferior a dúas veces ao indicador público de renda de efecto múltiples (IPREM).

Os requisitos para a aplicación deste réxime excepcional serán determinados nunha circular da Concellaría de Facenda.

#### **5.- (197).-FORMULACIÓN DE ROGOS.**

Non se formularon

#### **6.- (198).- FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.**

- \* PREGUNTA DO SR. ALONSO PÉREZ, DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG. RELATIVA Á INTERVENCIÓN DOS TRABALLADORES DE LINORSA PERANTE O PLENO.

SR. ALONSO PÉREZ: En primeiro lugar aclarar que dende o BNG coidamos que os Plenos se deben desenvolver dentro dunhas normas de comportamento. Dito isto quero dicir que dende o BNG tamén coidamos que dende o goberno non se están tomando as decisións axeitadas para solucionar o conflito de LINORSA e así evitar os continuos problemas a que está sometido este Pleno.

Cremos que os representantes das traballadoras deberon intervir no Pleno anterior como solicitaran en tempo e forma.

Queremos saber as razóns de por que, tendo solicitado as traballadoras de LINORSA por escrito a súa comparecencia e estando regulada esta intervención

no Pleno, por que non interviñeron?

En segundo lugar queremos saber cales son as dificultades que ten o goberno para se facer respectar e que os acordos asinados, onde aparecen os do Sr. Rodríguez Díaz e do Sr. López Font, coa empresa e cos representantes dos traballadores para que eses acordos se leven á práctica.

\* PREGUNTA DO SR. ALONSO PÉREZ, DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, REITERANDO PREGUNTA EFECTUADA EN PLENO ANTERIOR RELATIVA ÁS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DA ETEA.

SR. ALONSO PÉREZ: No Pleno anterior eu mesmo fixen unha pregunta interesándome e preguntando por que aínda non se puxeran en servizo as instalacións deportivas da ETEA e cales eran as razóns.

Contestóuseme que recibiría a resposta por escrito e pasou máis dun mes, estamos no seguinte Pleno e descoñecemos a razóns de por que non se puxeron en marcha as instalacións deportivas da ETEA.

A PRESIDENCIA: Lamentamos esta dilación da contestación á pregunta sobre a piscina da ETEA. Seralle contestada exactamente igual que as dúas preguntas anteriores por escrito.

\* PREGUNTA FORMULADA POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SRA. VELOSO RÍOS, RELATIVA AO ESTADO DO LOCAL NA RÚA ECUADOR CEDIDO Á AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAIIS.

SRA. VELOSO RÍOS: Temos tamén unha pregunta por parte do Bloque Nacionalista Galego referida á comunicación que nos fan dende a Agrupación de Centros Deportivos e Culturais que están utilizando agora mesmo a través dunha cesión municipal un local municipal na rúa Ecuador que está sufrindo graves filtracións de auga dentro do local, sobre todo logo da tormenta que se produciu a finais do mes pasado na nosa cidade que provocou que entrase unha gran cantidade

auga. Houbo unha visita por parte dun inspector municipal que comprobou e constatou nun informe, nun parte de inspección que había unha gran cantidade de auga que entra dende o exterior e humidades. Pero este é un problema do que xa foi informado o Concello por escrito a través do Rexistro Xeral en novembro de 2009 e agora agravouse o problema porque no seu momento non se puxo ningún tipo de solución.

Cando se solicitou por parte da Agrupación de Centros Deportivos e Culturais unha inspección deste local, en novembro de 2009, como ben lles digo, e si houbo unha revisión case un ano despois, en xullo de 2010, na que se certifica que hai filtracións, que se deben a unha deficiente impermeabilización e á antigüidade do edificio e que as filtracións veñen dunha praza que está situada enriba do edificio de titularidade municipal que se lle cedeu á Agrupación.

Gustaríanos saber se este goberno ten pensado tomar algún tipo de medida para solucionar este problema que cada vez é máis grave e como é lóxico entendemos que se vai agravar sobre todo coa chegada do inverno e das chuvias.

Solicitamos ademais tamén que se nos dea unha resposta por escrito sobre os trámites que se realizaron ou que está previsto realizar dende os departamentos que teñan a competencia porque tamén é certo que sistematicamente este asunto se foi trasladando dun departamento a outro sen que se puxese solución.

A PRESIDENCIA: Moitas gracias, Sra. Veloso, contestaráselle por escrito.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás once horas e corenta e cinco minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv/rs.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.